

CRA RAÍÑA ARAGONTA



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO

24-25



ÍNDICE

1.CONTEXTUALIZACIÓN DA P.X.A.....	2
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	13
3.REVISIÓN DALGÚNS ASPECTOS DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.....	14
4. HORARIOS E CRITERIOS PEDAGÓXICOS.....	15
6. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	22
7.ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.....	23
8.PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO ...	38
9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS E COLEXIADOS E DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	40
10.PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	41
11.PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	45
12. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	52
13. HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS E NAIS POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO	53
14.PLANO DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS.....	53
15.PLANO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	56
16. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR	57
17.LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES	57
18. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	58
19.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	58
ANEXOS 1	60
ANEXOS 2.....	136

1.CONTEXTUALIZACIÓN DA P.X.A

O Colexio Rural Agrupado (CRA) *Raiña Aragonta* foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias. Dita proxecto foi previamente votado e resolto a favor por parte das nais e pais e obtivo o correspondente beneplácito do Concello de Salceda de Caselas.

O nome escollido para o Centro fai referencia a unha raíña chamada Aragonta que tras ser repudiada polo rei Ordoño II funda nestas terras no ano 914 un mosteiro dúplice para permanecer nel o resto dos seus días. Este mosteiro, que seguiu a regra de San Benito, foi chamado Santa María de Salceda, nome que da orixe ao topónimo deste concello.

O Colexio Rural Agrupado (CRA) "RAIÑA ARAGONTA" atópase no Concello de Salceda de Caselas. A sede do CRA no que están as aulas de "Esfarrapada" están no núcleo urbano do Concello de Salceda e as restantes seis aulas en diversas parroquias do rural do concello.

O centro escolariza fundamentalmente a alumnas e alumnos da zona de influencia. Ao longo do curso o número de matrícula pode variar xa que se trata dun concello con moita mobilidade na súa poboación, pero cos datos do inicio do curso 2024/2025 contamos cun total de 194 nenas e nenos.

O noso CRA é un centro de escolarización preferente TEA e no que todas as persoas teñen cabida xa que entendemos a diversidade como unha oportunidade de enriquecemento colectivo.

No centro impártese en xornada continuada o segundo ciclo de Educación Infantil funcionando actualmente 14 unidades de Educación Infantil distribuídas do seguinte modo:

AULAS DE ESFARRAPADA

3 AULAS

3 ANOS

3 AULAS

4 ANOS

2 AULAS

5 ANOS

AULA DE BARREIRO

1 AULA

3,4,5 ANOS

AULA DE A LOMBA-BUDIÑO

1 AULA

3,4,5 ANOS

AULA DE ENTENZA

1 AULA

3,4,5 ANOS

AULA DE FONTAN

1 AULA

3,4,5 ANOS

AULA DE PICOÑA

1 AULA

4,5 ANOS

AULA DE SAN XURXO

1 AULA

3,4,5 ANOS

1.1. ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

- **Aspectos xeográficos.**

O concello de Salceda de Caselas atópase na parte meridional da provincia de Pontevedra, encadrado xeograficamente na bisbarra do Baixo Miño. Limita polo norte co concello de Pontearreas, polo sur co de Tui, polo leste co de Salvaterra do Miño e polo oeste co do Porriño. Parte do seu territorio, as zonas norte, oriental e meridional, podémolo adxudicar á comarca do Condado, mentres que a zona

occidental forma parte da Louriña.

Trátase dun concello pequeno cunha extensión de trinta e seis quilómetros cadrados e unha poboación que se aproxima cada vez máis aos 10.000 habitantes. Nos últimos anos continúa a experimentar un elevado incremento.

Dito concello divídese en sete parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, a que a súa vez constitúe o único núcleo urbano do municipio, adscrito á parroquia de Santa María de Salceda. Conta ademais coas parroquias de Parderrubias, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Soutelo.

A climatoloxía é semellante á da comarca do Condado, caracterizada por uns valores térmicos temperados, precipitacións relativamente frecuentes, névoas e xeadas no inverno. Todo isto inflúe nos cultivos e na súa configuración forestal.

▪ **Aspectos socioeconómicos**

Salceda nos últimos tempos experimentou un gran crecemento.

Por todo isto, a meirande parte da poboación inscríbese nunha economía de emprego en diferentes sectores, dada a proximidade dos polígonos industriais de Vigo e Porriño. Do mesmo xeito, cada vez son máis as pequenas empresas familiares que se abren camiño neste concello, grazas sobre todo ao incremento da poboación. Nun segundo plano queda a explotación agraria, a cal está máis ben asociada ao abastecemento familiar.

Tendo en conta o arriba sinalado, o nivel económico é medio, podendo oscilar dunhas familias a outras.

▪ **Aspectos culturais**

A multiplicidade de poderes nobiliarios ao longo da historia deste concello foi a que permitiu o asentamento e construción dos notables pazos e casas brasonadas que actualmente converten ao concello de Salceda de Caselas nunha auténtica *Terra de Pazos*, os cales salpican as distintas parroquias. Cabe destacar o da Picoña por ser un dos máis fermosos de Galiza, así como o de Pegullal, Avalor,

Budiño e Corisca.

No concello de Salceda de Caselas existe unha gran inquedaanza pola cultura autóctona, polo que a participación nas festas populares e culturais é moi ampla. Nestes últimos anos está dándose a coñecer en toda Galiza cunha festa gastronómica adicada aos callos celebrada a principios do mes de setembro.

Cabe destacar tamén a importancia que neste concello se lle outorga á música e o prestixio de que goza a súa Banda Municipal. De feito, nestes últimos anos a Escola de Música en colaboración co Concello está organizando cursos e concertos de verán orientados á formación musical dos máis novos.

O Entroido en Salceda de Caselas posúe un interese tamén moi salientable. As comparsas das distintas parroquias son cada ano máis elaboradas e os desfiles atraen a numerosas persoas de dentro e fóra do concello. Esta festa vívese con moitísima entrega por parte da veciñanza, moitos da cal participa directamente na elaboración dos disfraces e carrozas. Resulta especialmente interesante o denominado *pique*, que fai referencia a o encontro das carrozas e comparsas de dous barrios veciños da parroquia de Santa María: Barreiro e A Feira, un dos cales será o gañador.

Por outra banda, a vida cultural das distintas parroquias é moi fluída debido á existencia de centros culturais que facilitan a participación da veciñanza en distintas actividades: teatro, biblioteca, música popular, canto coral, inglés, informática...

1.2. MARCO LEGAL

Na elaboración da PXA rexémonos pola normativa desenvolta no país a través das Leis Orgánicas e Reais Decretos concretados na nosa Comunidade Autónoma a través de diversos Decretos, Ordes Ministeriais e Circulares.

Actualmente tomamos como referencia a seguinte normativa:

1. MARCO CONSTITUCIONAL

- Constitución Española, do 27/12/1978.

- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. LEIS EDUCATIVAS E DE CARÁCTER XERAL

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia

3. NORMATIVA XERAL

- Decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de Xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (Dinamizacións).
- Orde do 26 de xullo de 2022 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.
- ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- ORDE do 6 de outubro de 2023 pola que se dá continuidade ao programa de innovación educativa Polos creativos e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes desta consellería e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para os cursos 2023/24 e 2024/25.
- Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.
- ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

4. REQUISITOS MÍNIMOS DOS CENTROS

- Real decreto 132/2010, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas no segundo ciclo de EI, na EP e na Educación Secundaria.

5. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (ROC)
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente a Orde do 22 de xullo de 1997.
- RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. ESCOLARIZACIÓN DE ALUMNOS

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C)

7. ENSINANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO

- Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

8. AVALIACIÓN CURRICULAR

- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

9. ORIENTACIÓN EDUCATIVA

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada no decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se

imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Real decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 27/2007 de 23 de outubro pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio a comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

12. ATENCIÓN TEMPERÁ

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de Atención Temperá.

13. ACCESIBILIDADE, NON DISCRIMINACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro que regula a eliminación de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de Novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

- Lei 11/2007, do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020

14. AUTOPROTECCIÓN DE CENTROS

- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde de 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional.

15. Resolucións e instrucións para o curso 24-25

- Resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024/25.
- RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.

Teranse en conta ademais os últimos Protocolos publicados pola consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Acadar un clima de cordialidade que permita un bo desempeño do noso traballo.
- 2.- Avanzar dende a individualidade a un concepto máis amplo de cooperación do que participe todo o equipo docente do Colexio Rural Agrupado co obxecto de que este adquira pleno sentido.
- 3.- Acadar un nivel de comunicación co centro de primaria receptor do noso alumnado, suficiente para establecer unhas bases sobre as que establecer unha eficiente coordinación da que poidan beneficiarse as alumnas e os alumnos.
- 4.- Conseguir unha boa adaptación do alumnado á realidade escolar.
- 5.- Avanzar nas diferentes competencias básicas.
- 6.- Educar na nosa lingua potenciando e fomentando o seu uso dentro e fóra do Centro.
- 7.- Continuar a aproximar ao alumnado a lingua estranxeira inglesa.
- 8.- Participar en plans e proxectos de innovación educativa: Plan Proxecta.
- 9.- Potenciar o traballo por proxectos e traballo cooperativo.
- 10.- Participar en actividades promovidas dende a biblioteca co fin de cumprir os requisitos esixidos na convocatoria do PLAMBE.
- 11.- Educar para a convivencia fomentando boas relacións persoais, o respecto pola nosa escola e o entorno natural.
- 12.- Impulsar o emprego das novas tecnoloxías e a robótica dentro do eido da

educación.

13.- Favorecer o desenvolvemento das competencias das nenas e dos nenos con necesidades educativas especiais nun ámbito plural e de igualdade, facendo fincapé no desenvolvemento dos aspectos sociais e afectivos.

14.- Concienciar, sensibilizar, motivar e incentivar o interese de toda a comunidade educativa polo alumnado con NEAE, especialmente alumnado TEA por ser un centro de escolarización preferente neste ámbito.

15.- Comunicar e participar das experiencias e das problemáticas plantexadas nos outros Colexios Rurais Agrupados de Galicia.

16.- Revisar e actualizar a documentación do centro en base á nova normativa.

17.- Coidar o sentido estético do centro.

18.- Fomentar a participación activa das familias a través de xornadas de portas abertas, realización de actividades nas aulas ao longo de todo o curso, ou mediante reunións periódicas.

3.REVISIÓN DALGÚNS ASPECTOS DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

O CRA Raíña Aragonta foi seleccionado no plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2020-2021, e continuamos a formar parte deste plan no actual curso escolar.

Durante o curso escolar 2019-2020 levouse a cabo a apertura de Biblioteca escolar ás familias e alumnos/as os martes de 16:00 a 17:00 horas coa finalidade de realizar préstamo de libros; este curso, retomamos dito horario e será a biblioteca

o lugar onde se realice ese préstamo. Tamén ampliamos o horario de apertura para préstamo ás familias dos xoves que pasa a ser de 16:45 a 17:45.

No horario do equipo docente aparecen ademais dúas horas complementarias fixas os martes pola tarde para poder levar a cabo as reunións dos equipos de ciclo e outros órganos de coordinación así coma un período previo e posterior á actividade lectiva segundo o aprobado polo claustro con data de dous de setembro de 2024.

O PFPP do centro atópase vixente por 3 cursos máis. As liñas de traballo está actualmente en valoración de cara a determinar que ámbitos de formación incluír para o presente curso así coma a persoa coordinadora do PFPP e das correspondentes liñas que se establezan.

Por último indicar que as actividades extraescolares propostas pola ANPA As Landras continúan a ser de 16:30 a 17:30 de luns a xoves co que corresponde establecer gardas de tarde por parte do profesorado no horario de 16:30 a 18:00 horas de xeito rotativo entre os membros do claustro. As actividades extraescolares ofertadas pola ANPA desenvolveranse entre os meses de outubro e maio. Caberá a posibilidade de que, logo da autorización da dirección do centro, os posibles festivais/actuacións de peche destas actividades poidan realizarse no mes de xuño.

A metodoloxía de traballo do centro continúa a ser a de traballo por proxecto mais logo da valoración levada a cabo nos tres últimos anos consideramos conveniente non circunscribir o traballo de todo o curso a unha tarefa explícita senón que sexa o equipo docente o que decida ao longo do curso que actividades son susceptibles de se incorporar á tarefa final que conleva a metodoloxía dos PDI.

4. HORARIOS E CRITERIOS PEDAGÓGICOS

HORARIO XERAL

Neste curso escolar contamos con xornada única de mañá sendo o horario de clases de 9:15 a 14:15 horas.

As aulas de Esfarrapada contarán cunha entrada e saída escalonada para garantir unha entrega personalizada do alumnado destas aulas. Os grupos de 6º accederán ao centro ás 9:15 e sairán ás 14:05. Os grupos de 5º accederán ao centro ás 9:20 e sairán ás 14:10. Os grupos de 4º accederán ao centro ás 9:25 e sairán ás 14:15. Os/As mestres/as responsables da recollida do alumnado agardarán no lugar de entrada ata que sexa momento de acceder do seguinte grupo.

Ao longo desta xornada de cinco horas facemos distintas actividades para conseguir o desenvolvemento dos distintos obxectivos como:

- ✓ Acollida dos nenos e nenas.
- ✓ Asemblea e nomeamento de axudantes do día.
- ✓ Presentación e traballo sobre o tema que nos ocupa no proxecto.
- ✓ Xogo por recunchos.
- ✓ Merenda e patio.
- ✓ Relaxación.
- ✓ Lectura e dramatización dun conto.
- ✓ Traballo con materiais manipulativos.
- ✓ Actividades de robótica.
- ✓ Actividades medioambientais.
- ✓ Actividades de psicomotricidade, relaxación e ioga.
- ✓ Actividades de expresión musical e danza.
- ✓ Uso das novas tecnoloxías, tablets, Paneis dixitais interactivos, EDI.
- ✓ Medidas de hixiene, limpeza e desinfección.

Ao longo da xornada escolar, adícase un tempo as merendas dos nenos/as dentro da aula e un recreo de 30 minutos.

Continúa un anos máis a organización dos espazos e tempos de lecer para as aulas de esfarrapada. Os mestres/as farán gardas de recreo nas zonas asignadas que rotarán ao longo do curso. Continúa a posibilidade de acudir os días de choiva ao

ximnasio e aos recunchos do corredor da planta baixa. Cada aula terá unha zona asignada. Esta distribución poderá variar ao longo do ano en base á avaliación que se leve a cabo do uso destes espazos por parte do equipo docente e das necesidades do centro por parte do equipo directivo.

Nas aulas das parroquias o recreo comprende desde ás 11:30 ás 12:00, a variación destes horarios ven derivada da condición de itinerancia dos/as mestres/as especialistas e dos apoios no noso centro, precisamente por ser un CRA. Queda a elección dos titores/as, adicar outro pequeno espazo da mañá a actividades lúdicas ou de lecer, tendo en conta que as idades do noso alumnado comprenden dos 3 aos 6 anos, tendo en conta sempre o establecido na normativa.

Tamén os martes á tarde os pais e as nais das alumnas e dos alumnos poderán ser atendidos polo profesorado en horario de 16:00 a 17:00 horas. A atención será de forma presencial. Para outras formas de atención deberá solicitarse previamente. Será o/a mestre/a o que, en base á dispoñibilidade da/s familia/s, deba establecer a mellor opción posible para cada caso. En todo caso, no suposto de non chegar a acordo entre o/a mestre/a e a familia as reunións serán presenciais.

QUENDAS DE VIXILANCIA NOS RECREOS

Polas características do noso Centro, nas aulas de parroquia, será a titora ou mestre responsable de aula o encargado de facer a vixilancia do patio de recreo. No caso das aulas de Esfarrapada, cada mestre/a terá asignada unha zona de vixilancia do patio incluído o corredor da planta baixa conxuntamente cos baños.

- Horarios de patio

Non se establecen limitacións ao horario habitual no patio.

Establécese a zona da pista 2 da sede como zona de merenda para os grupos de sede para garantir unha adecuada limpeza das zonas de recreo.

5. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

A) Profesorado

O CRA Raíña Aragonta neste curso 2024/25 está composto por 26 mestres/as que están asignados da seguinte forma:

PERSOAL DOCENTE								
E. INFANTIL	E. MUSICAL	E. FISICA	RELIXIÓN CATÓLICA	LINGUA EXTRANXEIRA	P.T.	A.L.	ORIENTADOR	TOTAL
17	1	1	2	1	1	1	2	26

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA						
Definitivo	Comisión Servizos	Intercambio Provisional	Provisional	Funcionario/a prácticas	Interino	Relixión
20	1	1	0	1	1	2

Contamos tamén con dous Auxiliar Técnico Educativo para a atención dunha parte do alumnado con NEAE que así o establezan os informes oportunos.

PERSOAL NON DOCENTE	
Coidador ou coidadora	Conxerxe
2	1 para a sede do CRA compartido co CEP Altamira.

B) Organización do centro

O Centro está composto por órganos de goberno e órganos de coordinación docente.

Os **órganos de goberno** subdivídense en dous grupos, os unipersoais (o Director, a

Xefa de Estudos e a Secretaria) e os Colexiados (o Consello Escolar e o Claustro). O Claustro do noso Centro está constituído por 23 mestres e mestras e o Consello Escolar na actualidade estará formado polo Director, a Xefa de Estudos, a Secretaria (con voz pero sen voto), 5 representantes de mestres e mestras, 5 representantes de pais e nais (entre os cales, un membro é representante da ANPA), 1 representante de persoal de administración e servizos, e 1 representante do concello .

ÓRGANOS DE GOBERNO		Compoñentes
Órganos unipersonais	Director	1
	Xefa de Estudos	1
	Secretaria	1
Órganos Colexiados	Claustro	23
	Consello Escolar	15

Os **órganos de coordinación docente** no noso Centro están compostos polos seguintes equipos:

- Equipo de Ciclo: formado pola coordinadora e 22 membros.
- Equipo de Dinamización da lingua galega: composto por 3 integrantes, entre eles a coordinadora.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: constituído por 1 integrante e a coordinadora.
- Titoras: 14 titoras de Educación Infantil.
- Departamento de Orientación: formado polos dous orientadores/as, mestra de Audición e Linguaxe, mestra de Pedagogía Terapéutica e Coordinadora de Ciclo.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica: composto polo Director, a Xefa de estudos, a Coordinadora de Ciclo, o/a xefe do D.O., as mestras de apoio á atención de alumnos con NEAE (PT, AL), a coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega, a coordinadora de biblioteca (debido ao PLAMBE) e actuará como secretario/a un membro da comisión designado polo director, oídos os restantes membros.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	COMPOÑENTES
Equipo de Ciclo	23
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	2
Equipo de Dinamización da lingua galega	3
Titoras	14
Departamento de Orientación	5
Comisión de Coordinación Pedagóxica	7

C) Alumnado

O Centro consta neste momento de 194 alumnas e alumnos matriculados, número que pode variar ao longo do curso escolar. O alumnado está distribuído da seguinte forma:

AULAS	4° Ed Infantil	5° Ed Infantil	6° Ed Infantil	TOTAL
BARREIRO	3	6	4	13
BUDIÑO	1	5	1	7
ENTENZA	3	1	3	7
ESFARRAPADA	44	45	43	133
FONTÁN	4	3	2	9
PICOÑA	0	3	9	12
SAN XURXO	4	5	5	14
TOTAL	58	69	67	194

5.2.SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Actualmente nas instalacións do CRA foron solucionadas algunhas das solicitudes que se lle fixeron ao Concello en cursos pasados.

No tocante á sede do CRA están pendentes pequenas reparacións, melloras e mantementos que se levarán a cabo ao longo do presente curso escolar debido a que non foi posible realizalas no parón de verán.

Respecto da problemática asociada ás elevadas temperaturas que se acadan dentro das aulas da Sede, especialmente as aulas orientadas cara o sur situadas no primeiro andar, nos primeiros meses do curso escolar procederáse a instalar lamas de protección solar na parte superior da cristaleira do corredor do primeiro andar. Unha vez se leve a cabo esta mellora e se observe o seu efecto se analizará a posibilidade de instalar máis lamas ou solicitar outras medidas.

Tamén continuamos solicitando que se axilicen os trámites respecto da contratación dunha nova empresa de limpeza para poder contar o antes posible cunha empresa que garanta unha axeitada limpeza da sede.

O concello informou que se volverá a contar cunha limpeza de media mañá nos baños da sede como se facía en cursos anteriores.

Seguimos solicitando que se realice unha limpeza trimestral exhaustiva nas

instalacións da sede do CRA así como nas aulas de parroquias.

Tamén solicitamos que se faga mantemento periódico dos caleiros xa que se trata dunha medida necesaria para evitar a súa rotura. O centro continuará asumindo a súa mellora coa posible reposición dun novo tramo neste curso escolar se o orzamento o permite.

Nas aulas de parroquia cabe destacar que se levaron a cabo diferentes melloras nalgunhas das aulas, quedando a maior parte das demandas resoltas e algunhas solicitudes sen rematar. Solicitamos se de remate neste curso escolar á reforma da aula de San Xurxo dado que xa son varios curso os que se leva realizando co conseguinte malestar para a comunidade educativa desta aula.

Ademais debemos deixar constancia que contamos coa colaboración do concello para o transporte de materiais á vivenda de Picoña (que continúa a ser o único lugar co que conta o centro como almacén este curso, pero que carece das condicións correctas para que non se estropee o material. Tratarase de solicitar ao concello unha alternativa viable a este espazo) así como, o almacenamento de mobiliario no almacén do concello e desprazamento de materiais puntuais ás aulas de parroquias.

Ao longo deste curso, desde a dirección do centro, continuarase a dar traslado ao concello, de todas aquelas obras de mantemento que se consideren de especial relevancia, así como se trasladarán todas as solicitudes que nos fagan chegar as diferentes titoras das aulas, no que respecta a melloras e mantemento das instalacións. Solicítase que as obras ou arranxos de primeira necesidade se solucionen na maior brevidade posible. Ademais tamén se terá en conta a guía publicada pola consellería respecto do mantemento dos edificios de uso educativo.

6. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Durante o presente ano académico, o profesorado do centro participará individualmente en cursos e actividades ofertadas por diferentes organismos (CFR, Consellería, Universidades, asociacións pedagóxicas,...) en base ás súas

necesidades individuais de formación.

Durante este curso o PFPP será concretado coas liñas de formación que o profesorado acorde. As persoas coordinadoras tanto do PFPP coma das diferentes liñas están pendentes de nomear unha vez se estableza os ámbitos sobre os que se quere recibir formación.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

7.1. XUSTIFICACIÓN

O Plan de Orientación, pretende dar resposta á demanda lexislativa xa que a normativa establece un marco para a atención educativa personalizada como garantía de igualdade de oportunidades.

Na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establécese o novo marco no que se van a desenvolver todas as accións educativas, incluída por suposto, a labor orientadora.

Así mesmo, recoñécese a diversidade de cada alumno e salientase a necesidade de recoñecer as capacidades e habilidades de cada neno e nena. Ao mesmo tempo, destaca a importancia da educación como facilitadora do desenvolvemento persoal e integración social.

O Plan de Orientación xorde tamén da realidade escolar do noso centro, tratando de cumprir os seguintes principios:

- A orientación é un dereito do alumnado que se debe ofrecer ao longo de toda a escolaridade.
- O ámbito de intervención vai máis aló do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para abranguer a toda a poboación escolar e adaptarse a súa diversidade, sen esquecer os restantes membros da comunidade: a familia, o profesorado e a contorna social.

- A orientación debe ser unha tarefa colaboradora entre os distintos profesionais implicados que optimice a utilización dos recursos internos e externos existentes.
- O profesional da orientación debe asumir o rol de dinamizador do contexto socio - educativo, e o Departamento de Orientación, debe garantir que esta forme parte esencial da actividade educativa e que se establezan vías de asesoramento permanente ao alumnado e aos demais membros da comunidade educativa.

Este é un plan que tenta ser global, organizado, planificado e claro. Pretende ser coherente coa realidade do noso centro e con todos os documentos de organización e xestión do centro, servindo deste xeito, como punto de referencia estable do profesorado, vertebrando as actuacións ao longo do curso e dando continuidade ás mesmas en cursos sucesivos.

É un plan flexible, aberto, revisable e modificable o cal permite acoller calquera necesidade que poida aparecer, tendendo sempre á mellora e á calidade educativa.

7.2. CONTEXTUALIZACIÓN

Características do alumnado

O noso CRA é un centro inclusivo onde todas as persoas teñen cabida independentemente das súas características. Entre todos as nenas e nenos escolarizados na escola, cabe destacar a presenza de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de diversa índole: alumnado estranxeiro, alumnado con retraso madurativo, alumnado con dificultades da linguaxe (Retraso Simple da Linguaxe, Trastorno Específico da Linguaxe,...), alumnado con alteracións da fala (retrasos na adquisición e desenvolvemento da fala, dislalias e disfemia), alumnado con trastornos xerais do desenvolvemento (Trastornos no Espectro Autista), así como, alumnado con condicións socio-familiares desfavorables.

Indicar que o centro continúa a contar no curso actual coa praza de PT concedida no curso 2019-2020 a través do concurso específico de mérito convocado pola Orde de 10 de xuño de 2019 de postos de escolarización a alumnado de atención preferente. Este curso escolar é o último curso asignado á citada orde.

Características do Departamento de Orientación

De acordo co Decreto 120/1998 do 23 de abril, constituíuse por primeira vez no CRA o Departamento de Orientación no curso 2008/2009.

Con data de 24 de setembro de 2024, modifícase en sesión do D.O. a composición do mesmo, quedando organizado para o curso 2024/2025 do seguinte modo:

- Xefe do Departamento: D. Damián Varela Sánchez.
- Orientadora compartida co CEP Altamira: Mónica Outeda Arribas.
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe: Dna. Laura Villaverde Álvarez.
- Especialista Pedagogía Terapéutica: Dna. Lorena Fernández González.
- Coordinadora de ciclo: Dna. Judit Vieira Vicente.

7.3. OBXECTIVOS XERAIS

Obxectivos referidos ao centro:

- Colaborar na elaboración e revisión dos diversos documentos do centro: Proxecto Educativo (PE), Concrecións Curriculares e Programacións Didácticas.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Colaborar na promoción da convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro, co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, prestando especial atención aos que presentan necesidades específicas.

Obxectivos referidos ao alumnado:

- Identificar as dificultades e potencialidades das alumnas e dos alumnos, o máis cedo posible, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social e posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado.
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar buscando a maior normalización posible.
- Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e da acción tutorial con fins preventivos, compensadora e de desenvolvemento persoal.
- Elaborar, para aqueles alumnado que o requira segundo estableza a normativa, os documentos de adaptación específicos de medidas de seguridade.

Obxectivos referidos ao profesorado:

- Establecer canles e pautas de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen coas alumnas e cos alumnos con NEAE.
- Coordinar a actuación dos mestres titores ou das mestras titoras, a mestras de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica e mestres de apoio co orientador, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Colaborar no proceso de avaliación educativa, formativa e continua de cada grupo de alumnos, así como informar ás súas familias.
- Colaborar co profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Apoiar na actuación do profesorado, asesorando e proporcionando información sobre recursos, medios, materiais e estratexias metodolóxicas, que poidan favorecer a súa labor docente.

Obxectivos referidos ás familias:

- Fomentar a participación das familias e implicalos no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.

- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa das súas fillas e dos seus fillos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades específicas.

7.4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Os diversos obxectivos sinalados no apartado anterior dan lugar a tres grandes bloques de actuación ou acción prioritarias, todas elas, relacionadas entre si. Consideramos que a acción titorial é o eixo sobre o que xira o modelo de orientación no noso sistema educativo. Sinalamos a continuación os tres grandes bloques:

- Actuacións que teñen como eixe nuclear o Plan de Acción Titorial (PAT).
- Actuacións que teñen como obxecto a "Atención á diversidade" (Plan Xeral de Atención á diversidade).
- Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos (Plan de Convivencia).

7.5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As accións prioritarias sinaladas no apartado anterior concrétanse nas seguintes estratexias de intervención e traballo para o curso 2024/2025 do seguinte modo:

Plan de Acción Titorial

- Programa de acollida e período de adaptación.
- Programa de estimulación da linguaxe oral (P.E.L.O.).
- Programa de detección temperá de posibles dificultades.
- Protocolo de actuación para o ANEAE por parte do orientador.
- Programa de avaliación de desenvolvemento madurativo en alumnas e alumnos de 6º nivel de Educación Infantil.
- Programa para a transición das alumnas e dos alumnos de 6º curso de Educación Infantil ao centro de primaria que corresponda.

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Concrétase de xeito anual e incorpórase á PXA.

Protocolo de actuación do alumnado con necesidades específicas de apoio

educativo

1. Avaliación de necesidades. Para xestionar as demandas de avaliación por parte do orientador, o/a titor/a interesado/a debe cumprimentar unha ficha (segundo o modelo "Solicitud de avaliación orientadora"), e entregala á xefatura de estudos.
2. A xefatura de estudos rexistrará, polo procedemento que estime axeitado, as solicitudes e as remitirá ao orientador.
3. O orientador realizará unha síntese valorativa e comunicará as conclusións e orientacións pertinentes ao/á titor/a. De ser necesario unha intervención específica, o orientador comunicará á xefatura de estudos as decisións adoptadas e ámbolos dúas organizarán o horario de atención específica.
4. No caso de que a alumna ou o alumno, reciba apoio ou reforzo educativo, a familia será informada e deberá cumprimentar a correspondente autorización (segundo modelo "Comunicación á familia").
5. Os profesionais implicados no programa de intervención específico, coordinaranse na súa actuación establecéndose o calendario de reunións (como mínimo unha vez cada trimestre).
6. Os mestres especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, avaliarán o grao de consecución dos obxectivos previstos para o alumnado con NEAE, e comunicarán, mediante informe (segundo modelo) os resultados ao titor ou á titora e ao orientador.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade conta co fluxograma a seguir na solicitude de demanda de avaliación psicopedagóxica.

Plan de Convivencia

No CRA pensamos que o clima ou ambiente que caracteriza ao centro e a cada aula concreta afecta directamente á convivencia e inflúe de cheo nas persoas e nos procesos de ensino-aprendizaxe. De aí a necesidade de traballar na consecución dun clima positivo, agradable, distendido e tranquilo, que favoreza as relacións humanas e o desenvolvemento óptimo das tarefas educativas.

O Departamento de Orientación colaborará co coordinador de benestar para

conseguir os obxectivos propostos no Plan de Convivencia do centro o cal será obxecto de revisión e actualización no presente curso escolar.

7.6. RECURSOS

Para levar a cabo este Plan de Orientación, non podemos esquecer a organización de recursos, tanto humanos como materiais, xa que posibilitarán o logro dos obxectivos propostos.

Ademais de tódolos recursos internos cos que conta o centro, contaremos tamén cos seguintes recursos externos:

Recursos humanos externos:

1. Especialistas do Equipo de Orientación Específico (EOE) da provincia de Pontevedra.
2. Inspector Educativo de zona.
3. Equipos de Atención Temperá: dependentes do SERGAS.
4. Centros de Formación e Recursos.
5. Servizos do Concello: servizos sociais, servizo psicopedagóxico e de apoio, servizo de atención temperá do concello de Salceda.
6. Gabinetes privados de Logopedia, centros de estimulación infantil, centros de aprendizaxe e reeducación pedagóxica ...
7. Orientador/a do CEP Altamira e Orientador/a do IES Pedras Rubias.

Recursos materiais:

Como **recursos xerais** dispoñemos de aqueles relacionados co espazo físico e mobiliario. *Material non funxible* como: fotocopiadora, encerado dixital, canon, cámara, fotocopiadora, tv, ordenadores. *Material funxible* como: folios, material escolar e de oficina ...

Como **material específico** o Departamento de Orientación dispón de: escalas, enquisas e protocolos de recollida de información e valoración, probas e test estandarizados de avaliación, manuais, programas, guías, libros de consulta e material de reforzo e apoio.

7.7. METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do Plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados no mesmo.

O desenvolvemento das actividades, se fundamentan no traballo cooperativo e planificado, levado a cabo a través de entrevistas persoais e/ou contactos telefónicos.

Reunións colectivas:

- Cos membros do Departamento de Orientación.
- Co equipo directivo.
- Nos claustros de profesores.
- No Consello Escolar.
- Nas xuntas de avaliación trimestrais.
- Cos mestres implicado na atención do ANEAE.

Reunións individuais:

- Entrevistas cos titores, mestres especialistas e mestres de apoio.
- Entrevistas coas familias.
- Entrevistas cos profesionais externos ao centro.

Temporalización

A continuación detállase unha temporalización das actuacións e tarefas previstas, por parte do Departamento de Orientación do centro, para o curso académico actual 2024/2025.

ACTUACIÓNS	AXENTES DE REALIZACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Recollida de datos iniciais. Avaliación inicial.	Mestres/Orientador.	1º trimestre
Colaborar no Plan de Acolliada: alumnado de novo ingreso, de incorporación tardía e estranxeiro.	Departamento de Orientación.	1º, 2º e 3º trimestre
Colaborar na elaboración e actualización de documentos de centro (PE, programación, informes....)	Departamento de Orientación.	1º, 2º e 3º trimestre
Claustros.	Todos os docentes.	1º, 2º e 3º trimestre
Reunións co equipo directivo.	Equipo directivo/Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre

Reunións do Departamento de Orientación	Departamento de Orientación.	1º, 2º e 3º trimestre
Organización e revisión dos apoios ao alumnado con NEAE. Elaboración de horarios das mestras de PT e AL.	Titores, especialistas, Orientador e ATE, se é o caso.	1º, 2º e 3º trimestre
Avaliacións psicopedagóxicas e elaboracións de informes psicopedagóxicos: programas de intervención para o ANEAE e orientacións para mestres e familias.	Orientador. Mestras de AL e PT	1º, 2º e 3º trimestre
Apoio ao alumnado con NEAE.	Mestras de AL e PT, titores, mestres de apoio, e ATE, se é o caso.	1º, 2º e 3º trimestre
Reunións co Orientador/a do CEP Altamira e IES Pedras Rubias	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Entrevistas cos profesionais externos (EOE, servizos dos concello, gabinetes ...)	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Entrevistas coas familias.	Orientador.	1º, 2º e 3º trimestre
Avaliación do Plan de Orientación.	Departamento de Orientación.	3º trimestre
Elaboración da Memoria.	Departamento de Orientación.	3º trimestre

Criterios de avaliación

Para avaliar o Plan de Orientación, faremos unha avaliación continua e formativa ao longo do curso, nas reunións previstas do Departamento de Orientación, así como nas reunións establecidas no calendario. Nestas reunións, se fose preciso, adoptaranse medidas para mellorar e adecuar o plan á realidade da comunidade educativa.

Ao remate do curso escolar, e coincidindo co final do terceiro trimestre, farase unha avaliación final que permita determinar se foron acadados os obxectivos propostos e se a temporalización das actividades e tarefas planificadas foi

axeitada.

Dos datos obtidos, extraeranse as conclusións para elaborar a Memoria final de Orientación. Esta información, así como as propostas de mellora, recolleranse na Memoria final e servirán como punto de partida para a elaboración do Plan de Orientación do curso seguinte.

ACTUACIÓNS DA ESPECIALISTA EN AUDICIÓ E LINGUAXE

CONTEXTUALIZACIÓN:

O CRA Raíña Aragonta está formado por un centro base con sete unidades e sete aulas máis nas parroquias (Fontán, Budiño, Entenza, Barreiro, San Xurxo e Picoña) Tomando como referencia a Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no noso centro atopamos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e alumnado con necesidades educativas especiais. Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) ao alumnado que precisa dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren:

- Necesidades educativas especiais
- Retraso madurativo
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación
- Trastornos de atención ou de aprendizaxe
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa
- Altas capacidades intelectuais
- Incorporación tardía ao sistema educativo
- Por condicións persoais ou de historia escolar.

Doutra banda, o alumnado con necesidades educativas especiais(NEE) é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a

consecución dos obxectivos de aprendizaxe.

OBXECTIVOS:

Os obxectivos son xeraise veranse concretados nos programas de intervención individuais de cada alumno/a:

- Desenvolver os valores, habilidades e coñecementos ao máximo en todo o alumnado, sempre baixo un clima de inclusión, respecto e compromiso.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos mestres/as que interveñen co alumnado con NEAE, promovendo entre eles/as a formación en temas de atención á diversidade.
- Favorecer a igualdade de oportunidades a través dunha educación personalizada que mellore a calidade de ensino.
- Adaptar os elementos de acceso ao currículo, metodoloxía, materiais, espazos e inmobiliario ás necesidades do alumnado.
- Propiciar a coordinación do centro con outros organismos e institucións externas (EOE, SAT, asociacións...)
- Respetar as características individuais e ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Promover a inclusión do alumnado NEAE na aula ordinaria.

Ademais dos anteriores, teranse en conta os seguintes obxectivos específicos:

- Detectar as necesidades do alumnado do centro e proporcionar atención integral directa.
- Potenciar o desenvolvemento da súa autonomía persoal para desenvolverse na vida cotiá.
- Favorecer a súa integración no grupo mediante actividades lúdicas, grupais, partindo dos seus intereses e realidade máis próxima.
- Desenrolar as habilidades e capacidades básicas instrumentais, cognitivas, comunicativo-lingüísticas, psicomotrices, de autonomía, de autoestima e de habilidades sociais en cada alumno/a.
- Desenvolver programas de intervención específicos que favorezan a adquisición e desenvolvemento da competencia comunicativa.
- Adquirir unha linguaxe funcional, cun vocabulario adecuado á súa idade,

unha estrutura sintáctica básica e habilidades sociais que lle permitan comunicarse en diferentes contextos.

COMPETENCIAS CLAVE

A súa adquisición é indispensable para o desenvolvemento persoal, resolver situacións e problemas en diferentes ámbitos da súa vida e desenvolver a súa inserción e participación na sociedade e no coidado das persoas e da contorna natural. Aínda que existen 8 competencias clave, como especialista de AL vou centrarme na:

- Competencia de comunicación e linguaxe (CCL)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)

METODOLOXÍA:

Para levar a cabo as diferentes intervencións é necesario establecer a metodoloxía para a consecución dos obxectivos propostos. A LOMLOE e no D150/2022 do 8 de setembro presenta especial énfase na atención á diversidade do alumnado, a atención individualizada, prevención nas dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan rápido como se detecten as dificultades.

Con todo, para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado no ámbito educativo levo a cabo a seguinte metodoloxía:

-Globalizadora: partirei dos coñecementos previos do alumnado, as súas motivacións e intereses e da súa realidade máis próxima, favorecendo que sexan os protagonistas da súa propia aprendizaxe, o que incrementará a súa autonomía e confianza nas súas capacidades.

-Aprendizaxe baseada en problemas: trátase de resolver problemas de situacións reais coa axuda dos compañeiros e o docente como mentor.

-Gamificación: os programas de intervención terán unha metodoloxía lúdica e activa, dotándoo dun enfoque atractivo e significativo.

-Aproveitar o ensino incidental que o alumno presenta por algo que atrae a súa atención para traballar a linguaxe funcional e espontánea.

-Adaptar os espazos da aula, favorecendo a estruturación das tarefas por

recunchos e o traballo cooperativo en pequeno grupo.

-A realización das tarefas será acorde ao nivel de atención do alumno e ao seu cansazo físico.

-Cada banco de tarefas recolle actividades de introdución, de desenvolvemento, de consolidación, de reforzo e/o ampliación, así como de avaliación dos contidos.

A atención docente directa do alumnado será levada a cabo dentro da aula ordinaria, exceptuando aqueles casos que teñan que ver coa reeducación da produción oral (intervencións que soamente poden ocupar 1/3 do período lectivo) que se realizarán na aula de Audición e Linguaxe.

AVALIACIÓN:

A avaliación é o instrumento que nos permitirá comprobar o nivel de logro dos obxectivos propostos.

Realízase unha avaliación en tres momentos: inicial para determinar os coñecementos previos do alumnado co fin de organizar a práctica docente; unha avaliación continua para realizar un seguimento das aprendizaxes e realizar adaptacións se é preciso; e unha avaliación final para determinar o proceso de ensino aprendizaxe.

Avaliarase ao alumnado, en canto á consecución de obxectivos e adquisición de competencias clave, tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos na programación de aula e nos programas de intervención individuais; á práctica docente para obter unha valoración da miña intervención como axente activo no proceso de ensino-aprendizaxe. E, ao plan de apoio para coñecer o nivel en que os obxectivos propostos foron alcanzados e establecer propostas de mellora sobre os materiais seleccionados, estruturación de tempos e estratexias empregadas, que aparecerán recollidas na memoria do PXAD.

Como avaliaremos? De forma continua, global e formativa, xa que se teñen en conta as dimensións do alumnado, o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente; flexible e contextualizada, debido a que debe adaptarse ás necesidades do alumnado e cambios do contexto; compartida ao ser unha tarefa do alumnado e do docente; e diversa porque empregamos diversas técnicas/procedementos e instrumentos de avaliación para avaliar ao alumnado e á práctica docente.

ACTUACIÓNS DA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

INTRODUCCIÓN

A seguinte programación enmárcase no Plan de Orientación para dar resposta á atención á diversidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Ten como obxectivo proporcionar un marco estruturado para a atención do alumnado con NEAE garantindo unha intervención educativa inclusiva e personalizada.

Os referentes polos cales levo a cabo esta programación son a base legal vixente Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado e a orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve dito decreto, os principios pedagóxicos-didácticos e as características do alumnado do centro.

AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

O CRA Raíña Aragonta está formado por un centro base con oito unidades e seis aulas máis nas parroquias próximas, que funcionan como unitarias (Fontán, Budiño, Entenza, Barreiro, San Xurxo e Picoña), sumando un total de 194 alumnos/as. Entre eles existen diversas necesidades específicas de apoio educativo entre as que podemos atopar alumnado con necesidade asociadas a Trastorno de Espectro Autista (TEA), Síndrome de West, con trastornos na linguaxe e dificultades de aprendizaxe.

OBXECTIVOS DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- Atender á diversidade do alumnado con NEAE mediante intervencións individualizadas.
- Desenvolver as capacidades cognitivas, emocionais e sociais dos alumnos/as, respectan os seus ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Fomentar a inclusión no contexto escolar, promovendo a colaboración entre tódolos profesionais que traballamos con estes alumnos/as.
- Introducir estratexias e recursos pedagóxicos que facilitan a aprendizaxe significativa e o desenvolvemento da autonomía.
- Colaborar coas familias e o equipo docente para asegurar un seguimento

integral dos progresos dos alumnos/as.

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO DA AULA DE P.T.

Os obxectivos que se pretenden conseguir, a nivel xeral, cos alumnos/as con N.E.A.E. son:

- Integrar aos alumnos/as na dinámica escolar da aula e do centro.
- Desenvolver a autonomía persoal.
- Fomentar as habilidades de comunicación mediante calquera tipo de sistema de comunicación (oral, imaxes, signos)
- Traballar a psicomotricidade fina e grosa.
- Desenvolver as bases das destrezas instrumentais (coordinación óculo-manual, percepción, atención, esquema corporal, lateralidade, memoria visual e auditiva)
- Iniciación ao cálculo matemático e a lecto-escritura
- Control das emocións e da conduta.
- Desenvolver ao máximo as potencialidades destes alumnos/as en tódolos ámbitos do desenvolvemento.

METODOLOXÍA

Levarase a cabo unha metodoloxía baseada na motivación e participación do alumno/a, nos seus intereses e nos principios de xogo e actividade.

Tenderase a adquisición de aprendizaxes significativas, construtivas e a xeneralización das mesmas a outros ámbitos fóra do escolar.

As actividades primeiramente serán dirixidas polo mestre ata acadar o éxito para paulatinamente retirar a axuda e que os alumnos/as as realicen sos.

Usaranse diversos tipos de agrupamento, dependendo da actividade que se vaia a realizar, priorizando agrupamentos de alumnado da mesma idade.

AVALIACIÓN

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial de cada alumno/a baseada na observación directa, na información aportada pola familia na entrevista inicial e nos informes de cursos anteriores. Dita avaliación servirá como

punto de partida no proceso de apoio.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos propostos. Servirá para adecuar a axuda pedagóxica e terá un carácter personalizado.

Trimestralmente informarase nas sesións de avaliación dos progresos dos alumnos/as e entregarase un informe individualizado de avaliación para as familias.

Ao final do curso realizarase un informe explicativo das aprendizaxes traballadas ao longo do ano, e do grao de adquisición das mesmas por parte do alumno/a, deixando recollidas as propostas de cara ao vindeiro curso, principalmente do alumnado de 6º de Educación Infantil que termina etapa.

CONCLUSIÓN

Esta programación da aula de Pedagogía Terapéutica ten como obxectivo principal ofrecer unha educación inclusiva e adaptada as necesidades de cada alumno/a, favorecendo o seu desenvolvemento integral. A flexibilidade nas intervencións, o uso de recursos variados e a colaboración entre os distintos axentes educativos garantirán unha atención personalizada que permita ao alumnado acadar o seu máximo potencial dentro e fóra da escola.

8.PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO

8.1. CONSELLO ESCOLAR:

O Consello Escolar reunirase unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou 1/3 polo menos dos seus integrantes.

8.2. CLAUSTRO:

Está previsto que o Claustro trate os criterios pedagóxicos e as iniciativas

necesarias para mellorar calquera dos aspectos nos que se faga necesario intervir. Así como a valoración do rendemento Escolar do Centro. Logo de ter actualizado recentemente a concreción curricular da etapa, este curso realizarase a revisión periódica da mesma e estableceranse as modificacións necesarias, de ser o caso, para a súa mellora.

O Claustro reunirse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros.

8.3. EQUIPO DIRECTIVO:

O Equipo Directivo do presente curso escolar propónse como metas os seguintes **obxectivos:**

- Organizar o funcionamento do Centro.
- Promover comunicación e intercambio de información cos servizos externos ao centro directamente implicados na xestión da emerxencia sanitaria.
- Garantir a seguridade da comunidade educativa.
- Impulsar a participación do profesorado na labor educativa do Centro.
- Potenciar as relacións do Centro coas institucións do seu entorno:
 - educativas: outros colexios do concello, outros CRA da provincia e do resto de Galicia, con reunións periódicas coa Asociación AMCRAGA, coa Administración Educativa, coas escolas de educación infantil do primeiro ciclo do concello.
 - non educativas: Concello, Centro de Saúde, Asociacións Culturais, Asociacións de xubilados...
- Impulsar a posta en práctica de actividades innovadoras dentro do ámbito educativo.
- Reorganizar os Equipos de Coordinación Docente.
- Facilitar a coordinación cos Servizos educativos da zona.
- Tentar de mellorar as deficiencias das instalacións.
- Promover iniciativas no ámbito da Experimentación e da Innovación

Pedagóxica.

- Organizar as tarefas administrativas
- Promover e fomentar melloras na convivencia dentro de toda a comunidade educativa.
- Fomentar e sensibilizar ao profesorado en actuacións relacionadas co alumnado NEAE, especialmente alumnado diagnosticado como TEA.
- Promover a participación do centro en convocatorias de proxectos e premios de innovación educativa (Plan Proxecta, PLAMBE,...).
- Favorecer a colaboración de todo o profesorado para facer efectivo os obxectivos establecidos na PXA.

9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS E COLEXIADOS E DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A- Órganos de Goberno Unipersoais.

- O director reunirse coa xefa de estudos os mércores de 11:15 a 12:15 e os xoves de 9:15 a 10:15 horas.
- O director reunirse coa secretaria os luns de 10:15 a 11:15 horas e os martes de 10:15 a 11:15 horas
- Ademais este equipo traballará conxuntamente os venres de 12:15 a 13:15 así coma os martes pola tarde nas horas complementarias fixas sempre que o resto das reunións programadas non o impidan, e/ou sexa necesario.

B- Consello Escolar.

O Consello Escolar reunirse unha vez por trimestre e sempre que o solicite o seu presidente ou un terzo dos seus membros. Na maior parte das ocasións o día

establecido para as reunións serán os martes a partir das 17:30 horas, salvo excepcións nas que se faga necesario convocar aos seus membros noutro día ou noutro horario.

C- Claustro de Profesores.

O Claustro reunirse a lo menos unha vez por trimestre e sempre que sexa necesario.

D- Equipos de Coordinación Docente:

Os diferentes equipos do centro: Equipo de ciclo, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Dinamización de TICs, Dinamización do Plan Dixital, Dinamización de biblioteca reuniranse sempre que sexa necesario na sede do CRA a partir das 17:00 horas.

Os/as coodinadores/as de equipos e dinamizacións xunto coa coordinadora de ciclo reuniranse como mínimo unha vez ao trimestre.

10.PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1.-INTRODUCCIÓN:

Ao longo deste curso, tal e como se estableceu no claustro celebrado o día 2 de setembro no centro educativo, **Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega** (EDLG) estará formado polos seguintes membros:

Cobas Pérez, Sheila (coordinadora);

González Rodríguez, Sandra;

Sanromán Lorenzo, Noelia.

Este equipo terá en conta o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística e no Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2.-OBXECTIVOS:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

- Promover unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais.
- Empregar a lingua galega en diferentes contextos comunicativos dun xeito natural.
- Impulsar e incrementar o uso da lingua galega no centro e entre toda a comunidade educativa.
- Valorar positivamente a pluralidade lingüística da nosa contorna, eliminando prexuízos existentes cara a lingua minoritaria.
- Potenciar intercambios comunicativos e experiencias en lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- Manter informada á comunidade educativa das novidades legislativas e actividades culturais que xurdan desde diferentes organismos.
- Celebrar as conmemoracións establecidas para o presente curso académico, en colaboración cos demais equipos constituídos no centro.
- Fomentar o coñecemento e celebración das festas tradicionais populares en Galicia, destacando as celebracións propias do Concello.
- Promover a adquisición e coñecemento da lingua galega, de forma oral e escrita a través de diferentes tipos de textos: cancións, poemas, adiviñas, contos, xornais...
- Achegalos ás homenaxeadas do día das Letras Galegas do 2025, as cantareiras e a poesía popular oral.
- Potenciar o uso do galego en relación coa temática da ciencia.

3.-ACTIVIDADES:

A continuación propoñemos unha serie de actividades para celebrar algunhas das conmemoracións recollidas na Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25. A través das mesmas, acadaremos os obxectivos propostos e contribuiremos á adquisición das competencias establecidas na lexislación vixente, facendo especial fincapé na competencia en comunicación lingüística (CCL) e na competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). Así mesmo, cómpre destacar que a elaboración desta programación tamén se basea na proposta de traballo anual levado a cabo a nivel de centro, que versará sobre a ciencia, e que levará por nome "Unha viaxe pola

ciencia". Tendo en conta todos estes aspectos, as actividades que propomos son, entre outras:

Semana do Entroido (do 24 ao 28 de febreiro):

Para conmemorar os días previos ao desfile de Entroido, o EDLG elaboraremos a proposta de disfraces e/ou complementos que os nenos levarán durante esta semana. Dita proposta presentárase para toda a comunidade educativa a través do cartel: "os mandadiños do Entroido".

Día de Rosalía de Castro(23 de febreiro):

Para achegalos á figura de Rosalía de Castro, enviaremos ao profesorado diversa información e actividades para traballar na aula co alumnado sobre esta poetisa galega.

Semana das Letras Galegas (do 12 ao 16 de maio):

Para conmemorar o Día das Letras Galegas, facilitaremos ás titorías diversa información e actividades para traballar sobre as cantareiras e a poesía popular oral, homenaxeadas neste 2025, contribuíndo a que o alumnado recade cantigas, ditos, bailes ou xogos... da zona enalzando a nosa propia cultura e tradición oral.

Namentres, ao longo do curso, tamén levaremos a cabo as seguintes actividades e/ou experiencias:

Participación e colaboración cos diversos equipos e dinamizacións nas diferentes propostas que xurdan durante o ano.

Traducións que soliciten os demais equipos e/ou persoal docente.

Publicacións mensuais na páxina web para fomentar o uso do galego e que versarán, por exemplo, sobre: as novidades e actividades culturais do concello e da contorna próxima; curtas, textos, imaxes..., é dicir, recursos de interese en galego; etc.

Colaboración na elaboración da revista "Badaladas".

Colaboración co "Equipo de Radio AraOnda".

En canto á celebración das festas tradicionais populares en Galicia, entre outras: o Samaín, o Magosto, o Entroido, colaboraremos cos restantes equipos do centro para facer diferentes propostas de actividades e que se poderán realizar de xeito voluntario.

Ademais, poderanse levar a cabo outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso derivadas dos intereses e motivacións do alumnado; de acontecementos que xurdan na contorna; ou de propostas dalgún membro da comunidade educativa.

Durante o presente curso, para tratar os temas e/ou aspectos relativos á dinamización da lingua galega así como para establecer a forma na que se leven a cabo as actividades propostas dende este equipo, levaremos a cabo as reunións necesarias cos membros do equipo de xeito presencial.

En calquera caso, cómpre destacar tamén a necesaria coordinación e colaboración entre a coordinadora do equipo de normalización e dinamización da lingua galega cos coordinadores dos demais equipos constituídos no centro.

4.-TEMPORALIZACIÓN:

Esta programación establécese para o curso escolar 2024/2025.

5.-METODOLOXÍA:

Tendo en conta as características do alumnado de educación infantil, as actividades e/ou experiencias presentaranse dun xeito lúdico, partindo dos intereses, motivacións e coñecementos previos dos cativos para lograr unha aprendizaxe máis significativa e funcional. Ademais fomentárase a participación activa do alumnado, xa que debe ser o protagonista na construción da súa aprendizaxe, adoptando o profesorado o papel de guía, orientándoo e acompañándoo nesa construción.

6.-RECURSOS:

Para un axeitado desenvolvemento das actividades contaremos con todos os

recursos materiais dispoñibles no centro: material funxible, non funxible, material tecnolóxico, etc.

Ademais solicitaremos á Administración Educativa a axuda económica que todos os anos vai destinada aos equipos de dinamización da lingua galega para a realización de diferentes proxectos e actividades.

7.-AVALIACIÓN:

En todo momento levarase a cabo unha avaliación continua que permita realizar os cambios necesarios e adaptarse á situación de cada momento.

A avaliación final que se realizará e se plasmará na memoria do equipo, permitiranos avaliar os obxectivos acadados e establecer propostas de mellora cara aos próximos cursos.

11.PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na Orde 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria, defínese o que se entende por actividades complementarias e extraescolares e sinálanse as características das mesmas:

- Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario lectivo, que formando parte das programacións didácticas e teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan.
- Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, por entidades sen ánimo de lucro, asociacións... e figurando na programación xeral anual, realízanse fóra do horario lectivo.

Este ano o equipo de Actividades Complementaria e Extraescolares estará composto polos seguintes membros:

Sheila Alvarez Hijosa (coordinadora)

Lorena Fernández Gonzalez.

Todas as saídas faranse coa debida autorización dos pais, nais ou representantes legais das alumnas e dos alumnos e, en ningún caso, poderán participar nestas actividades as nenas e nenos que non entreguen esta asinada nos prazos establecidos.

EXPLORACIÓN DO NOSO CONTORNO

Durante o curso será posible realizar saídas pola contorna da localidade, aproveitando os recursos naturais, culturais e sociais que nos ofrece. Poderase contar coa colaboración das familias para o seu desenvolvemento.

Cada aula poderá decidir cales vai a realizar en función da súas programacións.

Será preciso comunicarllo e solicitar permiso previamente á coordinadora deste equipo e á xefa de estudos, cubrindo o impreso correspondente. Dita documentación debe ser entregada con 3 días de antelación, como mínimo.

Asemade, deberán posuír sempre a autorización debidamente asinada dos pais, nais ou titores legais.

Dende o equipo de actividades complementarias, animamos ao profesorado a visitar outras aulas do noso centro e/ou doutros centros educativos, co fin de fomentar a convivencia e o intercambio de experiencias.

A continuación detállase a proposta de actividades para o curso 2024-25:

1º TRIMESTRE

MAGOSTO

DATA: Novembro 2024

LUGAR DE CELEBRACIÓN: sede do CRA.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA.

TRANSPORTE: privado (no caso de realizarse xuntanzas de aulas, serán as familias as encargadas de levar ao alumnado á mesma)

DESCRIPCIÓN: en colaboración coa ANPA, organizarase a xuntanza de grupos nas parroquias e o asado das castañas, ademais da proposta da realización de diferentes talleres que teñan como eixo condutor a igualdade.

SAÍDA DIDÁCTICA

DATA: Decembro 2024

LUGAR DE CELEBRACIÓN: sen determinar

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA

TRANSPORTE: privado ou autobús, dependendo do lugar de celebración.

DESCRICIÓN: barállanse diferentes opcións de saída que aínda están por determinar (visita a algunha actividade en Vigo ou espectáculo/teatro no auditorio Municipal).

2ºTRIMESTRE

DESFILE DE ENTROIDO

DATA: Febreiro 2024

LUGAR DE CELEBRACIÓN: sede do CRA.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA.

TRANSPORTE: privado.

DESCRICIÓN: ao igual que tódolos anos, realizaremos un desfile polas rúas do concello xunto co resto de centros educativos. Os disfraces do alumnado terán como eixo a temática anual desde curso: a ciencia e os experimentos.

3º TRIMESTRE

ROTEIRO LITERARIO

DATA: Abril 2025

LUGAR DE CELEBRACIÓN: arredores da Sede.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA

TRANSPORTE: privado.

DESCRICIÓN: en colaboración co equipo de biblioteca e coa ANPA, realizarase un roteiro literario, no que o alumnado terá que realizar diferentes actividades co eixo condutor da ciencia.

SAÍDA GRANXA ESCOLA KIRIKO

DATA: 10 de Xuño 2024

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Granxa Kiriko, Fornelos de Montes.

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA

TRANSPORTE: autobús

DESCRIPCIÓN: o día 10 de xuño o alumnado das diferentes aulas do centro acudirá á granxa escola para participar nas diferentes actividades que eles propoñan. A actividade durará toda a mañá e parte da tarde.

FESTA FIN DE CURSO

DATA: Xuño 2024

LUGAR DE CELEBRACIÓN: sede do CRA

GRUPOS QUE ASISTIRÁN: todas as aulas do CRA

TRANSPORTE: privado

DESCRIPCIÓN: posta en marcha de diferentes actividades lúdicas (talleres, xogos, festa da escuma, hinchables...) para festexar o final de curso.

As actividades complementarias son as que se realizan dentro do horario lectivo e que se caracterizan por utilizar tempos, espazos e materiais distintos aos habituais.

Para este curso 2024/2025 a ANPA "As Landras" propón a realización das seguintes actividades complementarias:

MAGOSTO

Para celebrar cos nenos e nenas do CRA a colleita de castañas, reuníndonos para asalas e degustalas. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

SAMAÍN

A decoración da árbore de nadal é todo un éxito, polo que este ano decidimos apostar porque os alumnos e alumnas do CRA decoraran o Samaín de Salceda, puidendo traer os adornos da casa ou facendoos todos xuntos nas clases.

ADORNOS NAVIDEÑOS

Este ano queremos repetir a realización de adornos navideños, baseados en materiais de refugallo, para poder facer unha árbore de nadal que todos poderemos desfrutar no concello.

REIS MAGOS OU PAPÁ NOEL

Coincidindo coa chegada das vacacións de Nadal, este ano queremos que os Reis

Magos ou Papá Noel visiten o noso Centro, recollendo as cartas dos pequenos e pequenas no buzón real. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

MAGO

Espectáculo formado por diversos xogos que poden ser disfrutados por nenos e nenas de calquer idade, e no que se misturan maxia, ilusión, risas e moita sorpresas. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

PROTECTORA DE ANIMAIIS

Aproveitando a chegada do verán, época de moitos abandonos, intentaremos concienciar aos nenos e nenas na importancia de adoptar e coidar aos nosos animais. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

CONCERTO

Querendo dar un impulso á música e cultura galega organizaremos un concerto cun grupo da comarca. Será dinámico e participativo onde disfrutaremos sen ningunha dúbida. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

EXPOSICIÓN DE ARTE

A nosa idea é facer unha exposición amosando os artistas que os nosos nenos e nenas levan dentro. Para isto, aproveitando temáticas cercanas, ós nosos pequenos e pequenas, realizarán un debuxo na aula ou na casa. Despois estes serán expostos concello ou casa da cultura durante uns días, onde todos e todas poderemos disfrutalos.

CHARLA RECICLAXE

Co obxectivo de mellorar a súa visión do coidado do planeta.

TALLER LIMPEZA RÍOS E PARQUES

Taller que ten coma obxectivo a sensibilización dos nenos e nenas nos temas ambientais.

EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO (FAMILIAS)

Organizarase unha excursión aberta a todos os membros das familias socias da ANPA, na que pasaremos unha divertida xornada visitando algún lugar de interese para os novos e os non tan novos.

COCIÑA: ROSCÓN DE PASCUA

Taller que se realizará nas vacacións de semana Santa, para que os nenos e nenas fagan os seus propios roscóns de Pascua e os poidan levar para a casa.

XINCANA OVOS DE PASCUA, PINTA CARAS, PINTADO DE OVOS IOGA

Pretendemos con este taller, amosar técnicas coas que os nenos poidan mellorar a saúde física, mental e emocional. O ioga aporta grandes beneficios para a saúde, estes beneficios pódense empezar a traballar desde cativos. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

ZUMBA

Neste taller pretendemos aportar un espazo de diversión acompañada de exercicio físico no que a musica e ritmo serán os protagonistas. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

BAILE GALEGO

Queremos achegar as familias a rica cultura musical da nosa terra, e para isto nada mellor que uns talleres de baile galego nos que á música tradicional galega e ás danzas coas que sempre foi acompañada terán o seu espazo dentro das nosas actividades. Instalacións do C.R.A. Raíña Aragonta.

CHARLAS PARA PAIS

Este ano queremos desenvolver diferentes charlas de interese para os pais/nais. Aínda estamos a valorar qué tipo de charlas, e que sexan abertas para todos os interesados.

PÁXINA DE FACEBOOK

Este curso seguimos coa páxina de Facebook, onde subimos diferente información de interese para os pais/nais.

A realización das actividades quedará suxeita á autorización de cada unha delas pola da dirección do centro, puidendo modificalas para aportar a nosa axuda nas que se realicen por parte desta.

ACTIVIDADES SUBVENCIÓN IGUALDADE:

Xogo de disfraces:

Pedimos os nenos e nenas que se mirean ao espello e nos conten cómo son, a súa forma de describirse. A continuación decímoslle que se poden disfrazar como mais lles guste. Unha vez rematado póñense parellas mixtas e intercambian os complementos, no caso de que alguén non queira porque pensa que é "de neno ou nena" faremos que nos explique a súa conclusión para que o resto poidamos dar a nosa opinión. Rematamos bailando e cantando todo o grupo.

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROPOSTAS POLO CONCELLO

RUTA POLA SENDA DO RÍO LANDRES:Trátase dunha pequena saída á senda, cunha lonxitude de 839 metros máis 1 Km para chegar ao centro, no final da senda poden almorzar no parque da Gándara.

RUTA POLA SENDA DO RÍO CASELAS:Conta cunha lonxitude total de 1.650 metros, que se poden reducir a 811 metros. O percorrido é totalmente accesible. Conta con dúas áreas recreativas, unha ós 600 metros aproximadamente e outra ó final da senda.

VISITA AOS COMPOSTEIROS:Visita ós composteiros do parque Aragonta, nesta visita explícaselle ás nenas e nenos en que consiste a compostaxe.

VISITA AO CONCELLO:Visita ao salón de plenos onde se organiza un pleno infantil e se lle explica a función que desenvolve cada persoa integrante do pleno.

VISITA Á POLICÍA LOCAL:Nesta visita o persoal de policía da a coñecer o traballo que realizan e móstranlle os vehículos cos que traballan.

CASA DA CULTURA E BIBLIOTECA:Neste caso estamos estudando a maneira de facerlle chegar aos nenos e nenas os novos carnés.

CASA DA MÚSICA: Visita á Casa da Música

11.2. PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROPOSTAS POLO CONCELLO

- RUTA POLA SENDA DO RÍO LANDRES:Trátase dunha pequena saída á senda, cunha lonxitude de 839 metros máis 1 Km para chegar ao centro, no final da senda poden almorzar no parque da Gándara.
- RUTA POLA SENDA DO RÍO CASELAS:Conta cunha lonxitude total de 1.650 metros, que se poden reducir a 811 metros. O percorrido é totalmente accesible. Conta con dúas áreas recreativas, unha ós 600 metros aproximadamente e outra ó final da senda.
- VISITA AOS COMPOSTEIROS:Visita ós composteiros do parque Aragonta, nesta visita explícaselle ás nenas e nenos en que consiste a compostaxe.

- VISITA AO CONCELLO: Visita ao salón de plenos onde se organiza un pleno infantil e se lle explica a función que desenvolve cada persoa integrante do pleno.
- VISITA Á POLICÍA LOCAL: Nesta visita o persoal de policía dá a coñecer o traballo que realizan e móstranlle os vehículos cos que traballan.
- CASA DA CULTURA E BIBLIOTECA: Neste caso estamos estudando a maneira de facerlle chegar aos nenos e nenas os novos carnés.
- CASA DA MÚSICA: Visita á Casa da Música.

12. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O plano de autoprotección do centro foi elaborado no curso 2014/2015 pola empresa "Gestores de prevención", levándose a cabo un simulacro no edificio de Esfarrapada segundo as pautas establecidas pola empresa.

O curso pasado o centro foi visitado por unha empresa de prevención de riscos laborais especializada (ASPY PREVENCIÓN), para a realización de determinadas actuacións técnicas en prevención de riscos laborais nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta. Logo do informe emitido por esta empresa e das deficiencias detectadas estas foron comunicadas ao concello para seren resoltas. Ao longo do actual curso 24-25 se levará a cabo a corrección das citadas deficiencias así coma a actualización do plan á normativa vixente tendo en conta o espazos e usos actuais do centro.

O centro continuará coa celebración periódica de simulacros de evacuación en todas as instalacións coas que conta co centro como medida de aprendizaxe para toda a comunidade educativa ante posible situacións adversas no centro. Solicitarase a colaboración dos servizos de emerxencias tanto municipais coma supramunicipais na realización destes simulacros que se repartirán ao longo de todo o curso. Logo da realización dos mesmos a dirección do centro elaborará os oportunos informes coas medidas de mellora que procedan.

13. HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS E NAIS POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO

As horas de dedicación ao cargo do Equipo Directivo do CRA Raíña Aragonta para este curso, son as seguintes:

Director: Luns de 10:15 a 11:15 e de 12:15 a 13:15, martes de 09:15 a 11:15, mércores de 9:15 a 12:15, xoves de 9:15 a 11:15 e venres de 10:15 a 11:15 e de 12:15 a 13:15.

Xefa de Estudos: Luns de 9:15 a 10:15 e de 13:15 a 14:15, mércores de 11:15 a 12:15, xoves de 09:15 a 10:15 e venres de 12:15 a 13:15.

Secretaria: Luns 10:15 a 12:15, Martes de 10:15 a 11:15 e venres de 12:15 a 14:15.

Dentro deste horario, resérvanse varias horas cada semana á atención aos pais e ás nais na sede administrativa do Centro, repartidas entre os tres cargos, distribuídas da seguinte maneira:

Director: Luns de 10:15 a 11:15, martes, mércores de 9:15 a 10:15, xoves de 9:15 a 10:15 e de 13:15 a 14:15 e venres de 12:15 a 13:15.

Xefa de Estudos: Luns e xoves de 9:15 a 10:15.

Secretaria: Luns e martes de 10:15 a 11:15 e venres de 13:15 a 14:15.

Indicar que a dispoñibilidade dos cargos neste horario estará supeditada a presenza de tódolos docentes no Centro e, con carácter xeral, será preciso solicitar cita previa contactando co centro, ben de forma telefónica, ben por correo electrónico.

14. PLANO DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS

14.1. RELACIÓNS COA COMUNIDADE.

- Os **COLEXIOS** receptores do alumnado do CRA

O alumnado do CRA RAÍÑA ARAGONTA, cando remata a súa escolarización en Educación Infantil, continúa a súa escolaridade no CEP ALTAMIRA, ambos emprazados no casco urbano do Concello de Salceda de Caselas.

Trataremos de manter algunha xuntanza para o intercambio de información e sobre todo labor de coordinación. Este curso volveremos a levar a cabo as visitas do alumnado de 5 anos ao centro de primaria.

- **CONCELLO.**

O Concello colabora con nós de moi distintos xeitos. Por exemplo é o encargado dos arranxos nas instalacións do CRA . Ademais, ocúpase de:

- Subministrar papel e xabón, ademais do gasoil e electricidade.
- Encárgase do acondicionamento dos patios de recreo e de facilitar espazos para actividades conxuntas de todo o alumnado.
- Mantemento das instalación do centro.
- Colaborar en diferentes actividades que se promovan desde o concello ou desde o centro.

- **CENTROS CULTURAI.**

Os Centros Culturais en Salceda de Caselas, corresponden as Asociacións de Comunidades de Montes. No momento actual non están definidas as liñas de colaboración con todos eles, pretendendo o CRA Raíña Aragonta conseguir a súa participación en distintas actividades, como poder ser a cesión de espazos para diversas actividades.

Tamén é importante resaltar que unha das aulas do CRA, concretamente a aula de Entenza, está emprazada nas instalacións da Comunidade de Montes desta parroquia, polo que as relacións con esta Asociación tamén irán encamiñadas a adecuación da aula para o servizo escolar que presta na actualidade.

Esta aula está pendente de executar unha reforma que afecta á propia aula así coma ao resto do edificio e que se prevé que se leve a cabo nas vacacións de nadal do presente curso escolar.

14.2. RELACIÓN COAS FAMILIAS.

O contacto coas familias haberá que estudalo dende dous puntos de vista e sempre mantendo as medidas de seguridade establecidas:

- Dende as aulas: cada titora mantén relación cos pais e coas nais da súa aula, tanto de forma diaria, como mediante reunións individuais cos pais e coas nais de cada alumna e alumno para conseguir a colaboración familia-escola no desenvolvemento de cada nena e neno, ou colectivas con todos os pais e as nais co obxecto de dar informacións ou tratar temas de interese colectivo. Para isto as titoras teñen un horario de atención a pais/nais, que é de 16 a 17 horas os martes a tarde. As reunións necesarias para levar a cabo a función titorial serán con carácter xeral de xeito presencial. Poderán ser de xeito telemático se a situación o require previo acordo entre familia e mestre/a.
- O Equipo Directivo tamén ten o seu horario de atención a pais e nais de todo o Colexio, detallado no apartado correspondente.
- Ademais ao longo do curso son moitas as ocasións nas que as familias son invitadas a participar na vida do centro tanto de xeito individual como en grupo.
- Continuando coa promoción iniciada en cursos anteriores sobre o uso dinámico da web do centro, onde se trata de achegar ás familias todas aquelas informacións, como actividades que se consideran de interese para elas, ademais utilizarase a páxina web como medio de difusión da programación anual. Así mesmo tamén se empregará a ferramenta AbalarMobil para a comunicación entre o centro e as familias.
- As familias poderán participar no préstamo de libros que se levará a cabo na biblioteca da Sede os martes de 16:00 a 17:00 horas e os xoves de 16:45 a 17:45

horas así coma outros servizos de préstamos en constante cambio e ampliación.

14.3. RELACIÓNS COS OUTROS CRA.

O longo do curso, o equipo directivo do CRA Raíña Aragonta e o orientador do centro tratarán de manter contacto cos equipos directivos e orientadores dos outros CRA de Galicia, sobre todo cos da provincia de Pontevedra. Nalgunhas ocasións algún membro do equipo directivo e o orientador desprazaranse á sede doutros CRA co fin de asistir a xuntanzas para tratar problemáticas comúns a todos eles, así como para compartir experiencias tanto organizativas coma pedagóxico-didácticas, tal e como se fixo nalgún curso anterior, onde membros do equipo directivo mantiveron unha xuntanza cos equipos directivos doutros CRA da comunidade. De cara a este curso escolar, está previsto que se leve a cabo unha xuntanza onde os equipos directivos dos CRA, intercambien diferentes inquiredanzas e suxerencias que axuden a mellorar a nosa labor na xestión dos recursos materiais e humanos cos que contamos, dadas as características específicas deste tipo de centros., tal e como se ven facendo dende hai varios cursos con AMCRAGA.

15. PLANO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

Sede Administrativa, situada na rúa Rosalía de Castro nº 9

Principalmente empregarase para desenvolver todo o traballo administrativo, tal como indica o seu nome. Tamén será o punto de reunión e de contacto do profesorado entre si, e así mesmo, un lugar de traballo. Ademais, servirá para que o Equipo Directivo atenda aos pais e ás nais en cuestións administrativas tales como: matrículas, certificados de escolaridade e demais trámites que precisen facer.

As reunións da ANPA As Landras poden ser celebradas nalgunha das dependencias da nosa Sede que, polo xeral, será o ximnasio.

Sala de psicomotricidade

Esta sala será utilizada para desenvolver actividades extraescolares pola tarde de luns a xoves e para aula matinal antes do comezo da actividade lectiva diaria todos os días.

Aula de música-inglés do 1º andar:

Será a aula utilizada para desenvolver actividades extraescolares pola tarde de luns a xoves.

16. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Neste curso continua a funcionar o servizo de comedor escolar. Este servizo foi organizado dende a ANPA do CEP Altamira, asociación que contrata á empresa CLAREXA para a súa xestión, sendo usuarios deste servizo algúns alumnos/as do CRA.

Ao igual que o curso pasado as cativas e cativos que asisten dende o noso centro ao comedor, que está ubicado no recinto do colexio Altamira, serán conducidos/as por monitoras/es en horario escalonado e coa autorización previa das familias.

Os nenos e nenas de 5 anos son recollidos por monitores/as no noso centro ás 13:50 horas, os nenos e nenas de 4 anos ás 13:55 e os nenos e nenas de 3 anos ás 14:00 horas, podendo permanecer no comedor ata ás 16:30 horas, onde son recollidos polos seus familiares. Dado o elevado número de usuarios de comedor do 4º nivel un/unha dos/as monitores recollerá a este alumnado ás 13:50 para acudir aos aseos da sede de forma previa a saír cara ás instalacións do comedor.

17. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES

No noso centro apostamos por unha metodoloxía lúdica, na que a experimentación e a aprendizaxe significativa estean sempre presentes. Isto conleva a un

aproveitamento de calquera recurso do contorno, sendo os libros de texto un recurso máis pero non o único. Baseámonos nunha ensinanza baseada en Proxectos de traballo, polo que os libros de texto na súa maior parte, non teñen cabida, ou ben serven para complementar aqueles proxectos que se están a levar a cabo. Apostamos por unha metodoloxía innovadora e integradora, ademais de tratar de ir coñecendo e introducindo novas formas de traballo que van xurdindo dentro do ámbito da educación infantil.

Cada docente artella a súa práctica educativa intentando sacar o maior rendemento aos recursos cos que conta o centro. Os docentes do centro traballan dende unha perspectiva constructivista, empregando para os distintos proxectos recursos e materiais didácticos variados.

De xeito excepcional os/as mestres/as poden solicitar algún libro/caderno específicos ás familias, sempre co supervisión do equipo directivo e a valoración positiva da CCP. Ditos libros poden consultarse á dirección do centro.

18. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Durante este curso escolar segue a ser necesaria a figura do Auxiliar Técnico Educativo para cubrir as necesidades do alumnado NEAE. No presente curso escolar contamos con 2 Auxiliar Técnico Educativo para cubrir estas necesidades. A organización das tarefas atópanse baixo a supervisión do/a Orientador/a do centro, e sempre en coordinación co resto de profesorado e o equipo directivo. O centro precisa dun conserxe a tempo completo para a supervisión das instalacións da Sede. Esta figura segue a ser compartida co CEP Altamira pese a ser solicitada de forma reiterada polo noso centro ao concello a tempo completo.

19. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O noso centro trata de concretar o currículo de Infantil buscando un desenvolvemento integral e armónico da persoa nos distintos planos: Físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo, procurando que as aprendizaxes contribúan e fagan posible ese desenvolvemento.

As aprendizaxes do segundo ciclo preséntanse en tres áreas diferenciadas das que se describen os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación na programación didáctica dos diferentes niveis.

A avaliación ten como fin a identificación das aprendizaxes adquiridas, así como a valoración do desenvolvemento alcanzado, tendo por tanto un carácter netamente formativo. Dende este plantexamento, os criterios de avaliación concibímolos como unha referencia para orientar a nosa acción educativa.

Neste segundo ciclo da Educación Infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática será a técnica principal do proceso de avaliación, valorando o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno, tomando como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas. Cada trimestre realizarase unha sesión de avaliación de cada aula e cos mestres que imparten docencia na mesma. Recolleremos datos da avaliación dos distintos alumnos/as que se transmitirán ás familias. O Boletín trimestral está composto polo boletín de información ás familias cuberto na aplicación XADE ao que poderán acceder por medio da aplicación AbalarMobil e do que se entregará unha copia en papel asinada aos proxenitores na reunión que se estableza. Ademais dos procesos de aprendizaxe, todos e cada un dos docentes valoraremos a nosa práctica educativa ao longo do curso.

ANEXOS 1

PLAN DA DINAMIZACIÓN DAS TICs.

PLAN DE BIBLIOTECA.

PLAN DE PLURIINFANTIL.

PLAN DE IGUALDADE.

CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD.

PLAN ANUAL DE LECTURA

**PROGRAMACIÓN COORDINACIÓN DE BENESTAR
E CONVIVENCIA**

**PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE POLOS
CREATIVOS**

PLAN DA DINAMIZACIÓN DAS TICs

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación; establece entre as súas competencias a **competencia dixital**, consistente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, transformándoa en coñecemento. Para acadar entre o alumnado esta competencia faise imprescindible a introdución das Tecnoloxías da Información e Comunicación no centro educativo, facéndoo extensible ao resto da comunidade educativa.

Este plan xorde como consecuencia da aplicación da actual reforma educativa, a cal indica a necesidade de crear en cada centro un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación.

Por outra banda, o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia sinala que esta etapa debe contribuír á adquisición dunha serie de competencias establecidas, entre as que se atopa a competencia dixital; ao igual que a ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa establece as actuacións previstas en canto ao fomento e uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación de toda a comunidade educativa.

CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 A CONTORNA

O Colexio Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias.

O centro atópase no concello de Salceda de Caselas, o cal conta cunha extensión de 36km² e ubicándose na parte meridional da provincia de Pontevedra, e encadrado xeográficamente na bisbarra do Baixo Miño.

Dito concello divídese en varias parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, onde se atopa a sede, e contando ademais con 6 escolas mixtas (3, 4 e 5 anos) nas parroquias de: Fontán, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Barreiro.

2.2. ANÁLISE DO CENTRO

O CRA Raíña Aragonta está composto por 14 aulas de Educación Infantil, das cales 8 están no centro urbano (sede e aulas da Esfarrapada) e as outras 6 atópanse distribuídas polas parroquias (Fontán, Picoña, San Xurxo, Barreiro, Entenza e Budiño). As aulas das parroquias son mixtas, é dicir, contan con alumnado das tres idades (3, 4 e 5 anos).

Póren, as 8 aulas que están na sede do CRA non son mixtas, senón que o alumnado se atopa escolarizado segundo a súa idade.

<i>AULAS ESFARRAPADA</i>	
<i>4º EDUCACIÓN INFANTIL</i>	<i>3</i>
<i>5º EDUCACIÓN INFANTIL</i>	<i>3</i>
<i>6º EDUCACIÓN INFANTIL</i>	<i>2</i>

<i>AULAS PARROQUIAS</i>	
<i>BARREIRO</i>	<i>1</i>
<i>SAN XURXO</i>	<i>1</i>
<i>PICOÑA</i>	<i>1</i>
<i>BUDIÑO</i>	<i>1</i>
<i>ENTENZA</i>	<i>1</i>
<i>FONTÁN</i>	<i>1</i>

2.3 RECURSOS TIC

Os recursos informáticos cos que conta o centro son:

SEDE	
<i>DIRECCIÓN</i>	1 ordenador de mesa con conexión a internet
<i>XEFATURA DE ESTUDOS</i>	1 ordenador de mesa con conexión a internet
<i>SECRETARÍA</i>	1 ordenador de mesa con conexión a internet
<i>DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</i>	1 ordenador de mesa con conexión a internet, 1 ordenador portátil
<i>BIBLIOTECA</i>	1 ordenador de mesa con conexión a internet e lector de código de barras, 1 ordenador con conexión a internet, 1 impresora, 1 pantalla con cañón
<i>AULA DE PSICOMOTRICIDADE</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección
<i>AULA DE MÚSICA E/OU AUDIOVISUAIS</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil e 1 canón de proxección e 1 P.I.
<i>TITORÍAS</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil, 1 canón de proxección por aula, 1 ordenador de mesa con conexión a internet e 1 P.I.

<i>AULAS PARROQUIAS</i>	
<i>BARREIRO</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil, 1 canón de proxección, 1 ordenador de mesa con conexión a internet e 1 P.I.
<i>SAN XURXO</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil, 1 canón de proxección, 1 ordenador de mesa con conexión a internet e 1 P.I.
<i>PICOÑA</i>	1 ordenador de mesa e 1 canón de proxección e 1 P.I.
<i>BUDIÑO</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil , 1 canón de proxección, ordenador de mesa con conexión a internet e 1 P.I.
<i>ENTENZA</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil , 1 canón de proxección, ordenador de mesa con conexión a internet e 1 P.I.
<i>FONTÁN</i>	1 PDI, 1 ordenador portátil, 1 canón de proxección, ordenador de mesa con conexión a internet e 1 P.I.

Todas as aulas contan con conexión a internet a través da wifi instalada pola consellería de educación (edu.xunta.gal), onde cada docente accede a través do seu correo corporativo. Asemade todas as aulas dispoñen dunha Tablet.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC DURANTE O CURSO 2024/25

NOELIA GARCÍA MELEIRO (coordinadora)

DIEGO RODRÍGUEZ GÓMEZ

YASMINA M^a SOUTO TABOADA

OBXECTIVOS

4.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Actualizar o inventario do material audiovisual e informático e dalo a coñecer ao profesorado.
- Levar un rexistro e control dos materiais TIC do centro, para o seu préstamo e control de incidencias.
- Dotar de ferramentas TIC (ordenadores), a aqueles docentes que non teñan.
- Actualizar segundo sexa conveniente a páxina web do centro.
- Promover o intercambio de comunicación familia- escola a través das TIC.

4.2 OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente utilizando as novas tecnoloxías.
- Utilizar programas que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo e outras actividades que se levan a cabo nas aulas.
- Empregar as TIC recoñecendo as súas potencialidades como un recurso máis na práctica docente diaria, tanto durante a actividade presencial, coma semipresencial e a distancia.
- Adecuar o uso das diferente TIC á idade e contidos de xeito que se permita acadar os obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Empregar as TIC para os traballos cotiás así como na propia aula, abrindo o espectro de recursos existentes ó alcance do alumnado.
- Aceptar o valor motivador destas tecnoloxías para o alumnado, sobre todo nos ANEAE.
- Cambiar de forma gradual a concepción metodolóxica convencional, de xeito que se permita a inclusión das TIC de xeito eficaz e real.
- Promover o desenvolvemento das competencias de aprender a aprender, competencia dixital e autonomía e iniciativa persoal, mediante a utilización das TIC.

4.3 OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Empregar diferentes programas e ferramentas TIC que faciliten e complementen a súa aprendizaxe nas distintas áreas do currículo, favorecendo a adquisición de habilidades e destrezas.
- Superar as limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.
- Potenciar a capacidade de razoamento e motivación por aprender a través das TIC, aproveitando o elemento motivador que presentan as mesmas.
- Adquirir unha maior autonomía e independencia no manexo das TIC.

METODOLOXÍA

A metodoloxía basease na motivación e innovación, tendo como eixo principal o alumnado, e seguindo sempre os principios básicos de: individualización, actividade e autonomía. Ademais, apoiase nas competencias clave; analizando, valorando, seleccionando e organizando a información. O mestre/ a actúa como un mero "guía" e orientador de formación.

O plan será flexible, pois nalgúns momentos haberá cambios significativos, nos obxetivos, nos materiais utilizados, na metodoloxía ou nas estratexias de avaliación, a través das "actividades recopilatorias" que nos sirvan para avaliar o nivel dos obxetivos e contidos propostos; tratando sempre deste xeito, de integrar o traballo dentro das programacións da aula e non só, coma un traballo illado de informática. Integra pois o traballo nun proxecto de colaboración co resto do profesorado. A nivel organizativo conleva modificacións nos horarios, na distribución de espazos, tempos, etc.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A programación debe dar unha resposta axeitada ás necesidades educativas de todo o alumnado (**ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**). Con este obxectivo, iranse realizando axustes no proceso de aprendizaxe, de modo que cada alumno/a poida conseguir

os obxectivos propostos participando da dinámica xeral do centro.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos/as, atendendo as súas características persoais (nivel de madurez, estilo de aprendizaxe...), así como coas súas circunstancias sociofamiliares, coma poden ser a falta de conectividade a internet, entre outras.

ACTIVIDADES

Dende o claustro do centro decidiuse que a temática central sobre a que ían xirar todas as actividades e programacións, ao longo do curso escolar 2024/ 25, serán **“unha viaxe pola ciencia”**. Así, dende o equipo TIC realizamos as seguintes propostas:

- Elaboración dun podcast con entrevistas a mulleres sobre o seu traballo, vida ou historia con motivo do día da radio e o día da muller.
- Dixitalización e montaxe da revista Badaladas.
- Colaboración coas diferentes dinamizacións e equipos.

De maneira continuada, dende o equipo levaremos a cabo unha serie de funcións relacionadas coas novas tecnoloxías que apoiarán e contribuirán a todas as propostas que se elaboren dende o centro (creación de códigos QR nos produtos finais do proxecto de centro, dixitalización de recursos).

O equipo TIC adicarase a formación de novos usuarios (novo profesorado) en canto ao uso da páxina web do centro e o empréstimo e utilización do material TIC, asemade, se promoverá a dinamización de todos os recursos TIC do centro entre o profesorado na súa práctica docente diaria.

AVALIACIÓN

Este proceso debe ser periódico e permanente e permitiranos coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar, resultados dos logros acadados, dificultades atopadas, etc. no desenvolvemento do plan TIC, analizando e realizando actuacións nos diferentes momentos da avaliación.

Para favorecer todo isto, **o persoal docente do centro** deberá ser activo no uso da páxina web, realizando minimamente **unha publicación mensual** na dita plataforma e promovendo así a apertura das actuacións á comunidade educativa.

En relación co proceso, o grao de implantación e desenvolvemento do plan debe levar parelo un seguimento que nos permita comprobar os avances e a adecuación das actuacións iniciadas.

A liña de traballo avaliarase a través das reunións do Equipo de dinamización das TIC, atendendo ás suxestións das diferentes reunións de ciclo ou dos outros equipos, quedando plasmada máis tarde na Memoria Anual. O resultado destas actuacións permitiranos introducir, durante o curso e nos vindeiros cursos, as modificacións na asignación de recursos materiais e software, cambios nas características do plan e, en definitiva, manter un plan vivo que se adecúe o máis posible á singularidade da nosa comunidade educativa.

PLAN DE BIBLIOTECA

CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA Raíña Aragonta é un centro que se atopa no Concello de Salceda de Caselas. Na actualidade este centro consta de 14 aulas de Educación Infantil (8 aulas están na sede do CRA e as outras 6 aulas atópanse nas parroquias do concello).

A biblioteca escolar sitúase no edificio da sede do CRA Raíña Aragonta(no primeiro andar).Entendemos a biblioteca como un espazo creativo de aprendizaxe, un espazo onde se fai realidade a compensación das igualdades (xa que pon ao alcance de moitos nenos e nenas recursos que doutro xeito non poderían acceder a eles) e tamén é o punto de encontro de toda a comunidade educativa. Neste curso a temática elixida para traballar é a ciencia, dende a biblioteca escolar sae a proposta de traballo do centro, que nesta ocasión chamaremos "**UNHA VIAXE POLA CIENCIA**".

O centro consta soamente co segundo ciclo de Educación Infantil, polo que, o que pretendemos nestas idades é fomentar o uso e pracer pola lectura, así como inicialos en hábitos lectores. Fomentando estes hábitos logramos que os nenos e as nenas desenvolvan a súa capacidade de concentración e a memoria, aumenten a súa cultura, melloren a súa linguaxe e estimulen a imaxinación e a súa creatividade.

Neste curso escolar 2024-2025 seguiremos en constante comunicación coa Asesoría de Bibliotecas escolares e traballando conxuntamente co equipo de biblioteca para adaptarnos ás diferentes situacións que se nos poidan presentar.

Para levar a cabo todo este traballo, contamos co **Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar** formado por:

Leirós Pereira, Iris (coordinadora do equipo)

Alonso González, Elvira

Álvarez Lago, Helena

Bernárdez Castro, Laura

Couñago Cao, Patricia

González Rodríguez, Susana

Marcos Portela, Almudena

Marino Gil, Teresa

Rodríguez López, María Luz

Varela Sánchez, Damián

Villaverde Álvarez, Laura

OBXECTIVOS

Neste curso escolar 2024-2025 pensamos continuar con algunhas das liñas de traballo empregadas (xa que observamos grandes froitos), pero tamén queremos crear novos recursos para integrar a biblioteca na vida cotiá do centro e na comunidade educativa.

A continuación especificamos os obxectivos que deseñamos para este curso escolar:

- Proporcionar ao noso alumnado unha igualdade de oportunidades onde todos teñan acceso aos recursos e materiais da biblioteca escolar.
- Inculcar e fomentar nos nenos e nenas o hábito e o pracer pola lectura, a aprendizaxe e a utilización da biblioteca.
- Impulsar o emprego e bo uso da biblioteca así como de todos os seus recursos dispoñibles.
- Deseñar actividades de alfabetización mediática e informacional para a comunidade educativa.
- Deseñar actividades de formación para o profesorado e formación de usuarios.
- Poñer en marcha o recurso "Bookcrossing" para o intercambio de libros gratuítos para o alumnado e familias.
- Crear unha nova sección de préstamo de xogos para as familias, como fonte de diversión, estimulando a súa curiosidade.
- Fomentar a participación e implicar a comunidade educativa na vida da biblioteca escolar.
- Promover e fomentar os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fora do conxunto da comunidade escolar.
- Avanzar cara a unha biblioteca inclusiva que fomente a aceptación da diversidade.

- Fomentar a lectura cos servizos de préstamo.
- Crear novos puntos de exposición de novidades nas aulas de parroquias.
- Dinamizar a páxina web da biblioteca ofrecendo diferentes recursos, contidos e actividades a comunidade educativa.
- Promover o espazo da Radio escolar e familiarizarse cos materiais e elementos que a compoñen.
- Realizar reunións constantes e periódicas co Equipo de Biblioteca.

CONTIDOS

- Deseño de actividades de animación á lectura.
- Formación, deseño e organización de protocolos para a utilización da biblioteca escolar.
- Fomento da lectura a través dos servizos de préstamo dos que dispón a nosa biblioteca.
- Difusión de recursos, contidos, actividades, formación a través da páxina web da biblioteca.
- Potenciación do uso de xogos e de materiais manipulables que se atopan na biblioteca.
- Exposición de novidades nas aulas de parroquias.
- Intercambio de libros gratuítos mediante o recurso "Bookcrossing".
- Adquisición de novos fondos formativos.
- Catalogación dos novos fondos adquiridos.
- Colaboración e organización de actividades con outras bibliotecas escolares ou municipais.
- Creación de carnés a todo o alumnado de nova incorporación.

AVALIACIÓN

Partimos dunha **avaliación inicial** onde valoraremos e analizaremos os resultados obtidos. Para isto, seguimos as indicacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares e ademais realizaremos unha enquisa ao profesorado do centro para observar e detectar as necesidades e posibles camiños a seguir. Despois de realizar unha

valoración e análise dos datos engadiremos ou modificaremos algúns dos nosos obxectivos, pero sempre tendo en conta as liñas prioritarias que marcamos para este curso escolar.

Co fin de que a presente programación poida levarse a cabo axeitadamente, realizaremos unha **avaliación continua** onde valoraremos os resultados obtidos na realización de cada unha das actividades. Isto será posible porque o equipo de biblioteca reunirse constantemente e tratará de coordinarse co resto de equipos detectando necesidades ou desaxustes na planificación inicial. Nestas supervisións teranse tamén en conta os datos obtidos nas reunións xerais, así como os das enquisas realizadas ás familias e as achegas que poden engadir nos comentarios das publicacións na páxina web. Informarase tamén ao claustro das actividades e ofrecerase información para poder empregar axeitadamente a biblioteca. Asemade, na memoria final quedará recollida calquera modificación levada a cabo e os aspectos a mellorar para o curso seguinte.

Para deixar constancia desta información e poder facer un mellor seguimento, todo quedará reflectido nunha táboa de rexistro, especificando o obxectivo, o grao de consecución, a avaliación e os aspectos a mellorar. Esta valoración será realista e concreta.

METODOLOXÍA

As bibliotecas escolares son instrumentos dos centros educativos ao servizo das competencias clave e como tales poden albergar propostas moi diversas que favorezan o desenvolvemento de contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, que conecten distintas áreas de aprendizaxe, que impulsen prácticas metodolóxicas activas e facilite na adquisición destas competencias clave, incluída a competencia dixital no seu máis amplo significado.

A metodoloxía da que somos partícipes é o traballo por proxectos, posto que consideramos que desenvolve aspectos importantes da personalidade do alumnado e permite traballar as competencias clave de forma diversa. Ademais neste curso escolar levaremos a cabo unha proposta de traballo de centro, sendo a temática a ciencia, e todo o centro escolar seguirá unhas liñas comúns.

Horario

A biblioteca da sede estará aberta durante todo o horario lectivo. Para facilitar a utilización e organización da mesma existe un cadro de horario na sala de mestres onde o profesorado pode anotarse. E os titores/as da sede e das parroquias serán os encargados de xestionar as súas bibliotecas de aula, sempre cumprindo con todas as normas que se establecen dende a biblioteca central.

Ademais continuaremos coa apertura da biblioteca a toda a comunidade educativa tentando comprender as posibles desigualdades e ofrecendo ao noso alumnado recursos dos que, en ocasións, carecen nos seus fogares. Esta apertura será os martes en horario de 16:00 a 17:00 horas e os xoves de 16:45 a 17:45 horas.

Para poder facer este uso, será preciso que o noso alumnado se faga socio da biblioteca e entregárolle un carné de usuario.

Con respecto o servizo de préstamos seguiremos traballando coma o curso pasado, as familias poden acudir cos seus fillos e fillas a este espazo e facer alí o préstamo.

O responsable destas tarefas será o profesorado. Existirán distintas gardas ao longo de todo o curso. As funcións que desempeñará, neste caso, serán as de realizar os empréstitos ás persoas que asistan, axudalos no que precisen, deixar o material colocado no sitio correspondente e asesorar aos usuarios no emprego da biblioteca.

Espazos

Dende o equipo de biblioteca planificaremos os distintos escenarios, as normas de bo uso, os espazos, as condicións de préstamos, as actividades a realizar dentro da biblioteca así como as medidas imprescindibles para a súa utilización. Farase difusión a través da páxina web, a plataforma ABALAR, o claustro de mestres e dos titores/as para que toda a comunidade educativa sexa informada.

A biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes. O seu funcionamento e organización supeditarase, en todo caso, ás pautas ditadas pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Os espazos principais da biblioteca son:

- Amplo espazo con diferentes zonas onde o noso alumnado pode traballar tanto por equipos como individualmente (zona de lectura, mesas de traballo, recuncho de xogos, etc...).
- Recuncho Maker: onde se centraliza todo o material TIC e dispón de varias maletas creativas e sensoriais para a aprendizaxe experimental. Parte deste material irase rotando polas bibliotecas das parroquias para que todo o noso alumnado poida gozar destes materiais dun xeito equitativo.
- Espazo virtual: tamén contamos co espazo da páxina web do centro onde se atopa o blog da biblioteca. Este espazo é de gran axuda para a difusión e participación de toda a comunidade escolar.
- Recantos da biblioteca: uns espazos de lectura e igualdade situados na planta baixa da sede, onde o alumnado pode empregalos na hora de recreo. Estes espazos serán supervisados polo profesorado do centro, mediante as gardas de recreo.

Actividades

A biblioteca escolar é o viveiro do centro. A través dela debemos dinamizar, formar, comunicar, animar e difundir o amor e aprendizaxe a través da lectura e a través da utilización de diferentes medios. Trátase de partir dun escenario creativo de aprendizaxe. Este ano o proxecto versa sobre a ciencia. Sobre esta temática irán deseñadas as actividades da biblioteca escolar.

Contemplamos tres tipos de actividades:

* **Actividades fixas** para todo o curso escolar. Realízanse a través da páxina web e preséntanse a través de diferentes plataformas ou recursos dixitais. Realizaremos a súa difusión para a correcta implicación do alumnado e profesorado.

- ❖ Videocontos: no primeiro trimestre realizaremos un videoconto que sexa significativo coa proposta a traballar e no que participen as aulas do centro. A través del queremos fomentar o uso e pracer pola lectura, así como inicialos en hábitos lectores.
- ❖ Radio escolar: no curso anterior iniciamos a radio na escola e neste ano continuaremos familiarizándonos cos elementos e materiais que a compoñen a través de actividades na que participen todas as aulas do CRA.

- ❖ Recuncho de relaxación: no segundo trimestre realizaremos unha actividade para desenvolver o autocontrol e a capacidade de escoita.
- ❖ Recuncho maker: crearemos unha actividade que nos faga experimentar, investigar, manipular e coñecer novos materiais, técnicas para o desenvolvemento de todas as competencias.
- ❖ Familias lectoras: no segundo trimestre propoñeremos actividades que requiran da participación das familias: contacontos, poesías...
- ❖ Biblioconexións: Actividades relacionadas con outros centros e coa biblioteca pública de Salceda.
- ❖ Recomendacións de lectura: Mensualmente realizaremos recomendacións sobre contos ou materiais.

Todas estas actividades aparecen recollidas na páxina web do seguinte xeito:

Apartados páxina web	Contidos
A nosa biblioteca	Descrición da biblioteca do CRA. Neste apartado podemos ir observando os cambios e melloras neste espazo.
Radio escolar	Apartado específico para as actividades relacionadas coa radio na escola.
Videocontos	Actividades para fomentar o gusto pola lectura.
Recuncho maker	Robótica, ciencia, creatividade, xogos interactivos, realidade aumentada, materiais sensoriais...
Recuncho de relaxación	Actividades relacionadas para desenvolver o autocontrol e conseguir un benestar físico e mental.
Biblioconexións	Actividades relacionadas con outros centros e biblioteca pública de Salceda.
Familias lectoras	Apartado específico para todas as actividades onde se require a participación das familias.
Recomendacións	Publicacións sobre contos ou materiais que

lectoras	recomendamos.
Novidades	Publicacións das novidades que tiñamos.
Catálogo virtual	Acceso ao catálogo virtual para consulta dos fondos da biblioteca.
Catálogo material TIC	Catálogo para a centralización de todo o material TIC. Pódese realizar o préstamo, reserva ou devolución dos materiais.
Préstamos adultos	Acceso e información sobre a reserva dos préstamos de adultos.
Préstamo de xogos	Imaxes e información sobre a reserva destes recursos.
Maletas viaxeiras	Imaxes e información sobre a reserva destes recursos.
Maletas creativas	Imaxes e información sobre a reserva destes recursos.

* **Actividades sobre conmemoracións ou festividades:** Despois da reunión de coordinadores dos diferentes equipos, ao Equipo de dinamización da Biblioteca asignáronse as seguintes actividades:

Día das Bibliotecas Escolares (24 de Outubro)
<p>Esta xornada levarase a cabo na sede e o alumnado das parroquias se desprazará ata ela. Ao longo da mañá realizarase a actividade para coñecer a biblioteca, a nosa protagonista Ara e dar comezo ao proxecto.</p> <p>Primeiro enviarase unha carta ás aulas convidándoas a visitar a biblioteca da sede. Ao chegar, o alumnado non poderá acceder á biblioteca porque terán que axudar a Ara a recompilar ingredientes para realizar un experimento final (traballando así a temática do centro). Unha vez obteñan todos os elementos, irán á biblioteca e realizarán dito experimento. Ara tamén pedirá axuda aos cativos/as para buscar os seus libros favoritos relacionados coa ciencia (formación de usuarios). Días antes terán acceso a un vídeo explicativo de como está organizada a biblioteca.</p> <p>Como agradecemento, a nosa protagonista Ara entregarlles o seu carné de</p>

biblioteca e as bolsiñas para os préstamos.

Mes da ciencia en galego (mes de novembro)

Dende o Equipo de Biblioteca realizaremos unha maleta de ciencia, traballando así a temática de centro, que levará recursos científicos que o profesorado e alumnado poderá empregar na súa aula da forma que elixa. A maleta de ciencia viaxará por tódalas clases seguindo un calendario de rotación (durante todo o curso).

Día Internacional da educación (24 xaneiro)

Nesta actividade traballaremos en conxunto co coordinador de Benestar. A actividade consiste en levar a cabo unha charla para as familias apoiándonos no Plan Director ou na posible escola de pais.

Día mundial da Radio (13 de febreiro)

Co fin de conmemorar o Día mundial da Radio, levaremos a cabo unhas entrevistas a mulleres sobre o seu traballo, vida ou historia empregando a radio. Para realizar esta actividade traballaremos un conxunto co Equipo TIC. Unha vez realizadas as entrevistas, xuntaranse os resultados e publicaremos un produto final na páxina web polo Día da Muller (8 marzo).

Semana do Libro (17-21 Abril)

Realizaremos un roteiro literario coa axuda das familias e da ANPA (en vindeiras reunións, co equipo directivo, concretarase o espazo onde se desenvolverá a actividade e o percorrido do mesmo).

*** Actividade relacionada coa proposta de traballo de centro "UNHA VIAXE POLA CIENCIA".**

No mes de maio realizaremos un produto final do proxecto de centro, onde cada aula expoñerá o traballado durante o curso.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Ao longo deste curso seguiremos traballando para crear unha biblioteca na que todo o alumnado atope o seu lugar para traballar, espazos que integren a todos os nenos e nenas sen deixar a ninguén atrás, promovendo unha actividade inclusiva, igualitaria, normalizadora e respectuosa.

Intentaremos avanzar cara a unha biblioteca que responda ás necesidades de todo o alumnado do centro e que enfrente os retos que presenta a diversidade.

Tanto nas bibliotecas das aulas de parroquias como na sede deseñaranse recursos, materiais ou adaptacións as diferentes características do alumnado previo aviso dos titores/as.

Este curso seguiremos revisando e adaptando a sinalización da biblioteca en diferentes linguaxes (palabras, pictogramas, xestos...) tratando de chegar así do mellor xeito posible a tódolos nenos e nenas con capacidades diferentes.

Todas as medidas serán flexibles e susceptibles de cambios dependendo das demandas ou situacións que se poidan dar no centro.

PLAN DE PLURINFANTIL

No presente curso escolar 2024-2025 o programa de plurinfantil queda sen aplicación no centro por non contar cos recursos humanos coa habilitación lingüística necesaria. Continuarase coa súa aplicación no próximo curso 25-26 de contar con ditos recursos.

PLAN DE IGUALDADE



INTRODUCCIÓN

O Colexio Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta foi constituído no ano 2001, unha vez aceptada pola Consellaría de Educación a proposta presentada polas mestras e mestres das antigas escolas unitarias. Dita proxecto foi previamente votado e resolto a favor por parte das nais e pais e obtivo o correspondente beneplácito do Concello de Salceda de Caselas.

O nome escollido para o Centro fai referencia a unha raíña chamada Aragonta que tras ser repudiada polo rei Ordoño II funda nestas terras no ano 914 un mosteiro dúplice para permanecer nel o resto dos seus días. Este mosteiro, que seguiu a regra de San Benito, foi chamado Santa María de Salceda, nome que da orixe ao topónimo deste concello.

O Colexio Rural Agrupado (CRA) "RAIÑA ARAGONTA" atópase no Concello de Salceda de Caselas. A sede do CRA no que están as aulas de "Esfarrapada" están no núcleo urbano do Concello de Salceda e as restantes sete aulas en diversas parroquias do rural do concello.

O centro escolariza fundamentalmente a alumnas e alumnos da zona de influencia. Ao longo do curso o número de matrícula pode variar xa que se trata dun concello con moita mobilidade na súa poboación, pero cos datos do inicio do curso 2023/2024 contamos cun total de 194 nenas e nenos.

O noso CRA é un centro integrador, onde todas as persoas teñen cabida, sinalar que polo tanto tamén temos escolarizados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, sendo estas moi variadas.

No centro impártese en xornada continuada, o segundo ciclo de Educación Infantil, funcionando actualmente 14 unidades de Educación Infantil, distribuídas do seguinte modo:

AULAS DE ESFARRAPADA	
3 AULAS	3 ANOS
3 AULAS	4 ANOS
2 AULAS	5 ANOS
AULA DE BARREIRO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE A LOMBA-BUDIÑO	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE ENTENZA	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE FONTAN	
1 AULA	3,4,5 ANOS
AULA DE PICOÑA	
1 AULA	4,5 ANOS
AULA DE SAN XURXO	
1 AULA	3,4,5 ANOS

CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Aspectos xeográficos.

O concello de Salceda de Caselas atópase na parte meridional da provincia de Pontevedra, encadrado xeograficamente na bisbarra do Baixo Miño. Limita polo norte co concello de Pontearreas, polo sur co de Tui, polo leste co de Salvaterra do Miño e polo oeste co do Porriño. Parte do seu territorio, as zonas norte, oriental e meridional, podémolo adxudicar á comarca do Condado, mentres que a zona occidental forma parte da Louriña.

Trátase dun concello pequeno cunha extensión de trinta e seis quilómetros cadrados e unha poboación que se aproxima aos 10.000 habitantes.

Dito concello divídese en sete parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, a que súa vez constitúe o único grupo urbano do municipio, adscrito á parroquia de Santa María de Salceda. Conta ademais coas parroquias de Parderrubias, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Soutelo.

A climatoloxía é semellante á da comarca do Condado, caracterizada por uns valores térmicos temperados, precipitacións relativamente frecuentes, névoas e xeadas no inverno. Todo isto inflúe nos cultivos e na súa configuración forestal.

Aspectos socioeconómicos

Salceda nos últimos tempos experimentou un gran crecemento.

Por todo isto, a meirande parte da poboación inscríbese nunha economía de emprego en diferentes sectores, dada a proximidade dos polígonos industriais de Vigo e Porriño. Do mesmo xeito, cada vez son máis as pequenas empresas familiares que se abren camiño neste concello, grazas sobre todo ao incremento da poboación. Nun segundo plano queda a explotación agraria, a cal está máis ben asociada ao abastecemento familiar.

Tendo en conta o arriba sinalado, o nivel económico é medio, púideno oscilar dunhas familias a outras.

Aspectos culturais

A multiplicidade de poderes nobiliarios ao longo da historia deste concello foi a que permitiu o asentamento e construción dos notables pazos e casas brasonadas que actualmente converten ao concello de Salceda de Caselas nunha auténtica Terra de Pazos, os cales salpican as distintas parroquias. Cabe destacar o da Picoña por ser un dos máis fermosos de Galiza, así como o de Pegullal, Avalor, Budiño e Corisca.

No concello de Salceda de Caselas existe unha gran inqueda pola cultura autóctona, polo que a participación nas festas populares e culturais é moi ampla. Nestes últimos anos está dándose a coñecer en toda Galiza cunha festa gastronómica adicada aos callos celebrada a principios do mes de setembro.

Cabe destacar tamén a importancia que neste concello se lle outorga á música e o prestixio de que goza a súa Banda Municipal. De feito, nestes últimos anos a

Escola de Música en colaboración co Concello está organizando cursos e concertos de verán orientados á formación musical dos máis novos.

O Entroido en Salceda de Caselas posúe un interese tamén moi salientable. As comparsas das distintas parroquias son cada ano máis elaboradas e os desfiles atraen a numerosas persoas de dentro e fóra do concello. Esta festa vívese con moitísima entrega por parte da veciñanza, moitos da cal participa directamente na elaboración dos disfraces e carrozas. Resulta especialmente interesante o denominado pique, que fai referencia a o encontro das carrozas e comparsas de dous barrios veciños da parroquia de Santa María: Barreiro e A Feira, un dos cales será o gañador.

Por outra banda, a vida cultural das distintas parroquias é moi fluído debido á existencia de centros culturais que facilitan a participación da veciñanza en distintas actividades: teatro, biblioteca, música popular, canto coral, inglés, informática...

Para rematar este apartado, indicar que o centro ten participado en diferentes programas promovidos pola CCEOU. O último programa foi "Donas de Si" incluído dentro do Plan Proxecta 2018-2019 e vinculado estreitamente á figura da muller na sociedade en xeral así coma á prevención, detección e intervención de situación que atentan contra a igualdade efectiva de xénero.

PRINCIPIOS E VALORES.

1. **Transversalidade** e educación en valores "empaparán" o currículo, a organización e xestión do centro, as propostas lectoras e as dinámicas da biblioteca mellorando a cultura institucional mediante a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa o indirectamente, á comunidade educativa e recoñecendo a responsabilidade da comunidade, axentes sociais, como compoñentes indispensábeis da calidade, a equidade e o éxito da calidade educativa do centro. Os valores masculinos e femininos deben ser analizados e, se fose necesario, "recrealos" tomando o mellor de cada xº para crear seres humanos sensibles, respectuosos, corresponsabéis...

2. **Visibilidade:** Este Proxecto incorpora medidas e actuacións concretas que fan

fincapé na necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento da vida do centro, da comunidade social do Concello analizando que modelos representan, que valores transmiten, que modelo social aparece, sendo necesario reflexionar sobre a súa ausencia en ámbitos e sobre a pervivencia de papeis sociais diferenciados e discriminatorios, detectando as desigualdades e discriminacións que aínda existen.

3. Inclusión: A máxima do noso plan vai ser IGUALMENTE DIFERENTES, que resume o sentido do principio de inclusión. Sí á diferenza, pois a diversidade enriquece as relacións, as sociedades, mentres que a desigualdade e a discriminación, as fai máis pobres e problemáticas. Os papeis tradicionais asignados deben ser corrixiados pero antes deben ser visibilizados e analizados pois ás veces a desigualdade está tan interiorizada e forma parte de nós ao longo dos anos que parece que deba seguir así. Os estereotipos deben ser derrubados e sobre todo aqueles que encasillan a nenas e mulleres xa que hai diversas formas de ser muller como hai diferentes formas de ser home. Conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias, fan da inclusión un dos piares fundamentais do Plan.

4. Paridade: A igualdade formal e a igualdade real entre mulleres e homes integra o sentido deste principio. A paridade constitúe un dereito e un principio fundamental, necesario para a consecución de maiores cotas de xustiza e liberdade no exercicio de dereitos equitativos. A paridade real esixe, por unha parte, a participación equilibrada das mulleres e dos homes nas toma de decisión na vida do centro, no contexto familiar e na vida social.

5. Corresponsabilidade: A corresponsabilidade debe ser vivida na aula, no fogar, no centro xa que nenas e nenos, mulleres e homes están capacitados para realizar as mesmas tarefas.

6.- Conciliación: A conciliación favorece o empoderamento das mulleres para que poidas desenvolver traballos fóra do fogar. Este principio de conciliación vai xunguido á corresponsabilidade xa que non se trata de que a muller faga o dobre de traballos (no fogar e fóra) senón que os traballos deben ser repartidos pero atendendo á erradicación dos estereotipos de xº.

7. Linguaxe: A linguaxe ao longo da historia é primordialmente masculino e ás veces as nenas e mulleres non se senten identificadas. Tratarase de facer visible

unha linguaxe feminina e utilizar unha linguaxe feminina aínda que se recarguen os textos.

8. O Xogo e os xoguetes: A través do xogo nenas e nenos poden imaxinar o seu futuro. Xoguetes e xogos favorecen a necesidade de moverse, curiosar, crear, relacionarse, expresarse, intercambiar vivencias, accións e pensamentos. En definitiva, a necesidade de estar e de vivir no mundo. Ao mesmo tempo, os xogos, xoguetes e contos son instrumentos que socializan, que estimulan a comunicación, que serven para a evolución social, individual e social, inculcan ideas, crenzas, valores sociais, expectativas, necesidades, ofrecen modelos de actuación, ensinan a solucionar conflitos, esbozan un mundo máxico e proporcionan unha fonte de imaxinación e creación. Xogar con xoguetes ou ler un libro son un medio imprescindible para promover e favorecer a educación das emocións, dous afectos, a fantasía, a creatividade, linguaxe, articulación, as relacións, a discriminación visual, desenvolvemento do control corporal, relación co espazo, Todos estes elementos inflúen profundamente na construción da personalidade e identidade das persoas nas súas primeiras etapas de vida. Por iso, debemos ser conscientes do importante papel que desempeñan xogos, xoguetes e contos no desenvolvemento de nenas e nenos.

NORMATIVA:

As principais referencias legislativas que foron tidas en conta na elaboración do presente plan son:

- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020
- Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación coas modificacións previstas pola lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Declaración dos Dereitos da Infancia.
- Lei 4/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do

alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Protocolos educativos publicados pola CEUFP

ANALISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTFOBIA

Unha vez realizada a análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero podemos expoñer a continuación as conclusións que se obtiveron desta análise.

O centro presenta un clima de convivencia moi positivo no que as relacións interpersoais son fluídas e favorecedoras da aprendizaxe. Respecto da **igualdade de xénero** podemos dicir que existen mecanismos tanto na organización interna coma na normativa educativa que permiten que dita igualdade sexa plenamente efectiva en todos os momentos, funcións e ámbitos que se relacionan co contexto educativo.

A **violencia de xénero** é unha das lacras da sociedade actual e dende o noso centro combatemos todo tipo de manifestación que se vincule con dita violencia tratando de que dende os primeiros anos da súa escolarización, nenas e nenos, convivan e resolvan os conflitos inherentes á convivencia de xeito pacífico.

En canto á **LGBTfobia** podemos concluír que non se observan casos desta índole e que o centro manifesta unha política de tolerancia cero cara os mesmos. Consideramos que cada persoa é libre de escoller a súa identidade sexual así como todos aqueles aspectos que se vinculan ao seu benestar persoal relacionados con esta cuestión. Ata o momento actual o centro non contou coa necesidade de chegar a aplicar, para un caso individual, o establecido no Protocolo educativo

para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero publicado pola consellería en abril do ano 2016. Sen embargo, si que se aplicaron e se seguen a por en práctica as medidas de carácter preventivo incluídas no citado protocolo así como medidas tendentes á sensibilización de toda a comunidade educativa.

OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

A través deste plan, que se elabora de acordo co establecido na **instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020**, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional, pretendemos acadar os seguinte obxectivos:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - Que todos os membros da comunidade educativa (alumnado, familias , profesorado e persoal non docente) poidan participar coas mesmas oportunidades na vida escolar.
 - Erradicar calquera acto, acción, intención ou manifestación respecto de calquera tipo de discriminación independentemente do motivo que a suscite e de xeito especial aqueles relacionados coas cuestión de xénero.
 - Favorecer actividades, metodoloxías e dinámicas de centro que implique unha igualdade legal e real.

- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - Previr e intervir, por medio das actividades docentes e da acción tutorial, ante calquera caso de violencia de xénero que se chegue a producir no contexto escolar ou naqueles ámbitos que garden relación estreita coa vida escolar.

- Implicar a toda a comunidade educativa na prevención, detección e intervención de calquera tipo de discriminación sexa esta directa ou indirecta.
 - Incluír nas programacións de aula actividades nas que se traballan valores de co-responsabilidade nos distintos ámbitos da vida, de forma espacial nos referidos ao ámbito familiar.
 - Analizar e intervir na transmisión de saberes respecto dos usos e costumes que se atribúen a cada un dos sexos.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas aos diferentes sectores da comunidade educativa.
 - Realizar actuacións formativas dirixidas ao equipo docente, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
 - Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
- Crear centros educativos seguros para as persoas non responden ás expectativas de xénero (DSG*)
 - Garantir o dereito dos menores a vivir ou manifestar a súa orientación sexual ou a súa identidade de xénero con total liberdade e en ausencia de medos ou inseguridades.
 - Facilitar a formación do profesorado e os profesionais que han de traballar con menores no coñecemento e o trato da diversidade afectivo-sexual e familiar, así como na prevención do acoso homofóbico e transfóbico.

(*)Concepto de DSG: Este concepto DSG é máis preciso que o habitualmente utilizado de LGTB (lesbianas, gais, transexuais e bisexuais) posto que inclúe tamén ás persoas que aínda non se autoidentificaron, ás que non queren facelo, ás persoas transxénero, queer, fillos/as de familias homoparentales, etc. É dicir, fai referencia a quen non responden exactamente ás expectativas sociais respecto de a orientación sexual, ao xénero ou á expresión do mesmo. "Acoso escolar (y riesgo de suicidio) por orientación sexual e identidad de género: Fracaso del Sistema educativo." Madrid, FELGTB.

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

Organización do centro.

Continuar coa actual dinámica de funcionamento que permite unha representación igualitaria de mulleres e homes tanto nos órganos de decisión coma nos de representación.

Nomear, de ser posible no actual curso escolar, unha persoa responsable en materia de igualdade no seo do consello escolar para participar no impulso do plan de igualdade.

Incorporar no PFPP do centro unha vía de formación específica en materia de igualdade de xénero que inclúa formación específica para os distintos sectores da comunidade educativa.

Continuar co emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

Coordinar con ONG ou asociacións actividades para a conmemoración de datas coma o 25 de novembro (Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller), o 8 de marzo (Día Internacional da Muller) ou o 28 de xuño (Día Internacional do Orgullo LGBT) (trasladando este último, de ser posible, ao período lectivo). Así mesmo tamén se procurará establecer actividades directamente vinculadas coa igualdade de xénero nas restantes conmemoracións do curso escolar.

Continuar co actual desenvolvemento curricular, integrado dentro da actividade docente diaria, da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.

Analizar e determinar nos órganos de goberno correspondentes, así como naqueles de coordinación docente que proceda, as pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

Sopesar a posibilidade de participación en programas educativos da CEUFP

relacionados coa igualdade de xénero que se adapten ás características do alumnado do centro.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
Continuar coa revisión continua das programacións didácticas e a propia práctica docente sobre aspectos como:

Mulleres relevantes en cada ámbito do saber.

Saberes tradicionalmente asociados ás mulleres.

Desigualdades de xénero.

Papel da muller na historia da humanidade.

...

Continuar coa revisión continua do material didáctico empregado na aula como:

Valores.

Normas.

Representacións.

Selección de contidos, Personaxes, Imaxes, Linguaxe,...

Coordinar, con asociacións, entidades locais ou ONG, actividades información e e sensibilización na aula, así como coas familias.

Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Difusión de toda aquela información relativa á igualdade efectiva de mulleres e homes tanto nas dependencias do centro como por aqueloutros soportes aos que ten acceso o centro.

Continuar coas prácticas educativas xa establecidas respecto a temas como:

Lecturas coeducativas nas aulas e na biblioteca escolar.

Organización de actividades por parte da ANPA con marcado carácter coeducativo (obras de teatro, contacontos, etc)

Corroborar a idoneidade de todas aquelas persoas que colaboran co centro educativo no que a igualdade de xénero se refire.

Empregar contidos de actualidade adecuados á idade na sensibilización para unha igualdade real.

Organización do patio escolar que permita un patio inclusivo e libre de estereotipos.

Realizar actividades dentro do PAT (Plan de acción tutorial) así como dentro das programacións de aula nas que se aborden temas como o acoso sexual, a orientación sexual, a identidade de xénero, adaptadas á idade do alumnado.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Coordinar a nivel de centro programas e proxectos que promovan o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.

Revisar os documentos de centro, de xeito especial o plan de convivencia, de cara a incluír ou modificar aqueles obxectivos directamente relacionados coa igualdade de xénero.

Establecer, nas dinámicas de aula, actividades e rutinas que permitan promover unha educación responsable do alumnado respecto das tarefas a desenvolver na sociedade e na vida familiar e escolar.

Realizar saídas ao entorno próximo enmarcadas dentro de programas e actividades de intervención social nas que se aborde a igualdade de xénero.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento deste Plan realizarase trimestralmente e anualmente, tanto no Claustro coma no Consello Escolar de Centro, incluíndo a memoria sobre as actividades desenvoltas dentro da memoria final do centro.

O centro acorda establecer mecanismos de seguimento e avaliación do presente plan co fin de adaptar o mesmo ás necesidades que se detecten.

Establécese a creación de dous cuestionarios, un para o profesorado e outro para as familias, que se aplicarán ao remate do curso escolar e que servirán para valorar o grao no que se acadaron os obxectivos propostos, o nivel de implicación de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do plan así como a viabilidade, variedade e adecuación das actividades propostas.

CONCRECIÓN DO PXAD

CONCRECIÓN ANUAL

2024-2025

INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que se refunde coa Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no seu Artigo 121 que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e que deberá respectar o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais.

En consonancia con estes principios, configúrase a atención á diversidade como un dos eixos vertebradores e pilar fundamental do sistema educativo regulado polas mencionadas Leis. Así, considérase esencial proporcionar unha educación axustada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais, sendo este un cometido de toda a comunidade educativa.

A atención á diversidade a que se refire o mencionado Artigo 121 deberase articular debidamente no Plan Xeral de Atención á Diversidade, tendo en conta o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia.

Deste xeito no presente documento que nos ocupa, concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado escolarizado nel durante o presente curso escolar.

Ademais, perseguirase facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias clave e a consecución dos obxectivos xerais previstos na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Centro Rural Agrupado (CRA) Raíña Aragonta atópase localizado en Salceda de Caselas, un pequeno concello pertencente á comarca de Vigo que se sitúa no suroeste da provincia de Pontevedra. Salceda de Caselas é un concello rural onde os seus habitantes (9421, INE 2023) se reparten en pequenos e numerosos núcleos de poboación.

Trátase dunha zona de interior relativamente próxima á cidade olívica, onde o nivel socioeconómico é medio sendo destacable a escasa actividade económica propia, polo que a maioría das familias se desprazan a outras localidades, como Porriño ou Vigo, para atopar emprego.

Salceda de Caselas é o concello de Galicia que máis aumentou a súa poboación nos últimos anos, e presenta a taxa de natalidade máis alta da Comunidade, o que repercute directamente nas necesidades organizativas e de recursos de toda índole das súas escolas.

A oferta cultural do concello é bastante ampla. Conta con casa da cultura, biblioteca, locais sociais en tódalas parroquias, pavillón e escola de música. Ao longo do curso organízanse moitas actividades conxuntas entre o concello e o centro escolar.

O CENTRO

Características xerais.

Tal e como se referiu anteriormente, o Raíña Aragonta trátase dun Centro Rural Agrupado, regulado no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Nel escolarízase o alumnado pertencente á etapa de Educación Infantil, concretamente os nenos e nenas que cursan de 4º a 6º curso (2º ciclo da etapa). No CRA Raíña Aragonta están matriculados practicamente a totalidade das nenas e nenos de 3 a 6 anos censados en Salceda de Caselas, sendo no actual curso 2024-2025 un total de **194 alumnas e alumnos**.

O centro conta con xornada continua sendo o horario lectivo de 09:15 a 14:15 horas. Con carácter xeral o horario de atención a familias é na tarde dos martes de 16:00 a 17:00 horas.

Instalacións.

O centro está composto por 14 unidades de Educación Infantil dispostas do seguinte xeito:

UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL	
4º Educación Infantil	3 aulas
5º Educación Infantil	3 aulas
6º Educación Infantil	2 aulas
Aulas mixtas (4º, 5º e 6º)	6 aulas

Na parroquia de Santa María de Salceda, no centro urbano de Esfarrapada, atópase a edificación máis grande do CRA Raíña Aragonta, sede do mesmo, e onde se atopan 7 aulas de Educación Infantil.

O edificio está composto por dúas plantas. Na planta inferior atópanse 5 aulas , a aula de psicomotricidade, 2 aseos de nenas e nenos, 2 aseos de mestras/es, sala de caldeiras, 2 almacéns, sala de mestras e mestres, despacho de dirección, despacho de secretaría-xefatura e aula usos múltiples. Na planta superior hai 2 aulas , aula de música, biblioteca, aula de Audición e Linguaxe, aula de Pedagogía Terapéutica, despacho de Orientación, aula multisensorial e 2 aseos de nenas e nenos. No exterior do edificio hai un patio cuberto, un patio exterior cun areeiro, un horto, dúas pistas polideportivas, e unha ampla zona axardinada.

Fóra do horario lectivo, estas instalacións son empregadas para desenvolver as actividades extraescolares e reúñense as socias e socios da ANPA. (neste curso estas actividades non se desenvolven)

Nesa mesma parroquia no lugar de Barreiro hai outra aula do CRA Raíña Aragonta. Nela escolarízase alumnado de 3, 4 e 5 anos nun grupo mixto. Esta aula conta cos seguintes espazos: un pequeno edificio onde está a aula e os aseos, un edificio anexo (antiga casa do mestre/a) con utilidades moi versátiles (actividades de lecer, desdoubles en relixión e alternativa, determinados apoios,...), un pequeno patio

cuberto, un horto, unha zona de patio aberto.

Na parroquia de Parderrubias, no lugar de Fontán, hai unha aula do CRA Raíña Aragonta onde se escolariza alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. A aula conta con tres espazos nun mesmo edificio (aseos, espazo no que permanece o grupo habitualmente e outro polivalente) e un patio aberto.

Na parroquia de Entenza hai outra aula mixta do centro, localizada nun edificio grande que pertence a un centro cultural parroquial. Nesta edificación dispomos de unha pequena aula, despacho, aseos e un pequeno patio.

Na parroquia de Picoña hai unha aula onde se escolariza alumnado de 3, 4 e 5 anos nun grupo mixto (este curso sen alumnado de 3 anos). A edificación conta cos seguintes espazos. Aulas, aseos e patio.

Na parroquia de Budiño contamos cunha aula mixta onde se escolariza alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. A aula conta cun espazo onde se imparte docencia, un despacho, aseos, e patios.

Na parroquia de San Xurxo tamén hai outra aula onde se escolariza alumnado das mesmas idades e sendo a disposición do espazo similar ás anteriores.

Recursos persoais.

Son aquelas persoas tanto de dentro como de fóra do centro, que posibilitan a atención adecuada e individualizada a todo o alumnado en xeral, e en particular a aqueles que presenten neae partindo dunha intervención global e multidisciplinar.

Recursos internos:

O presente curso académico 2024/2025 no CRA Raíña Aragonta contamos cos seguintes profesionais:

Persoal docente:

Mestras/es titoras/es:

Educación Infantil 14

Apoio Educación Infantil 3

Mestras/es especialistas:

Lingua estranxeira (inglés) 1

Educación Física 1

Música 1

Relixión católica 2
Audición e Linguaxe 1
Pedagogía Terapéutica 1
Orientación 2

Familias e alumnado.

Recursos externos

Inspección Educativa

Xefatura Territorial

Equipo de Orientación Específico

Asociacións: BATA, ASPERGA,...

Servizo de Atención Temperá do concello de Salceda de Caselas.

Servizos de Saúde: pediatría, neuropediatría,...

Servizos Sociais do Concello de Salceda de Caselas: educadoras familiares, traballadora social, psicopedagoga,...

Entidades privadas: logopedia, psicoloxía, pedagogía, dentista,...

Centro de Formación e Recursos.

O alumnado.

No CRA Raíña Aragonta atópanse matriculados na actualidade un total de 194 nenos e nenas. Cabe destacar que entre a totalidade do alumnado existen variedade de intereses, afeccións, preferencias, capacidades e dificultades. Unha porcentaxe do alumnado presenta necesidades específicas de apoio educativo de diversa índole.

Tal e como se referiu anteriormente son moitas e moi variadas as necesidades específicas de apoio educativo que presenta o alumnado escolarizado nas distintas aulas do CRA, tanto nas que se atopan no centro urbano de Esfarrapada, como lóxicamente, nas distintas aulas mixtas localizadas nas distintas parroquias de Salceda. O feito de que o alumnado se escolarice en pequenas aulas mixtas nun contexto rural ten numerosos beneficios e aspectos positivos, pero tamén supón importantes dificultades a nivel organizativo.

É importante ter en conta que os desprazamentos das mestras/es especialistas entre as distintas aulas (salvo no caso das aulas localizadas no lugar de

Esfarrapada), levan unha media de 15 minutos, o que merma de xeito considerable as horas reais de docencia desas mestras/es. Do mesmo xeito danse certas dificultades para transportar dunha aula a outra os materiais máis específicos: xogos manipulables, material de psicomotricidade, ordenador con programas e xogos específicos,... (tendo en conta que a aprendizaxe na etapa de Educación Infantil realízase fundamentalmente a través do xogo).

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

ALUMNADO DESTINATARIO DO PXAD

Tal e como se referiu con anterioridade, e tendo en conta o Artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121 da LOE.

No plan deberanse concretar todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

Así pois, os destinatarios do Plan Xeral de Atención á Diversidade son:

A totalidade do alumnado, diverso ante os procesos de ensino-aprendizaxe, con distintas características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais:

O alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (temporal ou permanente):

Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.

Alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema educativo.

Alumnado con determinadas condicións persoais ou de historia escolar.

IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS

Para coñecer as necesidades, dificultades e características dos nosos alumnos e

alumnas e atendelas da maneira mais axeitada e temperán posible, dende o centro escolar, levamos a cabo unha serie de actuacións baseadas na normativa vixente que nos permiten coñecer e identificar cales destes alumnos van a precisar unha atención máis específica e determinar e planificar o modelo de intervención máis axeitada para cada caso.

Para todo isto realizamos as seguintes actuacións:

3.2.1. Avaliación inicial:

Permite obter un coñecemento o máis completo posible sobre os alumnos e alumnas. Mediante esta avaliación podemos axustar a resposta educativa ás características individuais das necesidades de cada neno, nena e/ou grupo de alumnos e alumnas.

Tanto no Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, como na orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación indican que ao iniciar a escolarización, tanto na etapa de Educación Infantil como na Educación Primaria, todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial, na que ademais dos aspectos recollidos na **orde do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa tamén se verán recollidas a detección das posibles necesidades específicas de apoio educativo. As avaliacións iniciais realizaranse ao comezo do ciclo (2º ciclo de E.Infantil), e cando haxa incorporación de novos alumnos, xa sexa en calquera momento do curso escolar.

O departamento de orientación, xunto cos equipos de orientación específicos, son os encargados de elaborar o material necesario para que os mestres tutores leven a cabo a recollida de información que sexa necesaria para a avaliación. Unha vez recollida esta información, o departamento de orientación a estuda e analiza para extraer conclusións que nalgúns casos pode derivar na necesidade de levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica .

Para levar a cabo unha avaliación inicial hai que ter en conta o seguinte: datos recollidos na entrevista inicial coas familias; o historial do alumno; a observación directa e os datos aportados polo equipo docente que trata directamente co alumno ou alumna.

A información estará recollida nunha ficha de avaliación inicial, elaborada polo Departamento de Orientación e que servirá para coñecer aspectos como:

Datos persoais, físicos e de saúde.

Contexto familiar (afectivo, socio-económico e cultural).

Intereses e preferencias.

Grao de autonomía e socialización.

Competencia en comunicación lingüística.

Nivel de desenvolvemento motriz e dominancia lateral.

Integración no grupo.

Posibles factores que anticipen dificultades nos procesos de ensino – aprendizaxe.

3.2.2. A avaliación psicopedagóxica

Con respecto á **Avaliación Psicopedagóxica**, vai ser a técnica de avaliación que empregue o orientador/a nos centros, no caso de detectarse dificultades, xa sexa por parte dos mestres titores ou especialistas que impartan docencia ao alumnado, ou ben por parte da familia ou servizos de saúde de Galicia.

Para levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica no noso centro, existe un Protocolo de Actuación, cos seguintes pasos para iniciar e facer mais efectivo o proceso:

Avaliación de necesidades. Para xestionar as demandas de avaliación por parte da orientadora, a titora interesada debe cumprimentar unha ficha (segundo o modelo "Solicitud de avaliación do orientador/a"), e entregala á xefa de estudos.

A xefa de estudos rexistrará as solicitudes e as remitirá á/ao xefe/a do departamento de orientación.

A Xefa/e do D.O realizará o estudo e comunicará os resultados á titora. De ser necesario unha intervención específica o/a orientador/a comunicará á xefa de estudos a decisión adoptada e ámbalas dúas organizarán o horario de atención

específica.

No caso de que o alumno/a reciba apoio ou reforzo educativo externo, a familia será informada e deberá cumprimentar a correspondente autorización (segundo modelo "autorización sobre adopción de medidas de atención á diversidade").

Os profesionais implicados no programa de intervención específico coordinaranse na súa actuación establecéndose o calendario de reunións (como mínimo unha vez cada trimestre).

Cada trimestre a orientadora realizará un seguimento a cada alumno/a que reciba apoio externo, para determinar a conveniencia de continuidade do programa previsto, ou ben para a súa modificación se fora necesario.

As mestras de audición e linguaxe e os mestres/as que impartan apoios ao alumnado con necesidades específicas, avaliarán trimestralmente o grao de consecución dos obxectivos previstos, e comunicarán, mediante informe (segundo modelo) os resultados ao titor e á orientadora.

3.2.3. Informe Psicopedagógico:

As conclusións e resultados extraídos da avaliación psicopedagóxica deben estar recollidos nun informe psicopedagógico, de carácter individual, no cal debe figurar a situación evolutiva e educativa do alumno/a en cuestión, a concreción das súas necesidades educativas, orientacións para a súa intervención ou traballo en aula e a determinación das axudas que van ser necesarias. Este informe axuntarase á documentación que conforma o expediente escolar do alumno/a e será gardado e custodiado nos arquivos do Departamento de Orientación.

As familias deben ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe, seguindo os protocolos para isto establecidos.

3.2.4. Ditame de escolarización:

O ditame de escolarización vaise realizar no caso de alumnado con *necesidade específica de apoio educativo*, corresponde ao xefe do departamento de orientación, e levarase a cabo nas seguintes situacións:

- Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
 - Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- Alumnado para o que se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.

Este documento consiste nun informe persoal dun alumno/a, elaborado polo departamento de orientación, que vai recoller os seguintes puntos:

As conclusións da avaliación psicopedagóxica.

As orientacións sobre a proposta curricular axeitada e os recursos persoais e materiais que van ser necesarios.

A proposta de escolarización (que pode ser en centro ordinario, combinada, ou en centro específico).

A opinión dos pais ou titores/as legais sobre a proposta de escolarización.

DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Entre os obxectivos a acadar cabe destacar os seguintes:

- Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado en función dos recursos dispoñibles.
- Articular as distintas medidas, plans e actuacións de atención á diversidade.
- Facer posible unha transición harmónica entre etapas posibilitando unha maior coordinación entre centros.
- Identificar as necesidades e adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado.
- Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e a inserción do alumnado inmigrante e daquel que se atope nunha situación de risco de abandono escolar.

- Implementar medidas ordinarias e extraordinarias, organizativas e curriculares necesarias para a consecución das competencias clave e os obxectivos da etapa de Educación Infantil.
- Dar prioridade a aquelas medidas destinadas ao alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo (alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo, cunhas condicións persoais ou de historia escolar desfavorables, trastornos graves de conduta ou alumnado con altas capacidades).
- Priorizar as actuacións e medidas de carácter preventivo e de detección temperá, así como as de carácter ordinario fronte ás de carácter extraordinario.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Fomentar a participación e coordinación dos equipos docentes na adopción e desenvolvemento das medidas.
- Fomentar a implicación doutros sectores da comunidade educativa: alumnado (titoría entre iguais, mediación), persoal non docente e familias.
- Establecer procedementos de comunicación adecuados para garantir a información e participación das familias do alumnado.
- Coordinar actuacións e establecer canles de comunicación cas parroquias que conforman o CRA e outros servizos externos.
- Identificar, a través dunha avaliación interna, a eficacia da atención á diversidade ao finalizar cada curso escolar e aqueles aspectos que precisan mellorar.

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS:

Contémplanse dous tipos, de carácter preventivo e de carácter curricular e/ou organizativo.

5.1.1. Medidas ordinarias de carácter preventivo:

Son aquelas medidas, plans ou estratexias que teñen por obxectivo a prevención e a detección temperá. Pretenden garantir un tratamento educativo personalizado, promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

MEDIDA/ PROGRAMAS	DESCRICIÓN	DESTINATARIOS	FUNCIONAMENTO	RESPONSABLES
Transito á Educación Primaria	Conxunto de actuacións destinadas a facilitar o tránsito a E. Primaria.	Alumnado de 6º de Educación Infantil e familias.	Desenvolvemento do programa.	Coordinación das xefaturas dos Departamento de Orientación do CRA e do CEP Altamira.
Programa de Estimulación da Linguaxe Oral.	Conxunto de sesión de apoio destinadas a afianzar a linguaxe oral, e minimizar posibles dificultades de articulación no alumnado de E.Infantil.	Alumnado de 3º e 4º de Educación Infantil	O programa desenvolverase nos cursos 4º e 5º de E.Infantil por teren os alumnos de 6º unha atención mais individualizada ca mestra especialista de A.L.	Coordinación: Departamento de Orientación. Posta en práctica: mestres de apoio E.Infantil.
Programa colectivo de recuperación de dislalias 6º E.Infantil	Programa que se realiza con un conxunto de alumnado con unha dislalia coincidente, o cal posibilita un traballo en pequeno grupo.	Alumnado de 6º de Educación Infantil cas mesmas dificultades de articulación	Emprego de diferentes estratexias colectivas de intervención para corrección de dislalias relacionadas cos fonemas /s/ e /z/.	Coordinación: Departamento de Orientación. Implementación: Mestres de apoio a E.Infantil e Titores cas recomendacións da especialista en A.L.
Metodoloxías baseadas na aprendizaxe por proxectos e o traballo colaborativo.	É a metodoloxía que se emprega a nivel xeral en tódalas aulas do CRA.	Tódolos alumnos do CRA.	Funciona como eixo metodolóxico a través do cal se planifican tódolos procesos de ensino - aprendizaxe.	Titores, Mestres de apoio e especialistas.

5.1.2. Medidas Ordinarias de carácter organizativo e curricular.

Ademais dos diferentes programas preventivos que sinalamos anteriormente,

tamén empregamos unha serie de medidas ordinarias de atención á diversidade que están implícitas na metodoloxía empregada no día a día do centro, como son as seguintes:

A adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

O emprego dunha metodoloxía baseada na aprendizaxe por proxectos, onde se prima o traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, a tutoría entre iguais, etc.

Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.

Reforzo Educativo e apoio dos mestres de apoio a Educación Infantil.

A adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos e espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Desdobramentos de grupos.

Programas específicos personalizados.

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Son aquelas medidas que están dirixidas a dar resposta a aquel alumnado identificado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificación significativas no currículo ordinario ou cambios na organización ou nos elementos de acceso ao currículo ou modalidade de escolarización.

Estas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Seguindo o que nos indica o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade, podemos dicir que as medidas extraordinarias que aplicamos dende o Departamento de Orientación do CRA, son as seguintes:

Adaptacións Curriculares.

Agrupamentos flexibles.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

Flexibilización do período de escolarización.

Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Para levar a cabo unha atención á diversidade o máis efectiva posible, é necesario determinar uns **criterios que regulen como se vai a levar a cabo esta atención e como se van a distribuír os recursos persoais do centro.**

6.1. Organización dos apoios.

No CRA existen xa regulados diferentes mestres que levan a cabo o apoio en aula, son os mestres de apoio en Educación Infantil. En concreto, no noso centro existen catro apoios, dous destinados á sede, un apoio mixto que atende os apoios necesarios repartindo o seu horario entre as aulas da sede e as aulas situadas nas parroquias, e por último, un mestre de apoio que esta dedicado soamente ás aulas das parroquias.

Por outra banda, o criterio xeral é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o desenvolvemento xeral e acadar os obxectivos e competencias clave da etapa de Educación Infantil.

Nos casos de alumnado con *necesidades específicas de apoio educativo*, o diagnóstico do orientador/a debe preceder á intervención dos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Non sendo necesario neste último caso a emisión de informe psicopedagóxico para o alumnado que presente so dificultades de fala (articulación e dislalias), que serán atendidos pola mestre especialista de AL, sempre que teña dispoñibilidade horaria.

Os apoios serán organizados tentando respectar as sesións impartidas por outros especialistas, no caso de precisar intervención individualizada fora da aula.

Sempre que sexa posible vaise **priorizar o apoio dentro da aula ordinaria**, xa sexa dos mestres de apoio a E.Infantil ou no caso da intervención dos especialistas de PT e AL.

So se produciran intervencións directas especializadas nos seguintes casos:

No caso de alumnado de NEAE, que polas súas características precise dunha intervención mais individualizada e de recuperación.

Alumnado que teña que recibir intervención directa por parte do especialista de Audición e Linguaxe, que será preferiblemente en sesións curtas de 30 minutos de duración.

Alumnado de distintas aulas agrupados nunha mesma sesión.

As familias do alumnado que sexa susceptible de reforzo e apoio serán debidamente informadas das medidas que se pretenden levar a cabo e dos obxectivos que se pretenden acadar cas mesmas.

Farase un seguimento continuo de todo aquel alumnado que teña apoios ou reforzos programados, establecendo mecanismos de revisión e mellorando ou modificando os obxectivos da intervención sempre que sexa preciso.

Hai que destacar a importancia de manter unha boa coordinación entre tódolos profesionais implicados na intervención dos alumnos.

6.2. Prioridade das intervencións.

Sempre que o centro non teña recursos persoais ou horario dos mestres especialistas ou os mestres de apoio suficientes para atender a tódalas demandas, é preciso determinar as **prioridades de intervención** seguindo unha serie de criterios que teñen que ver ca importancia das necesidades de cada alumno, deste xeito:

Priorizarase en primeiro lugar as intervencións dos casos de maior gravidade (alumnos con Necesidades Educativas Especiais).

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que xa recibían reforzo e o precisen manter no tempo.

Alumnado novo identificado con NEAE.

Outras dificultades (articulación, necesidades leves de regulación de conduta), priorizando en orde mais próximo á promoción a Educación Primaria, isto é : 6º EI, 5º EI e por último e para deixar que a evolución e os diferentes ritmos de aprendizaxe actúen de maneira natural, o 4º curso de E. Infantil.

Excepcionalmente, o D.O poderá flexibilizar estes criterios (do 1 ao 4) para a atención dun/dunha alumno/a determinado en base ás necesidades que presenta e

con motivos xustificados en informes médicos".

As intervencións dos especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, serán determinadas e **priorizadas para aqueles alumnos/as que presenten un maior grao de afectación ou dificultades**. Dito grao de afectación determinarano as especialistas do D.O (PT/AL) en coordinación coa Xefatura do D.O e a Xefatura de Estudos. Estas intervencións cumprirán rigorosamente co establecido nos protocolos publicados pola Consellería ou por aquela normativa que se publique a posteriori.

6.3. Modalidades de atención.

Apoio do titor e dos mestres de apoio a E.Infantil, que precisen dunha atención mais individualizada. Son alumnos que polas súas características poden seguir o currículo ordinario, pero precisan, para logralo, dunha atención mais individualizada. Prodúcese dentro da aula ordinaria.

Apoios de especialistas dentro da aula ordinaria: este apoio ten por obxectivo favorecer a inclusión e a normalización de alumnos con NEAE, permitindo que o alumno traballe co resto do seu grupo e á súa vez permite que o traballo do titor co resto do grupo sexa mais efectivo.

Atención especializada por parte do profesorado especialista: Alumnado con *necesidades específicas de apoio educativo* que precisen nun determinado momento, ou en toda a súa escolarización, dunha atención e apoio mais especializado e individualizado.

Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.

7.1. Claustro

Consensuar a definición do marco conceptual elixido polo centro (que é a atención á diversidade, que medidas de atención á diversidade se adoptan, cómo se entende o proceso de ensino - aprendizaxe).

Elaborar o Proxecto Educativo.

Coordinar as funcións referentes á orientación, titoría e avaliación dos alumnos e alumnas.

Aprobar o Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación para posteriormente trasladalo ó Consello Escolar para a súa aprobación.

7.2. Profesorado titor

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación da Xefatura de estudos en colaboración co Departamento de Orientación.
- Realizar a avaliación inicial ao comezo do curso seguindo as directrices e orientacións programadas dende o Departamento de Orientación, co fin de detectar posibles necesidades ou dificultades no alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica, atender ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado e adecuar as programacións de aula á diversidade desta.
- Elaborar a adecuación do currículo correspondente nas Adaptacións Curriculares que sexa necesario levar a cabo no seu grupo de alumnos.
- Facilitar a normalización e inclusión dos alumnos no grupo.
- Coordinar os procesos de avaliación dos alumnos do seu grupo cos mestres especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica e o resto do profesorado que interveñen co grupo de alumnos.
- Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sobre todo aquilo que lles concirna en relación coa intervención educativa e o rendemento académico.

7.3. Profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Para coordinar as súas funcións, o profesorado especialista en PT e AL réunese unha vez á semana co Orientador/a do CRA e o/a coordinador/a de ciclo, no departamento de orientación, onde se discuten as metodoloxías e programas de atención, ademais de tódalas actuacións levadas a cabo dende o departamento.

7.3.1. Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica:

- Intervención educativa directa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaboración co xefe do departamento de orientación nas cuestións relacionadas

co alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.

- Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación do alumnado co que realizan unha intervención individualizada.
- Colaboración co departamento de orientación na elaboración do Plan de Orientación.
- Colaboración no asesoramento do profesorado que imparte docencia directa co alumnado con NEAE.
- Elaboración e planificación de recursos e materiais específicos para ó alumnado con *Necesidades Educativas Especiais*.
- Seguimento e elaboración de informes trimestrais e finais de aqueles alumnos que teñen unha intervención específica en Pedagogía Terapéutica.
- Aquelas outras funcións que se lle poidan asignar no seu ámbito de actuación.

7.3.2. Mestre especialista en Audición e Linguaxe:

Actuación directa docente co alumnado con alteracións lingüísticas.

Colaboración na avaliación inicial do alumnado e na valoración das dificultades mais específicas de alteracións da linguaxe.

Colaboración na elaboración e desenvolvemento de programas de estimulación da linguaxe. Especialmente no programa de estimulación da linguaxe oral e no programa colectivo de recuperación de dislalias específicas.

Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e o tratamento de dificultades na área da linguaxe.

Seguimento e elaboración de informes trimestrais de aqueles alumnos que teñen unha intervención específica en Audición e Linguaxe.

7.4. Departamento de orientación:

De forma xeral, as funcións do departamento vertébranse en torno as funcións de prevención, colaboración, intervención directa especializada e apoio ás familias.

Elaborar de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos Equipos de ciclo a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo para a súa inclusión no Proxecto Educativo.

Elaborar a proposta de concreción anual do citado PXAD, que formará parte da Programación Xeral Anual.

Elaborar a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, incorporando as propostas de mellora que se incorporarán á memoria do Plan de Orientación e á memoria anual do centro.

De xeito mais concreto, as funcións do Xefe do Departamento de Orientación son:

Servir de apoio ao Equipo directivo, Claustro, alumnado e familias.

Coordinar a atención do alumnado con *necesidades específicas de apoio educativo*, en colaboración coa xefatura de estudos e o profesorado de apoio.

Detectar e avaliar as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas.

Elaborar os informes psicopedagóxicos, a parte formal no caso das Adaptacións Curriculares.

Participar no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.

Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado información e orientación para o desenvolvemento dos mesmos.

Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade a adoptar no caso de alumnado *con necesidades específicas de apoio educativo*.

Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.

Deseñar en colaboración co profesorado medidas que favorezan o desenvolvemento integral e medidas de reforzo que favorezan as aprendizaxes do alumnado.

Coordinar a actuación do profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.

Establecer canles de comunicación e información ás familias.

7.5. Equipo directivo.

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade da totalidade do profesorado do centro, implicándose nas propostas na planificación como na posta en práctica das medidas que sexan necesarias. Deste xeito, un papel destacado será o do Equipo Directivo, pois é o encargado de dinamizar tódolos procesos de atención ao alumnado, incluídos polo tanto aqueles que teñan que ver ca atención á diversidade, destacando o rol da Xefatura de Estudos como o

encargado de coordinar todo o relacionado ca atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións, etc.

É o órgano responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á diversidade.

Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en práctica no que corresponde ás medidas de atención á diversidade e á coordinación do profesorado implicado.

Habilitar os recursos dispoñíbeis para a atención e intervención específica do alumnado con *Necesidades Educativas Especiais*.

Coordinar e velar pola execución de tódalas actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

Coordinar a actividade docente, con especial atención a procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de reforzo, recuperación e ampliación.

Incorporar a concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velar polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

7.6. Comisión de coordinación pedagóxica.

Velar para que a elaboración das concrecións curriculares de etapa, Plan de Acción Titorial, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación Educativa e o Plan de Convivencia Escolar se elaboren conforme aos criterios establecidos polo Claustro.

Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas, do Plan Xeral de Atención á Diversidade e dos demais plans e programas do centro.

Mediar nas propostas dos equipos de ciclo e comisións elevadas ao Claustro.

7.7. Persoal coidador.

Colaborar, en coordinación cos profesionais implicados, na execución práctica, seguimento e avaliación dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

Guiar e/ou axudar ao alumno/a na adquisición de hábitos e actividades de coidado, hixiene e aseo persoal previamente programadas.

Guiar e/ou axudar ao alumno/a nas actividades dirixidas á adquisición de hábitos

alimentarios.

Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, autocontrol en desprazamentos e actividades da vida cotiá.

Guiar e/ou axudar ao alumno/a nos desprazamentos e na participación activa de actividades dentro e fora do centro, cando as súas condicións llo impidan ou dificulten.

Colaborar co resto do profesorado na atención, vixilancia e coidado destes alumnos/as durante os períodos de recreo, descanso e saídas do centro.

Prestar axuda ao alumno/a dentro da aula, para facilitarlle o acceso a algunhas actividades que poidan presentar especial dificultade para el. Estas actividades sempre deben estar programadas e supervisadas polo profesorado, xa se desenvolvan na aula ou en agrupamentos flexibles.

Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

8.1. Coordinación interna:

Os mecanismos para optimizar a coordinación interna serán os seguintes:

Reunións do Departamento de Orientación: completo, do profesorado de PT e AL e das titorías co orientador e/ou co profesorado de PT e AL. Tamén en calidade de invitada a Directora do CRA e a coidadora.

Reunións de ciclo e/ou nivel.

Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Sesións de avaliación: inicial, trimestral e final.

A principios de cada curso, o profesorado de apoio, coordínase cos titores do alumnado que atenderá ao longo do curso.

Todas aquelas xuntanzas que requira cada un dos casos tratados.

Para promover a coordinación entre Educación Infantil e Educación Primaria, o xefe/a do Departamento de Orientación reunirse en xuño cos titores de 6º de E.Infantil e recollerá información relevante sobre as características e necesidades educativas do alumnado que cambia de etapa. Tamén será o encargado/a de

realizar os informes finais de etapa para os alumnos con *necesidades específicas de apoio educativo*.

8.2. Coordinación con outros centros:

No relativo aos centros adscritos, debemos ter en conta de que o propio centro non ten adscritos como tal, senón que se trata de un Centro Rural Agrupado que consta de 8 aulas na súa sede e outras sete distribuídas polas parroquias do concello. Isto fai máis complicada e se cadra máis importante a coordinación entre a sede e as súas parroquias, para isto, os especialistas e o Departamento de Orientación van a xogar un papel fundamental, xa que a súa condición de itinerantes permite acudir en apoio e trasladar as informacións necesarias dun xeito máis inmediato ó equipo directivo do CRA.

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E OS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO..

9.1. Familias.

Neste caso as reunións periódicas van a ser o mecanismo e a ferramenta de comunicación e colaboración esencial. A súa periodicidade e número variará en función das necesidades de cada caso. As reunións levaranse a cabo preferentemente co Xefe/a do Departamento de Orientación e cos profesores tutores dos alumnos, podendo convocarse nalgún caso específico a algún mestre especialista ou mestre de apoio.

- Reunións iniciais do titor/a coas familias. Teñen por obxectivo obter e proporcionar información sobre as dificultades do alumno/a e as propostas de intervención plantexadas, incluída a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.
- Reunións co Xefe do Departamento de Orientación, nas que se solicita e facilita información relevante ou se proporcionan suxestións e orientación.
- Reunións de seguimento, con periodicidade variable, nas que poden participar ademais do profesorado titor e o Orientador/a, calquera outro especialista ou

mestre de apoio que se considere.

9.2. Servizos externos.

Debido a que no CRA está escolarizado alumnado que recibe tratamento específico e intervención en servizos externos, faise imprescindible manter unha comunicación, colaboración e coordinación con estes, xa que as informacións que podemos contrastar e compartir van a ser claves á hora de adecuar a intervención educativa cos alumnos. A tal fin, debemos coidar a comunicación dende o departamento de orientación, con:

- Servizos de Neuropediatría e atención temperá.
 - Servizos Sociais do Concello.
 - Servizo de atención temperá do Concello de Salceda de Caselas.
 - Distintos profesionais da psicoloxía e pedagogía de servizos privados.
 - Distintas asociacións especializadas en necesidades educativas especiais.
- Algunhas delas contan con convenios coa consellería de educación para intervir e colaborar nos centros educativos dependentes desta.

En calquera comunicación ou traslado de información que se estableza con ditos servizos, vai ser necesaria a autorización e conformidade por escrito das familias dos alumnos/as.

9.2.1. Termos de colaboración coas asociacións ou entidades externas sen ánimo de lucro que contan con convenios coa consellería de educación:

Coa finalidade de levar a cabo unha colaboración mais efectiva que garanta unha atención educativa de calidade para aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e co fin de garantir os recursos necesarios para que dito alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, promóvese a colaboración entre as distintas entidades, asociacións ou outras organizacións sen ánimo de lucro con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa. Establecendo para elo os seguintes termos que facilitan a organización, funcionamento e autonomía do centro:

As solicitudes de colaboracións, tal e como se indica nas cláusulas de cada un dos

convenios establecidos coa consellería de educación, deben realizarse con carácter xeral por parte do propio centro docente, sendo as liñas xerais de actuación as seguintes: Asesoramento , traslado ou intercambio de información, colaboración e orientación en canto a estratexias metodolóxicas e programas de intervención, ou ben intervencións directas no propio centro ou aula.

Non obstante, no caso de que sexa a entidade ou servizo o que propoña algunha actuación, esta solicitude de colaboración será presentada por escrito, deberá ter a aprobación e conformidade da familia do alumno implicado e trasladarse ao centro cun prazo de antelación que permita unha axeitada organización e coordinación docente. Ditas comunicacións ou solicitudes, deberán ser de coñecemento e conformidade do Departamento de Orientación do centro e do profesor-titor do alumnado e autorizadas pola dirección do centro. Sendo o Xefe do Departamento de Orientación o encargado de comunicar á dirección do centro a intención da colaboración nos termos nos que foron pactados e establecidos por tódalas partes.

Tal e como se indica na cláusula cuarta dos convenios, será o profesorado titor, ou de ser o caso, o profesorado designado pola dirección do centro, o responsable de coordinar as posibles actuacións das persoas especialistas externas ao centro e de manter informadas ao conxunto das familias implicadas.

As intervencións que se leven a cabo dentro da aula, non deberán interromper o desenvolvemento da programación de aula que teña establecido o titor/a para o curso escolar, polo que deberán axustarse aos períodos de tempo estritamente necesarios.

PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Consultar Anexos do PXAD.

PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan Xeral de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas. Corresponde ao Equipo directivo o desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Atención á Diversidade.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.

Avaliación do plan propiamente dito.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

Análise e avaliación nas reunións de ciclo.

Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.

Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade foi revisado no curso 2020-2021 e conta coas modificacións que se aprobaron durante o citado curso.

PLAN ANUAL DE LECTURA

O CRA Raíña Aragonta é un centro que se atopa no Concello de Salceda de Caselas. Na actualidade este centro consta de 14 aulas de Educación Infantil (8 aulas están na sede do CRA e as outras 6 aulas atópanse nas parroquias do concello).

A biblioteca escolar do CRA Raíña Aragonta sitúase no edificio da sede do CRA (no primeiro andar). A biblioteca é un espazo cheo de fantasía, ilusión, imaxinación, información... e tamén é o punto de encontro de toda a comunidade educativa.

O CRA Raíña Aragonta é un centro formado única e exclusivamente polo segundo ciclo de Educación Infantil, polo que, o que pretendemos nestas idades é fomentar o uso e pracer pola lectura, así como inicialos en hábitos lectores. O noso proxecto lector está adaptado a estas idades tendo en conta a nosa integración.

O Plan Anual de Lectura (PAL) é un programa con obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro. Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe.

Para o desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar o uso da Biblioteca Escolar do centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a maioría dos departamentos didácticos así como a outros órganos da nosa contorna (biblioteca pública, asociacións culturais, librarías,...). Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

2. OBXECTIVOS

Dende o centro deseñamos os seguintes obxectivos que pretendemos acadar neste curso escolar:

- Proporcionar ao noso alumnado unha igualdade de oportunidades onde todos teñan acceso aos recursos e materiais da biblioteca escolar.
- Inculcar e fomentar nos nenos e nenas o hábito e o pracer pola lectura, a aprendizaxe e a utilización da biblioteca.

- Impulsar o emprego e bo uso da biblioteca así como de todos os seus recursos dispoñibles.
- Diseñar actividades de alfabetización mediática e informacional para a comunidade educativa.
- Diseñar actividades de formación para o profesorado e formación de usuarios.
- Poñer en marcha o recurso "Bookcrossing" para o intercambio de libros gratuítos para o alumnado e familias.
- Crear unha nova sección de préstamo de xogos para as familias, como fonte de diversión, estimulando a súa curiosidade.
- Fomentar a participación e implicar a comunidade educativa na vida da biblioteca escolar.
- Promover e fomentar os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fora do conxunto da comunidade escolar.
- Avanzar cara a unha biblioteca inclusiva que fomente a aceptación da diversidade.
- Fomentar a lectura cos servizos de préstamo.
- Crear novos puntos de exposición de novidades nas aulas de parroquias.
- Dinamizar a páxina web da biblioteca ofrecendo diferentes recursos, contidos e actividades a comunidade educativa.
- Promover o espazo da Radio escolar e familiarizarse cos materiais e elementos que a compoñen.
- Realizar reunións constantes e periódicas co Equipo de Biblioteca.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A biblioteca da sede estará aberta durante todo o horario lectivo. Para facilitar a utilización e organización da mesma, cada aula ten asignada unha sesión semanal de uso e desfrute. Serán os/as mestres/as titores/as e as mestras de apoio, quen acompañen ao alumnado á biblioteca para coñecer intereses, gustos, preferencias lectoras... e realizar actividades de fomento da lectura e empréstitos. Ademais desta sesión, os titores/as poden empregar a biblioteca cos seus alumnos e

alumnas noutros horarios, sempre que se anoten no cadro de horario que está na sala de mestres.

O alumnado das aulas de parroquias realizarán os empréstitos cos libros que dispoñen na súa biblioteca de aula e os titores serán os encargados de xestionar estas funcións. Estas aulas recibirán novos materiais cada mes procedentes da biblioteca central, para evitar posibles desigualdades e ofrecer un uso igualitario dos recursos.

Todas as aulas levan a cabo a Hora de Ler, dedicando quince minutos diarios á lectura en gran grupo. Cada semana as titoras/es reciben unhasbolsas na súa aula con cinco exemplares, un para cada día da semana. Os fondos para esta actividade son seleccionados polo Equipo de Biblioteca e proceden da BE porque só nese caso podemos asegurar os mínimos esixibles de pertinencia e calidade contrastada.

Ademais continuaremos coa apertura da biblioteca a toda a comunidade educativa tentando comprender as posibles desigualdades e ofrecendo ao noso alumnado recursos dos que, en ocasións, carecen nos seus fogares. Esta apertura será os martes en horario de 16:00 a 17:00 horas e os xoves de 16:45 a 17:45 horas.

Con respecto o servizo de préstamos seguiremos traballando coma o curso pasado, as familias poden acudir cos seus fillos e fillas a este espazo e facer alí o préstamo.

O responsable destas tarefas será o profesorado. Existirán distintas gardas ao longo de todo o curso. As funcións que desempeñará, neste caso, serán as de realizar os empréstitos ás persoas que asistan, axudalos no que precisen, deixar o material colocado no sitio correspondente e asesorar aos usuarios no emprego da biblioteca.

A biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes. O seu funcionamento e organización supeditarase, en todo caso, ás pautas ditadas pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Os espazos principais da biblioteca son:

- Amplo espazo con diferentes zonas onde o noso alumnado pode traballar tanto por equipos como individualmente (zona de lectura, mesas de traballo, recuncho de xogos, etc...).

- Recuncho Maker: onde se centraliza todo o material TIC e dispón de varias maletas creativas e sensoriais para a aprendizaxe experimental. Parte deste material irase rotando polas bibliotecas das parroquias para que todo o noso alumnado poida gozar destes materiais dun xeito equitativo.
- Espazo virtual: tamén contamos co espazo da páxina web do centro onde se atopa o blog da biblioteca. Este espazo é de gran axuda para a difusión e participación de toda a comunidade escolar.
- Recantos da biblioteca: uns espazos de lectura e igualdade situados na planta baixa da sede, onde o alumnado pode empregalos na hora de recreo. Estes espazos serán supervisados polo profesorado do centro, mediante as gardas de recreo.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

4.1. Actuacións en relación coa organización e a xestión.

Antes de comezar a expoñer as liñas prioritarias do vindeiro curso cómpre explicar algunhas das características que ten o noso centro, que nos condicionan a non acadar moitos dos obxectivos que se propoñen dende PLAMBE.

Informar que o CRA Raíña Aragonta é un centro onde só se imparte o segundo ciclo de Educación Infantil (con alumnado matriculado entre os 3 e os 6 anos). Ademais, somos un centro rural agrupado con 14 aulas, das que oito están no núcleo urbano (situadas no mesmo edificio que a biblioteca escolar) e outras seis aulas están situadas nas distintas parroquias do concello.

O noso obxectivo primordial é proporcionar ao noso alumnado a mesma igualdade de oportunidades e que todos teñan acceso aos recursos que ofrece a biblioteca escolar, polo que o Equipo de Biblioteca seguirá achegando os diferentes materiais, recursos e fondos bibliográficos ás aulas das parroquias a través de baúis e caixas.

Este curso centralizamos todos os libros que habían nas aulas do edificio central,

xa que o ano anterior centralizamos todos os fondos das aulas das parroquias. Polo tanto, todos os materiais bibliográficos están xestionados, catalogados e centralizados na biblioteca escolar. Para o vindeiro curso un dos obxectivos será elaborar unhas caixas con fondos bibliográficos para circular por tódalas aulas da sede (cambiando cada mes), do mesmo xeito que facemos con baús polas aulas de parroquias (con fondos bibliográficos, xogos e materiais sensoriais, mesa de luz...).

Outra das liñas que pretendemos acadar para o vindeiro curso será a posta en funcionamento da iniciativa "bookcrossing" (intercambio gratuito de libros), xa que neste curso quixemos comezar coa proposta, aínda que non foi posible poñela en marcha. Para levalo a cabo colocaremos unha caixa coas normas e a explicación do seu funcionamento no patio cuberto do edificio central e nunha das parroquias do colexio. Se a iniciativa ten unha boa aceptación, para os próximos cursos, poderíamos ampliálo a máis aulas.

Por outra banda, seguiremos coa adquisición de novos fondos e seguiremos catalogando todas estas novas coleccións no programa MEIGA e os materiais TIC na plataforma LIBIB.

Pretendemos seguir co método de exposición das novidades (se é posible ampliálo ás aulas de parroquias) e publicacións das novas coleccións que se adquiran ou cheguen ao centro. Tamén pretendemos facer unha sección de préstamos de xogos para as familias.

Tamén solicitaremos o programa **Radio na Biblio**, xa que consideramos que a radio é unha gran ferramenta pedagóxica e este ano xa puxemos en marcha o laboratorio de imaxe e son que creamos no centro. O noso obxectivo para o vindeiro curso é que os nenos e nenas continúen empregando este espazo e se familiaricen cos materiais que se atopan nel. Tentaremos que os nosos alumnos aprendan a manexar e utilizar a tecnoloxía e a linguaxe relacionada coa audición e a radio, para promover a alfabetización múltiple.

Crearemos unha maleta de investigación específica da temática a traballar neste curso para que o noso alumnado aprenda dun xeito significativo mediante a observación e a experimentación (este recurso irá rotando polas distintas aulas).

Por último, promoveremos a colaboración e a organización de actividades conxuntas coas bibliotecas do noso concello.

4.2. Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.

A temática do noso proxecto de traballo para o vindeiro curso é a "ciencia" e traballaremos todo o centro en relación a temática escollida. Traballaremos globalmente, intentando relacionar as actividades e conmemoracións co proxecto de centro. Finalmente, elaboraremos un produto final do noso traballo ao final do curso.

Dende o Equipo de Biblioteca fomentaremos o uso dos recursos maker que temos na biblioteca (set de croma, scornabots, tabletas...).

A web da biblioteca seguirá sendo un recurso imprescindible para achegar a biblioteca ás familias e ao resto da comunidade educativa, por iso seguiremos impulsando este recurso, que é a nosa principal canle de difusión e promoción.

E remataremos establecendo reunións mensuais co Equipo de Biblioteca para avaliar o progreso, reflexionar sobre o traballo realizado e tomar novas decisións. E ao mesmo tempo tamén teremos en conta as decisións adoptadas nas reunións trimestrais coa Comisión de Biblioteca.

4.3. Actuacións en relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional.

No primeiro trimestre realizaranse diversas actividades de formación de usuarios. Comezaremos pola formación do profesorado, realizando unha formación presencial onde trataremos as normas de organización e funcionamento da

biblioteca, a busca no catálogo da Meiga, a CDU, a distribución das seccións... e se elaborará un tríptico con esta información.

Tamén se elaborarán folletos para as familias con información relacionada coa organización, estrutura e recursos da biblioteca.

En canto á formación do noso alumnado (nenos e nenas de entre 3 e 6 anos) esta farase a través de xogos ou vídeos formativos.

Ademais da formación de usuarios no centro, seguiremos formándonos a través do PFPP e trataremos de participar nas Xornadas e nos Encontros do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia.

O profesorado tamén recibirá formación sobre o manexo de material tecnolóxico e os recursos que se atopan no espazo maker, para levar a cabo esta actividade solicitaremos a axuda do Equipo de Dinamización das TIC.

4.4. Actuacións en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de centro.

Seguiremos organizando a "Hora de Ler" a través das bolsas de lectura que viaxarán a cada aula con novos fondos, co obxectivo de fomentar o amor pola lectura entre o noso alumnado. Seguiremos organizando o itinerario lector, para que todo o noso alumnado poida acceder aos mesmos recursos e fondos.

Por outra parte, continuaremos coas mochilas viaxeiras, xa que neste curso tivemos unha para cada aula.

Continuaremos co préstamo semanal para familias (libros, maletas creativas, maletas viaxeiras e préstamos para adultos) os martes e xoves pola tarde.

Proseguiremos co deseño de actividades de animación á lectura, que se incluírán no blog da nosa biblioteca, a través das diferentes seccións.

Queremos seguir realizando roteiros literarios, xa que nestes dous últimos cursos tivo unha boa acollida polo alumnado. Por iso, o noso obxectivo é organizar un roteiro literario por curso académico e para iso solicitaremos a axuda das familias e da ANPA As Landras.

Por último, informar que dende a biblioteca se elaborarán guías de lectura e recomendacións lectoras, se publicarán as novidades e se realizarán exposicións temáticas que nos axudarán a dar a coñecer de xeito máis atractivo os fondos da nosa biblioteca. Ademais, unha vez ao trimestre, o alumnado de 6º de Educación Infantil elaborarán un vídeo con recomendacións lectoras.

4.5. Actuacións en relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.

Dende a biblioteca promoveremos a sensibilidade de avanzar cara unha biblioteca máis inclusiva, que responda ás necesidades de todo o alumnado do centro.

Seguiremos fomentando o uso da aula multisensorial, xa que potencia positivamente os sentidos sensoriais do alumnado, facilita a coordinación, favorece as relacións sociais e a integración entre o alumnado.

Ademais, continuaremos mercando fondos adaptados como libros de lingua de signos, libros con pictogramas, libros con criterios de lectura fácil, libros con imaxes...

Dende o equipo potenciaremos o uso das mesas de luz sensoriais, xa que axudan ao desenvolvemento das habilidades motrices, cognitivas e lingüísticas. E seguiremos ofrecendo actividades significativas e adaptadas a todo o noso alumnado.

5. RECURSOS HUMANOS E MATERAIS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DO FOMENTO DA LECTURA

Como recursos humanos podemos mencionar:

- O alumnado, principal axente que executa e recibe o acto lector e protagonista de todas as propostas.
- As familias, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva iranse incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura.
- O profesorado e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivación para a lectura e a escritura e propostas de actividades varias.
- Persoas do entorno que colaboren en diferentes actividades: ilustradores, contacontos, escritores...

Entre os recursos materiais están:

- A biblioteca escolar na sede e as diferentes bibliotecas de aula.
- Ordenadores, tablets, encerados dixitais, escornabots, fondos bibliográficos en distintas linguas, material audiovisual e manipulable...

6. HÁBITOS E ITINERARIOS LECTORES

Dende a Biblioteca Escolar realízanse as seguintes actividades que contribuirán ao fomento do hábito lector e a mellora da competencia lectora:

- Hora de Ler: dedicaremos quince minutos diarios á lectura en gran grupo. Cada semana as titoras/es reciben unha bolsa na súa aula con cinco exemplares, un para cada día da semana.
- Mochilas viaxeiras: son experiencias que conectan os fogares coa escola e estimulan o pracer pola lectura. O noso alumnado poderá gozar deste recurso na casa durante unha semana. Os titores serán os encargados de establecer a orde de préstamo.
- Bolsiñas viaxeiras: cada quince días o alumnado do centro levará a casa un libro para ler en familia, este préstamo realizarase na sesión semanal que cada aula ten dedicada no seu horario á biblioteca escolar e os responsables desta xestión son os mestres titores e as mestras de apoio.

- Maletas viaxeiras e maletas creativas: con este recurso pretendemos mellorar a competencia lectora dos nosos alumnos e tamén queremos que compartan momentos inesquecibles de lectura e xogos coas súas familias. Dispoñemos de dez maletas (seis viaxeiras e catro creativas) que se poden adquirir no servizo de préstamo ás familias.
- Préstamo de adultos: a nosa biblioteca dispón de bastantes fondos pedagóxicos e educativos para as familias.
- Préstamos de xogos: é unha novidade neste curso 2024/2025 onde as familias poderán adquirir o préstamo de xogos.

Todos os fondos destas actividades proceden da biblioteca escolar porque só nese caso podemos asegurar os mínimos esixibles de pertinencia e calidade contrastada, e son seleccionados polo equipo da biblioteca.

As familias e o profesorado poderán facer suxestións de compras a través do correo electrónico da biblioteca e o equipo valorará estas propostas.

7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

O Equipo de Biblioteca promoverá as seguintes actividades para este curso escolar. Estas actividades contéplanseen tres apartados:

*** ACTIVIDADES FIXAS PARA TODO O CURSO ESCOLAR**

Realízanse a través da páxina web e preséntanse a través de diferentes plataformas ou recursos dixitais. Realizaremos a súa difusión para a correcta implicación do alumnado e profesorado.

- ❖ Videocontos: no primeiro trimestre realizaremos un videoconto que sexa significativo coa proposta a traballar e no que participen as aulas do centro. A través del queremos fomentar o uso e pracer pola lectura, así como inicialos en hábitos lectores.
- ❖ Radio escolar: no curso anterior iniciamos a radio na escola e neste ano continuaremos familiarizándonos cos elementos e materiais que a compoñen a través de actividades na que participen todas as aulas do CRA.
- ❖ Recuncho de relaxación: no segundo trimestre realizaremos unha actividade para desenvolver o autocontrol e a capacidade de escoita.

- ❖ Recuncho maker: crearemos unha actividade que nos faga experimentar, investigar, manipular e coñecer novos materiais, técnicas para o desenvolvemento de todas as competencias.
- ❖ Familias lectoras: no segundo trimestre propoñeremos actividades que requiran da participación das familias: contacontos, poesías...
- ❖ Biblioconexións: Actividades relacionadas con outros centros e coa biblioteca pública de Salceda.
- ❖ Recomendacións de lectura: Mensualmente realizaremos recomendacións sobre contos ou materiais.

Todas estas actividades aparecen recollidas na páxina web do seguinte xeito:

Apartados páxina web	Contidos
A nosa biblioteca	Descrición da biblioteca do CRA. Neste apartado podemos ir observando os cambios e melloras neste espazo.
Radio escolar	Apartado específico para as actividades relacionadas coa radio na escola.
Videocontos	Actividades para fomentar o gusto pola lectura.
Recuncho maker	Robótica, ciencia, creatividade, xogos interactivos, realidade aumentada, materiais sensoriais...
Recuncho de relaxación	Actividades relacionadas para desenvolver o autocontrol e conseguir un benestar físico e mental.
Biblioconexións	Actividades relacionadas con outros centros e biblioteca pública de Salceda.
Familias lectoras	Apartado específico para todas as actividades onde se require a participación das familias.
Recomendacións lectoras	Publicacións sobre contos ou materiais que recomendamos.
Novidades	Publicacións das novidades que tiñamos.

Catálogo virtual	Acceso ao catálogo virtual para consulta dos fondos da biblioteca.
Catálogo material TIC	Catálogo para a centralización de todo o material TIC. Pódese realizar o préstamo, reserva ou devolución dos materiais.
Préstamos adultos	Acceso e información sobre a reserva dos préstamos de adultos.
Préstamo de xogos	Imaxes e información sobre a reserva destes recursos.
Maletas viaxeiras	Imaxes e información sobre a reserva destes recursos.
Maletas creativas	Imaxes e información sobre a reserva destes recursos.

*** ACTIVIDADES SOBRE CONMEMORACIÓNS OU FESTIVIDADES**

Dende o Equipo de Dinamización da Biblioteca traballárase as seguintes conmemoracións:

❖ DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES (24 OUTUBRO)

Esta xornada levarase a cabo na sede e o alumnado das parroquias se desprazará ata ela. Ao longo da mañá realizarase a actividade para coñecer a biblioteca, a nosa protagonista Ara e dar comezo ao proxecto.

Primeiro enviarase unha carta ás aulas convidándoas a visitar a biblioteca da sede. Ao chegar, o alumnado non poderá acceder á biblioteca porque terán que axudar a Ara a recompilar ingredientes para realizar un experimento final (traballando así a temática do centro). Unha vez obteñan todos os elementos, irán á biblioteca e realizarán dito experimento. Ara tamén pedirá axuda aos cativos/as para buscar os seus libros favoritos relacionados coa ciencia (formación de usuarios). Días antes terán acceso a un vídeo explicativo de como está organizada a biblioteca.

Como agradecemento, a nosa protagonista Ara entregarlles o seu carné de biblioteca e as bolsiñas para os préstamos.

❖ MES DA CIENCIA EN GALEGO (MES DE NOVIEMBRE)

Dende o Equipo de Biblioteca realizaremos unha maleta de ciencia, traballando así a temática de centro, que levará recursos científicos que o profesorado e alumnado poderá empregar na súa aula da forma que elixa.

A maleta de ciencia viaxará por tódalas clases seguindo un calendario de rotación (durante todo o curso).

❖ **DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN (24 XANEIRO)**

Nesta actividade traballaremos en conxunto co coordinador de Benestar. A actividade consiste en levar a cabo unha charla para as familias apoiándonos no Plan Director ou na posible escola de pais.

❖ **DÍA MUNDIAL DA RADIO (13 FEBREIRO)**

Co fin de conmemorar o Día mundial da Radio, levaremos a cabo unhas entrevistas a mulleres sobre o seu traballo, vida ou historia empregando a radio. Para realizar esta actividade traballaremos un conxunto co Equipo TIC. Unha vez realizadas as entrevistas, xuntaranse os resultados e publicaremos un produto final na páxina web polo Día da Muller (8 marzo).

❖ **SEMANA DO LIBRO (17-21 ABRIL)**

Realizaremos un roteiro literario coa axuda das familias e da ANPA (en vindeiras reunións, co equipo directivo, concretarase o espazo onde se desenvolverá a actividade e o percorrido do mesmo).

*** ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROPOSTA DE TRABALLO DE CENTRO "UNHA VIAXE POLA CIENCIA".**

No mes de maio realizaremos un produto final do proxecto de centro, onde cada aula expoñerá o traballado durante o curso.

8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Este plan defínese polo seu carácter flexible e de avaliación continua. No caso de ser preciso, realizaranse as modificacións oportunas.

Partimos dunha avaliación inicial e valoración e análise dos obxectivos non adquiridos no curso anterior. Para isto, seguimos as indicacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Valoraremos as fortalezas e debilidades deste proxecto dentro das reunións de equipos e as achegas da comunidade educativa.

Para a avaliación utilizaremos as propostas de mellora expostas pola comunidade educativa e para a nosa autoavaliación utilizaremos a seguinte rúbrica:

Aspectos a valorar	Valoración de 0-4	Observacións
Recolle propostas para o traballo coa lectura		
Mellora a competencia lingüística do alumnado		
Os equipos fan achegas e asumen o seu compromiso		
Implicación das familias		
Grado de aproveitamento e goce dos recursos da biblioteca escolar		
Préstamos realizados		
Incremento de fondos e difusión		
Nivel de consecución dos obxectivos		
Satisfacción alumnado, profesorado e familias		
Propónse a alfabetización múltiple		
Aténdese á diversidade		

Coas achegas elaborárase unha memoria final onde se recollan os resultados e as propostas de mellora.

PROGRAMACIÓN COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

1. ANÁLISE DO CENTRO

O CRA Raíña Aragonta está composto por 14 aulas de Educación Infantil, das cales 8 están no centro urbano (sede e aulas da Esfarrapada) e as outras 6 atópanse distribuídas polas parroquias (Fontán, Picoña, San Xurxo, Barreiro, Entenza e Budiño). As aulas das parroquias son mixtas, é dicir, contan con alumnado das tres idades (3, 4 e 5 anos). Porén, as 8 aulas que están na sede do CRA non son mixtas, senón que o alumnado se atopa escolarizado segundo a súa idade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O centro decidiu orientar a coordinación a subsanar posibles debilidades e desigualdades que poidan afectar con maior significatividade ao seu alumnado. Neste contexto, centramos os nosos esforzos nos nenos e nenas que se atopan en situación de risco social por diferentes motivos: problemas de afectividade no fogar, dificultades económicas da familia, carencias na estrutura familiar etc.

3. COMPOSICIÓN DO EQUIPO

Este estará formado por un só integrante, Abraham Rodríguez Fernández que será tamén o coordinador, e estará en contacto constante co Departamento de Orientación e co equipo directivo do centro.

4. COORDINACIÓN E PLAN

Pretendemos acompañar a comunidade educativa como establece a Orde do 23 de agosto de 2023 para que poida afrontar o reto colectivo que é o coidado emocional dos nosos iguais e do noso alumnado e para iso desenvolveremos o Plan de Benestar e Convivencia que estará incluído dentro do Plan de Convivencia do centro

5. OBXECTIVOS

Estes son os que propuxemos en relación co plan que desenvolvemos e a

finalidade do mesmo:

- Analizar aquelas situacións escolares que poidan supoñer un risco para o alumnado.
- Establecer medidas de actuación para subsanar as posibles desigualdades que poidan xurdir.
- Proporcionar ferramentas e asesoramento que axude a mellorar dita problemática.
- Avaliar se as medidas adoptadas foron eficaces e suficientes.
- Mobilizar e implicar a comunidade educativa, concello e familias para lograr unha resposta mais satisfactoria e adaptada.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Será fundamental realizar un seguimento das accións levadas a cabo a través do plan de benestar para poder facer as modificacións oportunas, ao mesmo tempo que faremos unha autoavaliación en relación coa elaboración e desenvolvemento do plan. Haberá uns indicadores que teremos en conta:

- Existe unha implicación de toda a comunidade educativa
- As medidas adoptadas respostan as necesidades dos cativos/as
- Préstase atención a tódolos casos que se atopan en situación de risco social

PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE POLOS CREATIVOS

XUSTIFICACIÓN

A Lei Orgánica 2/2006 recolle a promoción da investigación, experimentación e a innovación educativa coma un obxectivo básico do sistema educativo. Ademais, no artigo 2 sinalase que entre os seus fins está o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, a confianza nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

Por elo, este equipo nace co propósito de promover unha aprendizaxe activa e manipulativa baseada no deseño, solución de problemas e aprendizaxe entre iguais.

COMPOÑENTES DO EQUIPO

- Judit Vieira Vicente (Coordinadora)
- Ana Belén Pérez Martínez
- Laura Ferro Rodríguez

ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso alumnado atópase na etapa do 2º ciclo de educación infantil, polo que todos teñen entre 3 e 6 anos. A maioría deles, poderíamos consideralos nativos dixitais, polo que cremos que a nosa finalidade é centrarnos máis na parte creativa e non tanto na parte tecnolóxica. Deste xeito contribuímos ao desenvolvemento dunha aprendizaxe competencial.

Unha das nosas limitacións é a creación dun espazo común propio onde desenvolver as actividades propias do equipo. Temos en creación un recuncho dentro dunha aula, onde almacenaremos os materiais aportados pola consellería e trataremos de dispoñelos de forma que se favoreza o seu uso.

OBXECTIVOS

- Crear un espazo ben organizado e atractivo para o seu uso.

- Dinamizar o emprego dos materiais xa existentes no centro entre as aulas.
- Promover o uso e desfrute dos novos materiais que a Consellería irá proporcionando.
- Desenvolver no alumando o pensamento científico.

ANEXOS 2

PLAN DIXITAL DE CENTRO.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 24-25.

CONCRECIÓN CURRICULAR

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	24/09/24
Data aprobación consello	07/11/23
Data aprobación claustro	07/11/23

2. Introducción

O concello de Salceda de Caselas atópase na parte meridional da provincia de Pontevedra, encadrado xeograficamente na bisbarra do Baixo Miño. Limita polo norte co concello de Pontearreas, polo sur co de Tui, polo leste co de Salvaterra do Miño e polo oeste co do Porriño. Trátase dun concello pequeno cunha extensión de trinta e seis quilómetros cadrados e unha poboación de 9380 habitantes. Nos últimos anos está a experimentar un notable incremento contando cun saldo vexetativo positivo algo que o diferencia do resto de concellos da contorna e incluso do resto de Galicia. Dito concello divídese en sete parroquias, sendo a capital do concello a Esfarrapada, a que súa vez constitúe o único grupo urbano do municipio, adscrito á parroquia de Santa María de Salceda. Conta ademais coas parroquias de Parderrubias, Budiño, Entenza, Picoña, San Xurxo e Soutelo.

Salceda nos últimos tempos experimentou un gran crecemento. Por todo isto, a meirande parte da poboación inscríbese nunha economía de emprego en diferentes sectores, dada a proximidade dos polígonos industriais de Vigo e Porriño. Do mesmo xeito, cada vez son máis as pequenas empresas familiares que se abren camiño neste concello, grazas sobre todo ao incremento de poboación. Nun segundo plano queda a explotación agraria, a cal está máis ben asociada ao abastecemento familiar. Tendo en conta o arriba sinalado, o nivel económico é medio, podendo oscilar dunhas familias a outras.

No concello de Salceda de Caselas existe unha gran inqueda pola cultura autóctona, polo que a participación nas festas populares e culturais é moi ampla. Nestes últimos anos está dándose a coñecer en toda Galiza cunha festa gastronómica adicada aos callos celebrada a principios do mes de setembro. Cabe destacar tamén a importancia que neste concello se lle outorga á música e o prestixio de que goza a súa Banda Cultural. De feito, nestes últimos anos a Escola de Música en colaboración co Concello está organizando cursos e concertos de verán orientados á formación musical dos máis novos. O noso PD pretende estar directamente relacionado cos diferentes plans do noso centro, deste xeito o eixe central da nosa metodoloxía xorde dende a biblioteca escolar e coa nosa participación no PLAMBE, polo que o Plan Dixital deberá facer achegas e enriquecer os diferentes PDI e actividades que se plantexen dende aquí.

No que respecta a traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, nos últimos anos solo desenvolvemos algunhas actividades dixitais a través do PFPP de biblioteca e polo demais os nosos esforzos centráronse en proporcionar materiais dixitais as diferentes aulas que en moitos casos non foi posible debido a pouca colaboración da Consellería e a falta de recursos económicos.

Pretendemos que o vindeiro curso así coma no curso actual a Programación Xeral Anual contribúa a desenvolver os obxectivos que propoñemos no PD, polo que a través das diferentes propostas didácticas, dinamizacións, etc. teremos en conta incluír elementos que atopen relación coas nosas pretensións de mellora do campo dixital.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para a elaboración dos obxectivos, tivemos en conta as DAFO do noso centro, tomadas en base ao test CDD e o informe SELFIE elaborados con anterioridade así como tamén valoramos as necesidades e carencias que creemos que ten o centro baixo un punto de vista dixital. Quixemos plantexar obxectivos realistas e factibles para que poidan ser acadados e mellorados pouco a pouco, logrando incrementar a competencia dixital do centro educativo.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	- En ocasións non logramos que todo o alumnado teña una boa competencia dixital.	Alumnado	Non
Debilidade	- Dispoñemos dunha infraestrutura axeitada para o emprego das TICS.	Infraestruturas	Non
Debilidade	- A maior parte dos equipos TIC do centro atópanse obsoletos ou cun funcionamento deficiente.	Outras	Non
Debilidade	- Non podemos facer una avaliación real da acción docente dixital sobre o alumnado.	Persoal docente	Non
Debilidade	- Formación insuficiente no eido da competencia dixital por parte do profesorado.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- Presenza de materiais dixitais nas aulas.	Alumnado	Non
Fortaleza	- Debido ao protocolo que seguimos no centro a protección de datos está moi presente.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	- A través dos materiais e recursos dispoñibles no centro desenvolvemos novas modalidades de ensino.	Oferta	Non
Fortaleza	- Intentamos seguir una estratexia dixital común mediante a programación de actividades.	Organización de centro	Non
Fortaleza	- Analizamos que aspectos funcionaron ou non durante o curso.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- A igualdade de oportunidades entre o alumnado tamén preside a nosa programación do eido dixital.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- Tentamos incentivar o uso de recursos online e interactivos.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- Apostamos pola comunicación dixital con toda a comunidade educativa.	Persoal docente	Si
Fortaleza	- As bases metodolóxicas do noso centro favorecen a realización de proxectos interdisciplinares.	Persoal docente	Non
Fortaleza	-A través dos materiais e recursos dixitais dispoñibles no centro desenvolvemos novas modalidades de ensino.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- Forma parte da nosa ideoloxía como centro favorecer e promover a creatividade infantil.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- As tarefas compartidas entre aulas permiten reforzar os intercambios educativos.	Persoal docente	Non
Fortaleza	- Adoitamos facer una autoavaliación da nosa competencia dixital.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	- Formación TIC insuficiente e tardía para desenvolver a acción docente.	Administración educativa	Si
Ameaza	- Algúns soportes dixitais proporcionados pola consellería, non funcionan de xeito adecuado.	Administración educativa	Non
Ameaza	- Dificultade para traballar de xeito colaborativo polas particularidades do noso centro.	Outras	Non
Ameaza	- O mantemento das instalacións docentes dependentes do concello é insuficiente.	Outras	Non
Oportunidade	- O soporte da Consellería e os novos materiais que se poidan adquirir serán fundamentais para o desenvolvemento dixital.	Lexislación	Non
Oportunidade	- O centro ten en conta sempre a lexislación no que se refire a aspectos de índole dixital.	Lexislación	Non

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
null	- Desenvolver tarefas e cursos de formación dixital con certa periodicidade. (O1PD)
null	- Empregar con regularidade o EDI e PDI. (O5PD)
null	- Promover a formación e actualización dixital entre os docentes.(O6PD)
null	- Realizar publicacións mensuais na páxina web do centro.(O4PD)
null	- Promover o intercambio de materiais dixitais entre a comunidade educativa. (O3PD)
null	- Potenciar a participación das familias empregando as ferramentas dixitais existentes na comunidade educativa. (O2PD)

4.2. Datos do obxectivo null

Código	Estado
null	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - - Formación TIC insuficiente e tardía para desenvolver a acción docente.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
- Incentivamos á participación dos docentes en cursos de actualización dixital.	0	1				

4.2.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
- Creaci3n de cursos de como se publica na p3xina web do centro, ou o manexo de diferentes ferramentas dixitais ao noso alcance (abalar, xade, canva...).	30/06/2024	xu3o
Responsables	- Equipo de dinamizaci3n das TIC.	
Destinatario	- Claustro.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de docentes que domina a publicaci3n de contido na p3xina web do centro.	13	24	

4.3. Datos do obxectivo null

C3digo	Estado
null	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administraci3n educativa - - Formaci3n TIC insuficiente e tard3a para desenvolver a acci3n docente.
 Fortaleza - Persoal docente - - Apostamos pola comunicaci3n dixital con toda a comunidade educativa.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
- Animamos 3s familias a utilizar as TIC como veh3culo de interacci3n e comunicaci3n co centro educativo.	20%	50%				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
- Promoción entre as familias do uso das diferentes ferramentas dixitais (abalar, emails das diferentes titorías e dinamizacións...) como xeito de comunicación e de participación activa no centro.	30/06/2024	xuño
Responsables	- Claustro.	
Destinatario	- Familias.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de familias que utilizan as ferramentas dixitais para participar de xeito activo na vida escolar do centro.	50	198	

4.4. Datos do obxectivo null

Código	Estado
null	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
- Creamos un banco de recursos dixitais coas aportacións de todo o profesorado.	0	50%				

4.4.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
- Dinamizaci3n do proxecto anual de centro a trav3s das TIC.	30/06/2024	xu3o
Responsables	- Claustro.	
Destinatario	- Claustro e familias.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de membros da comunidade educativa que promoven o intercambio de materiais dixitais para o enriquecemento do proceso de ensino-aprendizaxe.	50	100	

4.5. Datos do obxectivo null

C3digo	Estado
null	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
- Promoveuse a realizaci3n de publicaci3ns na p3xina web do centro, como medio de visualizaci3n da tarefa dos docentes e dos discentes.	20%	80%				

4.5.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
- Incentivar ao profesorado do centro a realizar publicaci3ns mensuais na web do centro, para dar visibilidade ao traballo docente realizado nas aulas.	21/06/2024	xu3o
Responsables	- Equipo de dinamizaci3n das TIC.	
Destinatario	- Claustro.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de docentes que realizan, alomenos, unha publicaci3n mensual na p3xina web do centro.	15	24	
- Porcentaxe de veces en que se utiliza a p3xina web do centro como medio de difusi3n de informaci3n, en detrimento de transmisi3n de informaci3n a trav3s de documentaci3n impresa.	50	100	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
- Utilizar a p3xina web do centro como medio de difusi3n de informaci3n, e como xeito de minimizar o uso do papel.	30/06/2024	xu3o
Responsables	- Equipo directivo e claustro.	
Destinatario	- Comunidade educativa.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de docentes que realizan, alomenos, unha publicaci3n mensual na p3xina web do centro.	15	24	
- Porcentaxe de veces en que se utiliza a p3xina web do centro como medio de difusi3n de informaci3n, en detrimento de transmisi3n de informaci3n a trav3s de documentaci3n impresa.	50	100	

4.6. Datos do obxectivo null

Código	Estado
null	Pendente

4.6.1. Elementos DAFO relacionados

4.6.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
- Conseguimos manexar con certa seguridade o EDI e o PDI, e utilízalos como recursos que favorecen o enriquecemento da labor docente.	0	50%				

4.6.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
- Promover o desenvolvemento da acci3n docente utilizando o EDI e PDI.	21/06/2024	xu3o
Responsables	- Equipo de dinamizaci3n das TIC.	
Destinatario	- Claustro.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de veces en que o profesorado utiliza o EDI e PDI na s3a acci3n docente (valorado en horas de docencia directa).	15	24	
- Porcentaxe de profesorado que utiliza os enlaces 3s p3xinas web interactivas para a s3a acci3n docente.	0	100	
- Porcentaxe de docentes que utiliza o EDI ou PDI en situaci3ns de interacci3n con diferentes membros da comunidade educativa.	10	24	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
- Creaci3n dun blog, dentro da p3xina web do centro, con acceso directo a diferentes p3xinas web de internet con recursos interactivos para traballar no EDI e PDI.	21/06/2024	xu3o
Responsables	- Equipo de dinamizaci3n das TIC.	
Destinatario	- Claustro.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de veces en que o profesorado utiliza o EDI e PDI na súa acción docente (valorado en horas de docencia directa).	15	24	
- Porcentaxe de profesorado que utiliza os enlaces ás páxinas web interactivas para a súa acción docente.	0	100	
- Porcentaxe de docentes que utiliza o EDI ou PDI en situacións de interacción con diferentes membros da comunidade educativa.	10	24	

Acción	Data máxima	Temporalización
- Animar o uso do EDI e PDI na vida escolar do centro (desenvolvemento de reunións coas familias, claustros, consello escolar...).	30/06/2024	xuño
Responsables	- Equipo de dinamización das TIC.	
Destinatario	- Claustro.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de veces en que o profesorado utiliza o EDI e PDI na súa acción docente (valorado en horas de docencia directa).	15	24	
- Porcentaxe de profesorado que utiliza os enlaces ás páxinas web interactivas para a súa acción docente.	0	100	
- Porcentaxe de docentes que utiliza o EDI ou PDI en situacións de interacción con diferentes membros da comunidade educativa.	10	24	

4.7. Datos do obxectivo null

Código	Estado
null	Pendente

4.7.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - - Formación TIC insuficiente e tardía para desenvolver a acción docente.

4.7.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
- Difusión de diferentes cursos homologados e ao dispor do profesorado, que favorecen a actualización dixital docente.	0	50%				

4.7.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
- Divulgar entre o profesorado aqueles cursos que ofrece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e outros organismos oficiais, que favorecen o dominio das TIC, así como a súa actualización.	30/06/2024	xuño
Responsables	- Equipo de dinamización das TIC.	
Destinatario	- Claustro.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
- Porcentaxe de veces que o equipo de dinamización das TIC, envía correos de difusión de cursos que promoven a formación e actualización no eido das TIC.	0	100	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O seguimento do plan dixital lévese a cabo mensualmente coas reunións do equipo directivo e o equipo de dinamización do plan dixital.

Valorase de forma concreta cada área de traballo e os obxectivos incluídos nelas, así como as accións para acadar cada obxectivo, recollendo as propostas de mellora de cara a modificación e mellora continua do plan dixital.

5.2. Primeiro trimestre

Os obxectivos propostos neste plan foron acadados con éxito.

5.3. Segundo trimestre

Os obxectivos propostos neste plan foron acadados con éxito.

5.4. Terceiro trimestre

Os obxectivos propostos neste plan foron acadados con éxito.

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Como instrumentos fundamentais de avaliación empregaranse os seguintes:

- Listaxes de control onde se especifiquen aspectos como a funcionalidade dos elementos prescritivos do plan (obxectivos, contidos, indicadores e criterios de avaliación), a adecuación das propostas á realidade concreta do centro en xeral e do alumnado en particular, a implicación dos distintos membros da comunidade educativa, ou ben a sistematicidade das actuacións por parte do equipo docente.

- Rúbricas de autoavaliación destinadas tanto ao profesorado como ao alumnado, familias e demais membros da comunidade educativa implicados, valorando así tanto o proceso de ensino como o de aprendizaxe.

- Cuestionarios e enquisas orientados a determinar criterios de mellora.

6.2. Valoración xeral

Debido a acreditación da competencia dixital docente, o profesorado estívese actualizando ao longo do curso no ámbito da competencia dixital, realizando para iso diferentes formacións relacionadas coa mesma. Todo isto derivou nun maior enriquecemento a nivel de aula, no desempeño da súa labor docente, utilizando as Novas Tecnoloxías coma un recurso complementario no proceso de ensino- aprendizaxe dos discentes.

A nivel de centro levouse a cabo un PFPP relacionado coa competencia dixital con dous seminarios: os paneis dixitais e os polos creativos, no que participaron o 90% do equipo docente.

Por outra banda, dende o centro promovéronse iniciativas, para que as familias utilizaran as novas tecnoloxías como membros da comunidade educativa, ben como xeito de intercambio de información co profesorado, ou no intercambio de material diverso.

En resumo, o plan dixital programado para este curso escolar logrou acadar os obxectivos propostos, favorecendo a formación e o enriquecemento de toda a comunidade educativa, ao familiarizarse coas novas tecnoloxías e empregalas a diario ao longo da actividade lectiva.

6.3. Propostas de mellora

De cara ao vindeiro curso escolar, se deberá seguir promovendo a actualización en competencia dixital por parte do profesorado e do alumnado, así coma ofrecer posibilidades formativas neste eido ás familias, facilitándolle o entrar en contacto coas novas tecnoloxías e o seu uso. Ademais, buscaranse novas estratexias para implicar máis ao profesorado nas formacións relacionadas coas Novas Tecnoloxías.

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Para a difusión deste plan, se informará ao claustro e posteriormente será aprobado en Consello Escolar. Unha vez sexa aprobado, o Plan Dixital publicarase na páxina web do centro enlazando a aplicación de Educalidade da Xunta de Galicia, onde se atopa dixitalizado. Do mesmo xeito, quedará unha copia en secretaría a disposición de toda a comunidade educativa.

8. Outros datos

9. Anexos

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	51
4.2. Materiais e recursos didácticos	52
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	53
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	54
6. Medidas de atención á diversidade	54
7.1. Concreción dos elementos transversais	55
7.2. Actividades complementarias	56
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	56
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	57
9. Outros apartados	57

1. Introducción

Esta programación está destinada ao alumnado de 4º curso de Educación Infantil. Este nivel está distribuído en 8 aulas (5 unitarias e 3 aulas puras situadas na sede do CRA) que aglutinan a 58 alumnos e alumnas.

Con ela creamos o marco a partir do cal se elaborarán as diferentes programacións de aula, concretando o currículo para este nivel, permitindo que cada mestra ou mestre en particular teña en conta a realidade da súa aula e faga explícitos os obxectivos e criterios de avaliación que abordará ao longo do presente curso. Para dar cabida ás diferentes realidades do noso centro (aulas dun só nivel e aulas inter nivelares) decidimos organizar esta programación describindo unha serie de unidades didácticas que, con carácter xeral, enmarcan os diferentes momentos que caracterizan a actividade cotiá outorgando ao profesorado a posibilidade de deseñar as súas propias propostas baseadas nos intereses, necesidades, ... do seu alumnado.

Na programación, se contemplan as tres áreas do currículo xa que a acción educativa na etapa ten que organizarse en base ao principio de globalidade. Respecto das áreas, cómpre sinalar que:

- Dende a área de Comunicación e representación da realidade pretendemos promover no noso alumnado o desenvolvemento das capacidades que lle permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.
- Dende a área de Crecemento en harmonía centrarémonos nas dimensións persoal e social da nena ou do neno entendendo que estas son inseparables e complementarias e que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica e
- Dende a área de Descubrimento e exploración do contorno promoverase o descubrimento, exploración e comprensión de todo aquilo que configura a realidade infantil considerando as súas múltiples relacións e interdependencias e co propósito de construír un coñecemento sobre o medio físico, natural e social progresivamente axustado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1				1			
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.		1		1				
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.					1		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.		1						
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1		
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva					1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable						1	1	
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1					
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.					1	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.						1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proposta de traballo: Unha viaxe pola ciencia	Todo o centro levará esta proposta a cabo que xurde dende a biblioteca e atopa nela os recursos precisos para o seu desenvolvemento. Para o presente curso escolar, a proposta de traballo xirará ao redor da ciencia. Dun xeito globalizado e significativo se abordarán as tres áreas do currículo. Esta proposta partirá da investigación e da experimentación e converterá ao alumnado en pequenos científicos que exporán os seus descubrimentos nunha feira das ciencias.	34	X	X	X
2	As rutinas de aula	Hábitos saudables, pautas de relación social, aseo, organización temporal (calendario, axenda diaria, etc.) e autonomía. Rutinas flexibles na súa duración pero establecidas de forma fixa ao longo do curso de modo que o alumnado pouco a pouco desenvolva a súa autonomía, progrese na adquisición de hábitos e conductas e se acomode a vida da aula dunha forma positiva.	140	X	X	X
3	O propio corpo	O coñecemento e control sobre o propio corpo e o dos demais, de forma global e segmentaria. O uso do mesmo como o mellor e máis axeitado recurso de aprendizaxe: motricidade grosa e fina, esquema corporal, desprazamentos e ubicación nos diferentes espazos, autoimaxe axustada e positiva.	34	X	X	X
4	Actividades T.I.C. e S.T.E.M	Aproximación e uso progresivo das diferentes ferramentas tic e da metodoloxía S.T.E.M. (ordenadores, tablets, pizarras dixitais, escornabots, placas makey makey, etc). Introdución ao pensamento computacional.	34	X	X	X
5	Desenvolvemento de habilidades comunicativas.	O uso das linguas cooficiais da comunidade así como da lingua estranxeira con progresiva adecuación. Introdución á lecto-escritura, aos diferentes grafismos e á literatura infantil. Comprensión e expresión a través da linguaxe verbal	106	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Desenvolvemento de habilidades comunicativas.	e non verbal. Linguaxe plástica, linguaxe musical e lingua inglesa.	106	X	X	X
6	Proxectos relacionados co coñecemento da contorna próxima.	Ámbito natural (animais, plantas, etc.) ou social (institucións, grupos ou persoas relevantes).	70	X	X	X
7	Proxectos do ámbito lóxico-matemático.	Conteos, comparacións e seriacións a través dos diferentes materias tanto naturais como elaborados. Os números: grafía, cantidade, ABN, subitización. Coñecemento, control e uso dos diferentes espazos. Investigacións, hipóteses e desenvolvemento de diversas actividades para dar solución a problemas e tarefas.	106	X	X	X
8	Actividades de estimulación da linguaxe oral.	Atención, memoria, conciencia fonolóxica, etc.	106	X	X	X
9	Educación emocional.	Actividades de xestión emocional: coñecemento e identificación dos sentimentos e emocións propios e alleos. Creación dunha autoimaxe positiva e axustada. Pensamento crítico e constructivo. Traballo para a resolución pacífica de conflitos. Actividades para a relaxación e volta á calma. loga infantil.	70	X	X	X
10	O xogo e o seu aproveitamento didáctico.	O xogo simbólico: preparación para a vida real, emprego de múltiples materiais e elementos, uso progresivo dunha linguaxe rica e completa. O xogo dramático: relacións sociais, emprego e creación de materiais. O xogo dirixido: como presentación de diversas actividades, de foma manipulativa e significativa. O xogo libre: recreo e recunchos de aula con diversas temáticas.	140	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proposta de traballo: Unha viaxe pola ciencia	34

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É capaz de interpretar as mensaxes do emisor.	TI

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Recoñece o esquema corporal (cabeza, extremidades superiores e inferiores) e adáptase progresivamente ao espazo físico no que se desenvolve habitualmente.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Respectar as diferenzas individuais dos seus iguais.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica e expresa alegría, tristeza, enfado e medo; tanto nel mesmo coma nos demais.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Mostra respecto e interese polo coidado do medio natural e dos animais, recoñecendo accións positivas e negativas das persoas sobre os mesmos.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Respecta as normas da aula. Demostra autonomía nas actividades da vida cotiá.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reproduce musicalmente mensaxes expresadas oralmente.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais da aula).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.

UD	Título da UD	Duración
7	Proxectos do ámbito lóxico- matemático.	106

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Clasifica os obxectos seguindo criterios de tamaño e cor. Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Identifica os cuantificadores básicos moitos-poucos, un-varios. Recoñece e utiliza os números ata o 3 na súa vida cotiá.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Relaciona as grafías cos números e identifica as cantidades.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica as figuras xeométricas básicas: círculo, cadrado e triángulo.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Emprega as nocións espaciais básicas para situarse con respecto ao seu propio corpo e aos obxectos (preto, lonxe, enriba, debaixo...) Sítuase no espazo da aula de música nas actividades de repouso e movemento. Sítúa adiante e atrás distintos obxectos tendo como referencia o seu propio corpo.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Identifica a súa posición: dentro ou fóra, verbalmente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.

UD	Título da UD	Duración
8	Actividades de estimulación da linguaxe oral.	106

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa respecto e participa de forma axeitada en situacións comunicativas de diferente índole.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É capaz de interpretar as mensaxes do emisor.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Emprega as expresións básicas: ola, adeus , por favor e grazas cos seus iguais.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Emprega as diferentes linguas baixo unha perspectiva de tolerancia e curiosidade perante a diversidade cultural. Amosa interese por participar en situacións de uso de diferentes linguas.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Relaciónase coas demais persoas empregando expresións sociais básicas: ola e adeus.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Manifesta interese pola lingua e cultura inglesa. Saúda en L1 ou L2 cando o escoita en L2.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Diferenza son e silencio.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Amosa interese por participar en actividades que impliquen o uso de textos literarios.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Diferenza son e silencio.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reproduce musicalmente mensaxes expresadas oralmente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.

UD	Título da UD	Duración
9	Educación emocional.	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Participa activamente na vida da aula axustándose as súas posibilidades e limitacións, e mostra variadas habilidades manipulativas.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Respectar as diferenzas individuais dos seus iguais.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica e expresa alegría, tristeza, enfado e medo; tanto nel mesmo coma nos demais.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra confianza e seguridade na realización de actividades e na participación en xogos grupais e individuais. Participa voluntariamente nos xogos e nas diversas situacións da vida cotiá	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Recoñecer en sí mesmo as emocións básicas	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Tolera a frustración e é capaz de respectar as opinións de outras persoas.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	É que de solicitar axuda.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Manifesta interese pola lingua e cultura inglesa. Saúda en L1 ou L2 cando o escoita en L2.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Imita as ordes en L2 (Teoría TPR) , mostrando respecto e empatía e aceptando as diferenzas individuais. Participa cando se fan actividades musicais en grupo. Xoga con todos os compañeiros e compañeiras.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Mostra respecto e interese polo coidado do medio natural e dos animais, recoñecendo accións positivas e negativas das persoas sobre os mesmos.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Valora e respecta as diferenzas entre as persoas e os diferentes modelos de familias	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Amosa interese por coñecer e participar das celebracións tradicionais da nosa contorna (magosto, samaín, nadal, entroido, Letras galegas, maíos...) Amosa intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter, ...).	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Amosa intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter,).	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as producións (debuxos, bailes, manualidades...) dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as producións (debuxos, bailes, manualidades...) dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais da aula).	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as producións (debuxos, bailes, manualidades...) dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - das demais persoas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Respecto polas producións alleas. - Respecto cara ás producións alleas. - Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
10	O xogo e o seu aproveitamento didáctico.	140

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa nos xogos e actividades que se lles propón.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Mostra progresiva autonomía no coidado e hixiene persoal (alimentación, lavado de mans, mantemento e limpeza de espazos) e na realización das actividades diarias.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa nos xogos e actividades que se lles propón	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Relaciónase coas demais persoas empregando expresións sociais básicas: ola e adeus.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Imita as ordes en L2 (Teoría TPR) , mostrando respecto e empatía e aceptando as diferenzas individuais. Participa cando se fan actividades musicais en grupo. Xoga con todos os compañeiros e compañeiras.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Diferenza son e silencio.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En trazos xerais, á acción educativa apoiarase nos seguintes principios:

- Coidado do ambiente de aprendizaxe.
 - Xogo. Será o mecanismo para que poidan descubrir as propias posibilidades e limitacións, interioricen o esquema corporal; para recrear situacións da vida cotiá e fomentar actitudes de axuda e colaboración así como para aceptar os logros e erros, desenvolvendo a empatía e resiliencia.
 - Aprendizaxe activo e construtivo.
 - Aprendizaxe significativo.
 - Apertura ao contorno.
 - Interacción con outros (socialización).
 - Motivación.
 - Enfoque globalizador.
 - Aprender a aprender.
 - Dar valor as linguaxes tratando de desenvolver ao máximo todas as posibilidades comunicativas do alumnado (escrita, TICs, linguaxes musicais e visuais, linguas estranxeiras, ...).

Pero sen perder a perspectiva dos principios pedagóxicos que deben guiar a acción docente nesta etapa e que quedan recollidos no artigo 15 do decreto de currículo, establécense a continuación os principios que serán as liñas de actuación concretas para acadar cada un dos obxectivos sinalados nos apartados anteriores, polo que determinase a seguinte metodoloxía con respecto a cada área curricular.

En primeiro lugar, en relación á área de comunicación e representación, indicar que o noso quefacer diario baséase na concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas.

- En todo momento crearemos un ambiente harmónico que permita expresarse ao alumnado de maneira espontánea, independentemente da linguaxe que empreguen.
 - Deseñaremos situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar elementos básicos da comunicación oral coma a escoita, o respecto das quendas ou as fórmulas sociais de cortesía. Ademais realizaremos propostas lúdicas asociadas a diferentes tipos de linguaxe (comunicativa, artística, musical, corporal e dixital) .
 - Proporcionaremos un ambiente rico en estímulos, onde a linguaxe escrita é un medio e non un fin en si mesmo. A través de distintas actividades lúdicas fomentaremos a aproximación á esta lingua escrita; sen esquecer que convivimos nun ámbito plurilingüe, facendo especial énfase nas linguas da súa contorna.
 - Incentivaremos no alumnado un intercambio de papeis, deixando de ser unicamente receptores para converterse en transmisores e produtores de información a través dos distintos medios.
 - No noso centro cobra especial relevancia a biblioteca coma fonte de información, converténdose nun espazo que nos achegará ás diferentes manifestacións culturais.
 - Para acadar o éxito destes aspectos mantemos unha organización flexible dos tempos comunicativos, respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos.

No que respecta a área de crecemento e harmonía, a intervención educativa xira en torno a situacións de aprendizaxe motivadoras que respectan ritmos e características individuais.

- Fomentaremos as relacións entre iguais e adultos de modo que leve aos nenos e nenas a construír novas figuras de apego.
 - Partindo das súas experiencias previas, deseñaremos situacións educativas nas que as nenas e os nenos

observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións. Sen esquecer, o desenvolvemento da autonomía por medio da participación en xogos e actividades motrices.

- Crearemos contextos seguros e emocionalmente positivos favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e o traballo colaborativo. E tamén adaptaremos a nosa práctica pedagóxica ás características persoais, necesidades e intereses, potenciando a súa creatividade e sensibilidade.
- Na nosa práctica diaria incluiremos a planificación de situacións de aprendizaxe que fomenten o consumo responsable, sostible e saudable.

Xa para finalizar, no que respecta á área de descubrimento e exploración da contorna, a nosa labor como docentes basease en concibir a contorna dende unha dobre perspectiva: como un obxecto de aprendizaxe e coma un recurso, ou un medio, cun enorme potencial educativo.

- A exploración activa tomarase como medio para coñecer a contorna, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e valoración da mesma, potenciando a sensibilidade.
- O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras será outro dos aspectos a traballar.
- Tamén proporemos situación de aprendizaxe contextualizadas, nas cales as nocións matemáticas, espaciais e temporais sexan a propia ferramenta de traballo.
- Diseñaranse situacións STEM que faciliten a aplicación das habilidades de pensamento computacional que axuden ao alumnado a superar situacións problemáticas, isto conseguíremolo mediante actividades manipulativas e sensoriais, respectando, en todo momento, os ritmos individuais de aprendizaxe.
- Así mesmo propiciaremos a observación, a indagación, e a proposta de solucións diversificadas, co fin de que o noso alumnado desenvolva estratexias cognitivas e pensamento científico.
- Ademais prestaremos especial atención en evitar desigualdades por mor de xénero, e transmisión de actitudes e comportamentos sexistas.
- Presentarase a realidade e as súas relacións de xeito que constitúan un todo integrado, onde o medio físico, natural, social e cultural se interrelaciona.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: xices, lapises, ceras, pintura, plastilina, arxila, pasta de modelar, diferentes tipos de papel,etc. Estes materiais serán seguros, non presentarán riscos de toxicidade, falta de hixiene ou arestas cortantes; duradeiros e a adaptados as posibilidades motrices do alumnado.
Materiais non funxibles: mesas, cadeiras, lousa, etc. útiles para a actividade cotiá que se adaptarán á estatura dos nenos e das nenas, que permitan o manexo autónomo e que se adapten á diferentes requirimentos.
Material de escoura: cartóns, botes, tapas, etc. que permiten diferentes usos e que cumpriran asemade as características de seguridade, non toxicidade e posibilidade de desinfección. Este material, polas súas características, pode ser repostado facilmente e polo tanto non compre que sexa especialmente duradeiro.
Libros e materiais impresos: contos, libros de consulta, álbumes, etc. empregárase a gran cantidade de recursos que ofrece a biblioteca de centro e que se rota polas diferentes bibliotecas de aula.
Xogos educativos: xogos de mesa, de desafíos ou retos individuais, etc. Este tipo de xogos individuais ou de pequeno grupo contribuirán a desenvolver actitudes sociais, respectar as quendas, fomentar a cooperación, axudando a desenvolver a tolerancia ante a frustración.
Material sensorial: mesas de luz, torres de burbullas, paus de luz, masaxeadores, calidoscopios, coxíns, difusores de aromas, etc. Estes materiais teñen como propósito espertar a curiosidade do alumnado e incidir sobre os seus diferentes sentidos.
Materiais naturais: pedras, rodas de madeira, ... que permitan unha manipulación libre, experimentar diferentes sensacións, crear dunha forma libre.
Material de xogo simbólico: xoguetes que permitan ao alumnado recrear situacións da vida cotiá e que contribúan á súa participación nas mesmas, fomentando actitudes de axuda e colaboración e evitando estereotipos e actitudes sexistas.

Material de psicomotricidade: colchonetas, aros, cordas, conos, pelotas,... que permitan ao alumnado poñer en funcionamento, medir ou, simplemente, experimentar as súas posibilidades de movemento. Se ben a meirande parte deste material se sitúa na sede do CRA, convén sinalar que tamén as aulas de parroquias contan con este tipo de materiais para o emprego na actividade diaria ou nos tempos de especialidade.

Material tecnolóxico: PDI, tablets, makey makey, robots, etc. Material que relaciona as TICs coa actividade de aula motivándoa, diversificándoa, ... Este material está situado na biblioteca da sede do CRA pero conta cun servizo de préstamo para que todas as aulas podan empregalo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial que seguirá os parámetros recollidos en XADE a tal efecto. Esta realizarase por medio da entrevista coa súa familia e da información recollida a través da observación da nena ou neno durante o período de adaptación.

A entrevista coas familias proporcionará información relativa a:

- Datos sanitarios (enfermidades, alerxias, hospitalizacións, medicación, alteracións físicas e sensoriais, control de esfínteres/aseo, autonomía, comida e vestido).
- Datos motores (idade na que comezou a camiñar, dominancia lateral e axilidade de movemento).
- Datos lingüísticos (idade na que comezou a falar, lingua na que se expresa, lingua que emprega o seu contorno, capacidade de comprensión/expresión, dificultades na fala).

A observación na aula, por medio de listas de cotexo, do diario de aula, etc. permitirá recoller información referida á:

- Descrición do período de adaptación (duración, actitude da nena ou neno, facilidade ou dificultade para adaptarse ao grupo ou aula, etc.).
- Relacións que establece (tipo de relacións que establece con compañeiras e compañeiros así como co profesorado; tipo de xogo que amosa; etc.).
- Linguaxe (nivel de participación, interese por compartir, etc.).
- Hábitos e autonomía (nas situacións cotiás de aseo, alimentación, hábitos sociais, etc.).

Asemade, se entende a avaliación inicial como o proceso que permite coñecer o punto de partida do alumnado (necesidades, ritmos, etc.) para planificar o proceso educativo dunha forma axustada. Con este propósito, durante as primeiras semanas de clase se realizará:

- Unha observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades propostas;
- Unha análise das súas producións (plásticas, musicais, escritas);
- Unha revisión da información aportada polas familias ou tutores; e
- Un pequeno diagnóstico do estado físico, emocional, de coñecementos previos, ... de cada alumna e alumno.

Esta avaliación inicial ten un carácter preventivo, permite identificar de forma temperá necesidades educativas e así poder organizar as medidas que se consideren necesarias para abordalas.

Asemade, ao inicio de cada unidade didáctica ou secuencia de aprendizaxe, se realizarán unha serie de actividades encamiñadas a recoller información sobre as ideas que teñen en relación á mesma. Estas actividades serán fundamentalmente colectivas e basearanse en presentar imaxes e recoller os seus comentarios en situacións de faladoiro; ver vídeos que sirvan como introdución ao tema ou participar de xogos nos que amosen os seus coñecementos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os mínimos esixibles establecidos para cada criterio de avaliación permitirán valorar se o alumnado adquiriu sen dificultade, en proceso ou con dificultade os contidos que se pretendía. Desta forma, a mestra ou o mestre, a partir das súas observacións e rexistros determinará a cualificación do alumnado.

Criterios de recuperación:

Non proceden na etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo de clase non é homoxéneo. Cada alumno e cada alumna ten unhas peculiaridades, un ritmo de desenvolvemento e de aprendizaxe propios. Coa idea de atender a esa diversidade, cómpre:

- Realizar unha avaliación inicial ó principio de cada unidade didáctica, para detectar ideas previas, ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento.
- Organizar a aula de forma accesible.
- Empregar referencias visuais como pictogramas ou axendas.
- Propoñer actividades variadas para que se adapten ás características do alumnado.
- Empregar metodoloxías colaborativas e cooperativas así como aquelas que favorezan a participación de todo o alumnado.
- Seleccionar diferentes materiais e recursos para a realización de actividades procurando a motivación do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TICs.
- Transmitir a información de forma clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Establecer diferentes propostas para dar resposta aos diferentes intereses, por exemplo, por medio dos recunchos.
- Primar o esforzo sobre o resultado, contribuíndo a aumentar a autoestima.
- Establecer canles de comunicación axeitados entre o profesorado que traballa co grupo, coa familia, co DO, etc.

Asemade, cando a avaliación inicial ou as observacións das mestres e dos mestres amosen indicios de necesidades educativas en determinados alumnos/as que presentan ou podan presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico; o departamento de orientación realizará unha recollida de información que facilita o análise e a valoración das necesidades para dar o apoio convinte e tomar decisións acerca da modalidade de escolarización, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios e calquera aspecto que poda precisar o alumno/a para progresar. A partir do resultado desa análise adoptaranse, pois, medidas de atención á diversidade que poderán ser:

- Ordinarias como o reforzo educativo, os grupos de aproveitamento ou obradoiros de recuperación e os apoios á aula.
- Extraordinarias, que se aplicarán esgotadas as anteriores ou cando as necesidades do alumnado sexan de carácter permanente como a adaptación curricular ou a flexibilización do período de escolarización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X		X					
ET.2 - Movemento e hábitos de control corporal	X	X	X					
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe	X	X		X	X			X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X				X			X
ET.5 - Descubrimento do contorno, dos seres vivos e das características físicas e sociais			X			X	X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X			X	X			
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable		X		X			X	
ET.8 - Promoción e educación para a saúde		X	X					
ET.9 - Diversidade familiar								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X
ET.2 - Movemento e hábitos de control corporal	X	
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe		X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social		
ET.5 - Descubrimento do contorno, dos seres vivos e das características físicas e sociais		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable		
ET.8 - Promoción e educación para a saúde		
ET.9 - Diversidade familiar		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoas expertas	No contexto das unidades didácticas poderían realizarse visitas de persoas expertas no obxecto de estudo.	X	X	X
Saídas de campo	Con diferentes motivacións, poderán planificarse saídas á contorna.	X	X	X
Convivencias entre aulas	Co propósito de que o alumnado se coñeza e disfrute do contacto con outros compañeiros e compañeiras, poderán organizarse actividades conxuntas entre as diferentes aulas do centro.	X	X	X
Obradoiros solidarios	Carreiras, colaboración con entidades solidarias.	X	X	X
Comemoracións e festas	Samaín, magosto, entroido, nadal, etc. poderán organizarse dende o centro ou coa colaboración da ANPA, concello, etc.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade de peche de curso, de carácter lúdico.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A actividade propósta foi axeitada ao alumnado.
Os instrumentos de avaliación foron eficaces.
A organización dos tempos foi a correcta.
Os materiais empregados foron suficientes, motivadores, etc.
As actividades deseñadas foron motivadoras.
Os materiais empregados foron suficientes, motivadores, etc.
Todas as necesidades do alumnado foron contempladas no deseño de actividades.
A actividade diaria desenvólvese nun ambiente agradable.
As interaccións entre alumnos e alumnas son positivas.
A coordinación entre mestres e mestras foi axeitada.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Co propósito de coñecer se os procesos de ensino e están a acadar os obxectivos propostos, ao longo das secuencias de aprendizaxe, recollerase información sobre:

- A organización da aula, o clima escolar positivo e as interaccións que dentro da aula se producen. Isto realizarase a través das reflexións no diario de aula sobre o desenvolvemento de cada día.
- A coordinación correcta e fluida entre o profesorado. Para isto teranse en conta as reunións e as sesións de avaliación.
- A coordinación coas familias. Avaliarase o grao de comunicación entre familia e escola, as solicitudes de titorías, a participación nas actividades propostas, etc.
- A adecuación da proposta pedagóxica, da planificación e da metodoloxía aplicada. as características e necesidades do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente, realizarase unha valoración do proceso de ensino e de aprendizaxe na que participará todo o profesorado que ten docencia nas aulas para valorar os avances realizados polo grupo, a actividade que se desenvolveu no mesmo e as propostas de mellora que compre adoptar. Para a mesma, o profesorado deberá achegar os datos da avaliación do seu grupo así como da súa propia tarefa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	78
4.2. Materiais e recursos didácticos	80
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	80
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	81
6. Medidas de atención á diversidade	81
7.1. Concreción dos elementos transversais	82
7.2. Actividades complementarias	83
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	83
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	84
9. Outros apartados	84

1. Introducción

A presente programación dirixese ao alumnado de 5º curso de Educación Infantil. Este curso escolar, este grupo o conforman 69 alumnos e alumnas que se distribúen en 9 aulas (6 unitarias e 3 aulas puras situadas na sede do CRA). Con ela concretamos o currículo para este nivel e creamos o marco a partir do cal se elaborarán as diferentes programacións de aula nas que cada mestra ou mestre en particular terá en conta a realidade da súa para facer explícitos os obxectivos e criterios de avaliación que abordará ao longo do presente curso. Así, recóllese no mesmo a descrición dunha serie de unidades didácticas que, con carácter xeral, enmarcan os diferentes momentos que caracterizan a actividade cotiá pero outorgan ao profesorado a posibilidade de deseñar as súas propias propostas baseadas nos intereses, necesidades, ... do seu alumnado.

Na mesma, se recollen as programacións das tres áreas do currículo facendo visible a necesidade de organizar a acción educativa tendo en conta o respecto ao principio de globalidade.

Con todo, cómpre sinalar que:

- A área de Comunicación e representación da realidade pretende promover no noso alumnado as capacidades que lle permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

- A área de Crecemento en harmonía centra o seu interese nas dimensións persoal e social da nena ou do neno entendendo que estas son inseparables e complementarias e que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica.

- A área de Descubrimento e exploración do contorno dirixese ao descubrimento, exploración e comprensión de todo aquilo que configura a realidade infantil considerando as súas múltiples relacións e interdependencias e co propósito de construír un coñecemento sobre o medio físico, natural e social progresivamente axustado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1		1	1			1
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1		1	
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1				1			1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1			1	1			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1				1			
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1			1
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1	1	1	
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		1
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1	1		
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1		1	1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1				1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unha viaxe pola ciencia	A temática da proposta de centro anual está ligada á ciencia. A través de experiencias iremos achegándonos a conceptos, ideas, persoas... ligados a este ámbito.	34	X	X	X
2	Rutinas de aula	Mediante a posta en marcha desta UD preténdese que o alumnado adquira as rutinas diarias básicas da aula, así como hábitos saudables, autonomía, pautas de relación social, aseo, organización temporal mediante o uso da axenda diaria ou o calendario.	140	X	X	X
3	O corpo	Mediante o desenvolvemento desta UD chegarase ao alumnado aqueles contidos relacionados cunha imaxe axustada de si mesmo, sendo consciente das súas capacidades e limitacións, aceptando e respectando as súas propias características e tamén as alleas. Ademais, tamén se pretende que o alumnado sexa quen de coñecer as diferentes partes do corpo e o esquema corporal.	34	X	X	X
4	Actividades TIC/STEM	A través desta UD preténdese chegar ao alumnado as tecnoloxías que estean ao seu alcance (robótica, pantalla dixital interactiva, QRs, tablets...), fomentando un uso responsable das mesmas, manipulando, experimentando, creando novas formas de aprender.	34	X	X	X
5	Desenvolvemento das habilidades comunicativas	O que se pretende mediante a posta en marcha desta UD é desenvolver as habilidades comunicativas a través da lingua inglesa, da música, a danza ou a expresión corporal. Asemade, adquirir un control grafo-motriz axeitado e que, a través del, o alumnado poida expresarse libremente.	106	X	X	X
6	Proxectos relacionados co coñecemento da contorna próxima	Coa posta en marcha desta UD chegarase ao alumnado á súa contorna máis próxima, tendo en conta o ámbito natural (animais, plantas, vexetación...) ou social (diversidade familiar,	70	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Proxectos relacionados co coñecemento da contorna próxima	institucións, grupos ou persoas relevantes).	70	X	X	X
7	Proxectos do ámbito lóxico-matemático	A través desta UD achegarase ao alumnado os atributos de determinados obxectos, establecendo relacións de semellanzas ou diferenzas entre eles; a relación cos números e as súas cantidades, clasificacións, seriacións, etc. Achegarase tamén de xeito manipulativo e lúdico as operacións matemáticas.	106	X	X	X
8	Actividades de estimulación da linguaxe oral	Mediante a posta en marcha desta UD preténdese traballar os prerequisites da linguaxe oral (atención, imitación, memoria...), así como tódolos compoñentes da linguaxe (fonética e fonoloxía, léxico, semántica, morfosintaxe e pragmática), fomentando a comunicación, a linguaxe e a fala.	106	X	X	X
9	Educación emocional	A través da posta en marcha desta UD preténdese traballar a identificación, recoñecemento e xestión das emocións propias e alleas, aprendendo a controlar e tolerar a frustración que poidan xurdir no contexto escolar. Asemade, implementaranse diversas técnicas de relaxación coma a respiración, pintar mandalas, o ioga ou o mindfulness.	70	X	X	X
10	O xogo e o seu aproveitamento didáctico	Coa posta en marcha desta UD preténdese que o alumnado participe activamente nos momentos de xogo (patio, recunchos...) para continuar adquirindo novos contidos e afianzar os xa traballados, aceptando e respectando as normas e fomentando a socialización.	140	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unha viaxe pola ciencia	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar emocións, ideas e sentimentos.	TI
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Identifica a súa posición: dentro/fóra, diante/atrás, ... verbalmente.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñece e identifica onte/hoxe/mañá. Recoñece os días da semana.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en proxectos mediante o traballo por parellas, respecta quendas e valora o traballo alleo.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Amosa sentimentos variados e axeitados con respecto aos seus logros.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Relacionase socialmente cos seus iguais e mantén actitudes de respecto cos mesmos e cos adultos.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Amosa interese por participar nalgunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura galega e inglesa.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Amosa intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Coloca os libros no lugar axeitado cando os devolve aos andeis.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Realiza unha escoita activa e respectuosa dos textos.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Escoita con agrado poemas. Participa nas actividades de conto motor, tanto de forma individual como colectivamente.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reproduce musicalmente mensaxes expresadas de forma oral e plástica.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comprende a intencionalidade comunicativa dos pictogramas máis sinxelos.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais de aula).	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións a través do debuxo.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Expresa ledicia/tristura/enfado a través do corpo. Participa en actividades de danza con agrado.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Coñece e identifica medios dixitais (tablets, PDI, ordenador, ...) e fai un bo uso de eles.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É capaz de interpretar as mensaxes do emisor, recoñecendo a súa intencionalidade.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Darase importancia ao establecemento dun vínculo de apego con cada un/unha dos/das alumnos/alumnas como base favorecedora da comunicación así como a valorar positivamente as súas mensaxes independentemente da linguaxe empregada nas mesmas.
- Flexibilizaranse os tempos comunicativos para dar resposta aos diferentes intereses, ritmos e particularidades de cada nena ou neno.
- Ofreceranse modelos lingüísticos variados, correctos e de beleza literaria: cantando, narrando, recitando, etc. e se abrirá a escola á familia e a persoas doutras culturas.
- Coidaranse os intercambios comunicativos favorecendo a escoita atenta, o respecto de quendas, o emprego de fórmulas de cortesía, o modelado da conduta, a expresión de ideas, etc. para o cal se combinarán as actividades de gran grupo coas dinámicas de parellas ou pequeno equipo que, ademais do sinalado, permitan expoñer ideas, chegar a acordos, etc.
- Favorecerase a expresión por medio das diferentes linguaxes: artística, musical, estimulando a creatividade, evitando convencionalismos e valorando as producións propias e alleas.
- Empregaranse as ferramentas tecnolóxicas para que o alumnado se converta en produtor de contidos e non só como receptor pasivo. Promoverase un emprego responsable e unha exposición ás pantallas acorde á súa idade.
- Darase valor ás diferentes linguas da súa contorna así como á lingua estranxeira expoñéndoo ás mesmas con cancións, actividades nas que teñan que ofrecer unha resposta física global (TPR), etc.
- Valorarase a biblioteca como espazo de lecer, de creatividade, de achegamento á escrita e de xurdimento de todo tipo de aprendizaxes.
- Adoptaranse sistemas alternativos e aumentativos de comunicación co propósito de adquirir e interiorizar rutinas, comprender instrucións, etc.

En relación á área de Crecemento en harmonía:

- A intervención educativa axustarase ao momento evolutivo, ao ritmo e as características individuais de cada alumna e alumno e tomará como punto de partida os seus coñecementos e experiencias previas para garantir que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- Considerando que todos os espazos da escola son educativos deberán ser seguros e permitir a observación, manipulación e exploración das propias limitacións e posibilidades co propósito de contribuír ao coñecemento do propio corpo, a toma de conciencia do mesmo, a interiorización do esquema corporal, a construción dunha auto

imaxe positiva e a adquisición dunha progresiva autonomía. O ambiente de aprendizaxe deberá dar resposta aos diferentes tipos de necesidades (físicas, afectivas, de convivencia, de relación, etc.).

- O tempo organizarase valorando os procesos vividos e non tanto os produtos da actividade. Promoverase a calma e se combinarán os tempos de rutina con tempos para actividades específicas.
- Empregarase o xogo simbólico para reproducir situacións cotiás, favorecer as interaccións, promover a participación, a colaboración e a empatía fomentando colaboración.
- Coidarase a creación de vínculos de apego entre o alumnado e as persoas que con el interaccionan como base para o establecemento dun ambiente seguro e emocionalmente positivo no que se poidan a expresar emocións, se adquiren recursos para aprender a regular as mesmas e se vaia construíndo a autoestima.
- Abrirase a aula ao contorno permitindo a colaboración das familias, a súa participación na vida da escola.
- Planificaranse actividades psicomotrices que permitan a interacción do alumnado, o desenvolvemento da empatía e da resiliencia.
- Coidarase, en calquera situación de aula, a aceptación dos logros e dos erros dunha forma positiva, valorando o esforzo, a constancia e a iniciativa.

No tocante á área de Descubrimento da contorna:

- Crearanse ambientes ricos en recursos e oportunidades e se coidará o establecemento dun axeitado vínculo entre o profesorado e o alumnado para xerar seguridade e confianza para afrontar o cotiá así como novos retos.
- Coidaranse os espazos procurando que sexan cómodos, versátiles e amables para alumnado e para os adultos.
- Darase especial valor aos materiais continuos, inespecíficos e aos do seu contorno natural ou sociocultural e se coidará de evitar aqueles que poidan transmitir actitudes ou contidos sexistas.
- Adoptaranse metodoloxías que sitúen ao alumnado no centro da acción así como que lle permitan acceder aos contidos de diferentes modos.
- O achegamento aos conceptos matemáticos, espaciais e temporais realizarase dende unha perspectiva contextualizada e que teña significado para o alumnado.
- Coidarase que o alumnado adquira unha actitude de respecto, valoración e coidado do medio ambiente.
- Promoverase o descubrimento do contorno máis próximo e o achegamento ao afastado por medio das tecnoloxías e das experiencias.
- A organización de tempos e espazos será flexible para adaptarse aos ritmos dos nenos e das nenas e tamén as diferentes actividades.
- Deseñaranse actividades que permitan aplicar habilidades de pensamento computacional e que axuden ao alumnado a resolver os problemas de forma creativa, progresando na autonomía. Promoverase un ambiente de respecto e confianza para que os erros se entendan como parte do proceso de aprender.
- Contribuirase ao achegamento do alumnado aos elementos da cultura propia e doutras diferentes respectando e apreciando os mesmos.

Dunha forma xeral, á acción educativa apoiarase nos seguintes principios:

- Coidado do ambiente de aprendizaxe.
- Xogo. Será o mecanismo para que poidan descubrir as propias posibilidades e limitacións, interioricen o esquema corporal; para recrear situacións da vida cotiá e fomentar actitudes de axuda e colaboración así como para aceptar os logros e erros, desenvolvendo a empatía e resiliencia.
- Aprendizaxe activo e construtivo.
- Aprendizaxe significativo.
- Apertura ao contorno.
- Interacción con outros (socialización).
- Motivación.
- Enfoque globalizador.
- Aprender a aprender.
- Dar valor as linguaxes tratando de desenvolver ao máximo todas as posibilidades comunicativas do alumnado (escrita, TICs, linguaxes musicais e visuais, linguas estranxeiras, ...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: xices, lapises, ceras, pintura, plastilina, arxila, pasta de modelar, diferentes tipos de papel,etc. Estes materiais serán seguros, non presentarán riscos de toxicidade, falta de hixiene ou arestas cortantes; duradeiros e a adaptados as posibilidades motrices do alumnado.
Material non funxible: mesas, cadeiras, lousa, etc. útiles para a actividade cotiá que se adaptarán á estatura dos nenos e das nenas, que permitan o manexo autónomo e que se adapten á diferentes requirimentos.
Material de escoura: cartóns, botes, tapas, etc. que permiten diferentes usos e que cumprirán asemade as características de seguridade, non toxicidade e posibilidade de desinfección. Este material, polas súas características, pode ser repostado facilmente e polo tanto non compre que sexa especialmente duradeiro.
Libros e outros materiais impresos: contos, libros de consulta, álbumes, etc. empregárase a gran cantidade de recursos que ofrece a biblioteca de centro e que se rota polas diferentes bibliotecas de aula.
Xogos educativos: xogos de mesa, de desafíos ou retos individuais, etc. Este tipo de xogos individuais ou de pequeno grupo contribuirán a desenvolver actitudes sociais, respectar as quendas, fomentar a cooperación, axudando a desenvolver a tolerancia ante a frustración.
Material sensorial: mesas de luz, torres de burbullas, paus de luz, masaxeadores, calidoscopios, coxíns, difusores de aromas, etc. Estes materiais teñen como propósito espertar a curiosidade do alumnado e incidir sobre os seus diferentes sentidos.
Materiais naturais: pedras, rodas de madeira, ... que permitan unha manipulación libre, experimentar diferentes sensacións, crear dunha forma libre.
Material de xogo simbólico: xoguetes que permitan ao alumnado recrear situacións da vida cotiá e que contribúan á súa participación nas mesmas, fomentando actitudes de axuda e colaboración e evitando estereotipos e actitudes sexistas.
Material de psicomotricidade: colchonetas, aros, cordas, conos, pelotas,... que permitan ao alumnado poñer en funcionamento, medir ou, simplemente, experimentar as súas posibilidades de movemento. Se ben a meirande parte deste material se sitúa na sede do CRA, convén sinalar que tamén as aulas de parroquias contan con este tipo de materiais para o emprego na actividade diaria ou nos tempos de especialidade.
Material tecnolóxico: PDI, tablets, makey makey, robots, etc. Material que relaciona as TICs coa actividade de aula motivándoa, diversificándoa, ... Este material está situado na biblioteca da sede do CRA pero conta cun servizo de préstamo para que todas as aulas podan empregalo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado de nova incorporación, trasladado de centro ou escolarizado neste nivel será obxecto dunha avaliación inicial que seguirá os parámetros recollidos en XADE a tal efecto. Esta realizarase por medio da entrevista coa súa familia e da información recollida a través da observación da nena ou neno durante o período de adaptación.

A entrevista coas familias proporcionará información relativa a:

- Datos sanitarios (enfermidades, alerxias, hospitalizacións, medicación, alteracións físicas e sensoriais, control de esfínteres/aseo, autonomía, comida e vestido).
- Datos motores (idade na que comezou a camiñar, dominancia lateral e axilidade de movemento).
- Datos lingüísticos (idade na que comezou a falar, lingua na que se expresa, lingua que emprega o seu contorno, capacidade de comprensión/expresión, dificultades na fala).

A observación na aula, por medio de listas de cotexo, do diario de aula, etc. permitirá recoller información referida á:

- Descrición do período de adaptación (duración, actitude da nena ou neno, facilidade ou dificultade para adaptarse ao grupo ou aula, etc.).

- Relacións que establece (tipo de relacións que establece con compañeiras e compañeiros así como co profesorado; tipo de xogo que amosa; etc.)
- Linguaxe (nivel de participación, interese por compartir, etc.)
- Hábitos e autonomía (nas situacións cotiás de aseo, alimentación, hábitos sociais, etc.)

Asemade, se entende a avaliación inicial como o proceso que permite coñecer o punto de partida do alumnado (necesidades, ritmos, etc.) para planificar o proceso educativo dunha forma axustada. Con este propósito, durante as primeiras semanas de clase se realizará:

- Unha observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades propostas;
- Unha análise das súas producións (plásticas, musicais, escritas);
- Unha revisión da información aportada polas familias ou titores;
- Un pequeno diagnóstico do estado físico, emocional, de coñecementos previos, ... de cada alumna e alumno.

Esta avaliación inicial ten un carácter preventivo, permite identificar de forma temperá necesidades educativas e así poder organizar as medidas que se consideren necesarias para abordalas.

Asemade, ao inicio de cada unidade didáctica ou secuencia de aprendizaxe, se realizarán unha serie de actividades encamiñadas a recoller información sobre as ideas que teñen en relación á mesma. Estas actividades serán fundamentalmente colectivas e basearanse en presentar imaxes e recoller os seus comentarios en situacións de faladoiro; ver vídeos que sirvan como introdución ao tema ou participar de xogos nos que amosen os seus coñecementos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os mínimos esixibles establecidos para cada criterio de avaliación permitirán valorar se o alumnado adquiriu sen dificultade, en proceso ou con dificultade os contidos que se pretendía. Desta forma, a mestra ou o mestre, a partir das súas observacións e rexistros determinará a cualificación do alumnado.

Criterios de recuperación:

Non proceden nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo de clase non é homoxéneo. Cada alumno e cada alumna ten unhas peculiaridades, un ritmo de desenvolvemento e de aprendizaxe propios. Coa idea de atender a esa diversidade, cómpre:

- Realizar unha avaliación inicial ó principio de cada unidade didáctica, para detectar ideas previas, ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento.
- Organizar a aula de forma accesible.
- Empregar referencias visuais como pictogramas ou axendas.
- Propoñer actividades variadas para que se adapten ás características do alumnado.
- Empregar metodoloxías colaborativas e cooperativas así como aquelas que favorezan a participación de todo o alumnado.
- Seleccionar diferentes materiais e recursos para a realización de actividades procurando a motivación do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TICs.
- Transmitir a información de forma clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Establecer diferentes propostas para dar resposta aos diferentes intereses, por exemplo, por medio dos recunchos.
- Primar o esforzo sobre o resultado, contribuíndo a aumentar a autoestima.
- Establecer canles de comunicación axeitados entre o profesorado que traballa co grupo, coa familia, co DO, etc.

Asemade, cando a avaliación inicial ou as observacións das mestres e dos mestres amosen indicios de necesidades educativas en determinados alumnos/as que presentan ou podan presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico; o departamento de orientación realizará unha recollida de información que facilita o análise e a valoración das necesidades para dar o apoio convinte e tomar decisións acerca da modalidade de escolarización, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios e calquera aspecto que poda precisar o alumno/a para progresar. A partir do resultado desa análise adoptaranse, pois, medidas de atención á diversidade que poderán ser:

- Ordinarias como o reforzo educativo, os grupos de aproveitamento ou obradoiros de recuperación e os apoios á aula.
- Extraordinarias, que se aplicarán esgotadas as anteriores ou cando as necesidades do alumnado sexan de carácter permanente como a adaptación curricular ou a flexibilización do período de escolarización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X		X					
ET.2 - Movemento e hábitos de control corporal	X	X	X					
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe	X	X		X	X			X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X				X			X
ET.5 - Descubrimento do contorno, dos seres vivos e das características físicas e sociais	X		X			X	X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X			X	X			
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable	X	X		X			X	
ET.8 - Promoción e educación para a saúde	X	X	X					
ET.9 - Diversidade familiar	X							

	UD 9	UD 10
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X
ET.2 - Movemento e hábitos de control corporal	X	
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe		X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social		X

	UD 9	UD 10
ET.5 - Descubrimiento do contorno, dos seres vivos e das características físicas e sociais		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable		
ET.8 - Promoción e educación para a saúde		
ET.9 - Diversidade familiar		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoas expertas	No contexto das unidades didácticas poderían realizarse visitas de persoas expertas no obxecto de estudo.	X	X	X
Saídas de campo	Con diferentes motivacións, poderán planificarse saídas á contorna.	X	X	X
Convivencias entre aulas	Co propósito de que o alumnado se coñeza e disfrute do contacto con outros compañeiros e compañeiras, poderán organizarse actividades conxuntas entre as diferentes aulas do centro.	X	X	X
Obradoiros solidarios	Carreiras, colaboración con entidades solidarias.		X	
Comemoracións e festas	Samaín, magosto, entroido, nadal, etc. poderán organizarse dende o centro ou coa colaboración da ANPA, concello, etc.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade de peche de curso, de carácter lúdico.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A actividade propósta foi axeitada ao alumnado.
As actividades deseñadas foron motivadoras.
A organización dos tempos foi a correcta.
Os materiais empregados foron suficientes, motivadores, etc.
Os instrumentos de avaliación foron eficaces.

Todas as necesidades do alumnado foron contempladas no deseño das actividades.
A actividade diaria se desenvolve nun ambiente agradable.
As interaccións entre alumnas e alumnos son positivas.
A coordinación entre mestras e mestres foi axeitada.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Co propósito de coñecer se os procesos de ensino están a acadar os obxectivos propostos, ao longo das secuencias de aprendizaxe, recollerase información sobre:

- A organización da aula, o clima escolar e as interaccións que nela se producen. Isto se realizará a través das reflexións no diario de aula sobre o desenvolvemento de cada día.
- A coordinación entre o profesorado. Para isto teranse en conta as reunións e as sesións de avaliación.
- A coordinación coas familias. Avaliarase o grao de comunicación entre familia e escola, as solicitudes de titorías, a participación nas actividades propostas, etc.
- A adecuación da proposta pedagóxica, da planificación e da metodoloxía aplicada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente, realizarase unha valoración do proceso de ensino e de aprendizaxe na que participará todo o profesorado que ten docencia nas aulas para valorar os avances realizados polo grupo, a actividade que se desenvolveu no mesmo e as propostas de mellora que compre adoptar. Para a mesma, o profesorado deberá achegar os datos da avaliación do seu grupo así como da súa propia tarefa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	81
4.2. Materiais e recursos didácticos	82
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	83
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	83
6. Medidas de atención á diversidade	84
7.1. Concreción dos elementos transversais	84
7.2. Actividades complementarias	85
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	86
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	87
9. Outros apartados	87

1. Introducción

Esta programación está concebida para desenvolverse no CRA Raíña Aragonta, ao longo do curso 2024/2025, co alumnado de 6º de Educación Infantil, conformado por 67 nenos e nenas divididos en 2 aulas en Esfarrapada, e 7 aulas mixtas de parroquias.

Unha vez sinalados estes aspectos, é preciso indicar certos aspectos a ter en conta en relación as diferentes áreas de coñecemento.

En primeiro lugar, grazas á área de comunicación e representación da realidade pretendemos promover no noso alumnado as capacidades que lle permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Doutra banda a área de Crecemento en harmonía centra o seu interese nas dimensións persoal e social da nena ou do neno entendendo que estas son inseparables e complementarias e que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica.

No que respecta a última das áreas curriculares: descubrimento e exploración do contorno diríxese ao descubrimento, exploración e comprensión de todo aquilo que configura a realidade infantil considerando as súas múltiples relacións e interdependencias e co propósito de construír un coñecemento sobre o medio físico, natural e social progresivamente axustado.

A programación de cada unha de estas áreas adquire sentido no contexto da programación das dúas restantes, xa que a acción educativa na etapa infantil, fundamentase no respecto do principio de globalidade. Neste senso as actividades programadas basearanse na planificación de situacións de aprendizaxe que integren todas as áreas do currículo.

Neste documento presentase a concreción do currículo que dende o centro realizamos para cada un dos ámbitos de aprendizaxe, e que servirá como base para a elaboración das diferentes programacións de aula nas que cada mestra ou mestre en particular terá en conta a realidade da súa para facer explícitos os obxectivos e criterios de avaliación que abordará ao longo do presente curso. Así, recóllese no mesmo a descrición dunha serie de unidades didácticas que, con carácter xeral, enmarcan os diferentes momentos que caracterizan a actividade cotiá pero outorgan ao profesorado a posibilidade de deseñar as súas propias propostas baseadas nos intereses, necesidades, ... do seu alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1				1			
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1						1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1				1			
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1						
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1		1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva					1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1		
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1					
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1				
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.					1	1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.						1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proposta de traballo anual: Unha viaxe pola ciencia	Neste curso desenvolveremos a proposta de traballo "Unha viaxe pola ciencia" a través da cal investigaremos, experimentaremos, etc. Co propósito de compartir os nosos descubrimentos coa comunidade a través dunha feira das ciencias.	34	X	X	X
2	As rutinas da aula	Proporcionamos aos nenos e nenas seguridade e confianza no día a día por medio de rutinas que lles permitan ser autónomos no seu quefacer diario. Dentro destas rutinas cabe destacar: o coidado do propio corpo, desenvolvemento da autonomía, hábitos de vida saudable, respecto das quendas de palabra...	140	X	X	X
3	O propio corpo	Comezaremos cun coñecemento de cada unha das partes do mesmo, desenvolvendo as propias capacidades. Nesta etapa cobran gran importancia as habilidades motrices tanto grosas como finas. A nosa finalidade é que tomen conciencia da súa propia identidade, respectando as similitudes e diferenzas de cada un.	34	X	X	X
4	Actividades TIC e STEAM	Incentivaremos o uso responsable das novas tecnoloxías evitando o abuso das mesmas. Achegarémonos a unha alfabetización consciente a través dos recursos cos que contamos. Estas ferramentas serán consideradas coma un medio e non coma un fin.	34	X	X	X
5	Desenvolvemento de habilidades comunicativas	O uso da linguaxe no contexto educativo reviste vital importancia no éxito ou fracaso dos procesos de aprendizaxe, e resulta ser a base dende a que se desenvolverán as estruturas lingüísticas que compoñen a linguaxe oral e escrita. No marco desta premisa, asúmese que o desenvolvemento das capacidades da linguaxe, en todas as súas dimensións, optimizaría as calidades comunicativas do alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe. Este é o punto de vista dende o	106	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Desenvolvemento de habilidades comunicativas	que se concibe dita unidade, como é a necesidade de adquirir as habilidades propias da linguaxe para, a partir das mesmas, desenvolver a capacidade de ler, escribir, escoitar e falar correctamente, dacordo ao contexto e as necesidades dadas polas circunstancias comunicativas, favorecendo desta forma a interacción e integración social.	106	X	X	X
6	Proxectos relacionados co coñecemento da contorna próxima	Dende o Centro impulsaremos a sensibilidade hacia o medio ambiente e o seu coidado. Ademais, achegaremos aos cativos e cativas á súa contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento e goce, promovendo ambientes de aprendizaxe nos que teñan cabida proxectos de traballo do ámbito natural (animais, plantas) ou social (institucións, grupos ou persoas relevantes,..).	70	X	X	X
7	Proxectos do ámbito lóxico matemático	Partindo do obxectivo xeral de etapa de "Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, a lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo, e da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría", ás que nos temos que achegar; queremos marcar estes conceptos coma unha unidade máis en torno á que estruturar o noso traballo diario. Presentaremos estes contidos e destrezas a través do xogo, elemento imprescindible da nosa vida diaria. A través da manipulación e a realización de experimentos sinxelos, iremos despertando o pensamento científico de cada un, partindo sempre do seu propio nivel evolutivo, curiosidade e ritmo de aprendizaxe.	106	X	X	X
8	Estimulación da linguaxe oral	Realizaremos unha serie de actividades que lles permitan desenvolver de maneira correcta a linguaxe e prever dificultades. Estaremos a mellorar a comprensión do mundo que lles rodea, favorecendo deste modo a expresión de ideas, sentimentos, así como a utilización da lingua como instrumento de comunicación, goze e relación social. Á súa vez fomentaremos un léxico preciso e adecuado aos ámbitos da súa experiencia, con pronuncia clara e entoación correcta	106	X	X	X
9	Educación emocional	Contribuiremos a fortalecer o autoconcepto de xeito que aprendan a expresarse e quererse, o autocontrol fomentando aprendan a controlar os impulsos e a conciencia social a través do traballo das diferentes emocións (positivas e negativas) e as súas manifestacións habituais empregando expresión socialmente aceptadas. Levaranse a cabo sesión de relaxación coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento emocional, equilibrar emocións, mellora das relación, fomento do traballo en equipo e aprender a relaxarse.	70	X	X	X
10	O xogo e o seu aproveitamento	Potenciaremos o xogo e as posibilidades que nos	140	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	didáctico	ofrece co fin de aproveitar ao máximo o seu potencial educativo: como recurso motivador, como fonte de aprendizaxe e coñecemento, como xerador de novas situacións e experiencias... Crearemos contextos e ambientes lúdicos nos que fomentaremos a participación do alumnado de forma axeitada, atendendo ás normas e ás indicacións de cada momento... (espontáneo, semi-dirixido e/ou dirixido), prestando especial atención ao potencial educativo do recreo e dos recunchos	140	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proposta de traballo anual: Unha viaxe pola ciencia	34

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas e recoñece a intencionalidade do emisor	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Indaga, de forma escrita, nas posibilidades comunicativas doutras linguaxes	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Utiliza a biblioteca como recurso de aprendizaxe e gozo	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa emocionalidade a través dun proceso creativo	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar as súas emoción por medio de diversas manifestacións	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa emocionalidade a través dun proceso creativo	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas e recoñece a intencionalidade do emisor	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais da aula)	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É quen de expresar as súas emoción por medio de diversas manifestacións	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Indaga, de forma escrita, nas posibilidades comunicativas doutras linguaxes	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas e recoñece a intencionalidade do emisor	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Explora a creatividade dixital	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Uso axeitado das ferramentas tecnolóxicas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
2	As rutinas da aula	140

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Recoñece atributos dos obxectos e establece relacións básicas entre eles: cuantificación, asociación, ordenación, correspondencia, clasificación e comparación	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Recoñece, asocia e conta ata o número nove nas actividades cotiás.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica algúns dos principais elementos xeométricos da súa contorna, planos e con volume	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Identifica a súa situación, respecto dos obxectos e dos demais, utilizando nocións espaciais básicas. Identifica a súa posición: dentro ou fóra, diante e atrás e á dereita ou esquerda, verbalmente	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece algunhas das situacións nas que cómpre medir e faino axudándose do seu corpo ou doutros materiais.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñece e identifica onte, hoxe e mañá e recoñece os días da semana.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece algunhas das situacións nas que cómpre medir e faino axudándose do seu corpo ou doutros materiais.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Resolve situacións problemáticas que se lle presentan, colaborando cos iguais.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón/Formula algunhas hipóteses e trata de comprobalas de forma manipulativa.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	É autónomo na toma de decisións e aporta solucións aos retos que se lle presenten.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega expresións convencionais de cortesía para agradecer: "grazas". Emprega expresións convencionais de cortesía nas despedidas: "adeus", "ata logo".	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Respecta, coida e protexe o medio natural, recoñecendo algunhas das accións humanas que resultan prexudiciais para o medio.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica as relacións entre o medio natural e social mediante a observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos do medio físico.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Diferenza os hábitos saudables e non saudables.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Recoñece situacións nas que existe perigo.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Recoñece os elementos naturais necesarios para a vida: auga, terra, aire, ... e fai un uso responsable deles.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Estrutura a súa fala empregando suxeito, verbo e complemento. Conclúe as súas frases.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Amosa autonomía no coidado do propio corpo, así coma do seu contexto máis próximo.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Integra as rutinas da aula á súa vida diaria.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Respecta as normas da aula	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Integra as rutinas da aula á súa vida diaria.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Elabora textos con diferentes escrituras	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Manter unha relación cordial coas persoas que o rodean.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Coñece e cumpre as normas sociais que regulan a convivencia.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Tolera a frustración e é capaz de respectar as opinións doutras persoas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Desenvolve habilidades no uso de ferramentas dixitais de maneira progresiva.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Toma conciencia dun uso responsable das TIC	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	O propio corpo	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	É capaz de manterse en posición bípeda con e sen desprazamento sen perder o equilibrio.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Representa o seu corpo identificando as diferentes partes, de acordo a súa idade.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Sente e verbaliza a información que percibe a través dos sentidos.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Participa activamente na vida da aula axustándose as súas posibilidades e limitacións, e mostra variadas habilidades manipulativas	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Mostra unha boa motricidade, tanto fina como grossa	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa nos xogos e actividades que se lles propón	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Respectar as diferenzas individuais dos seus iguais.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Mostra progresiva autonomía no coidado e hixiene persoal (alimentación, lavado de mans, mantemento e limpeza de espazos) e na realización das actividades diarias.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Manifesta sentimentos e emocións como medo, tristeza, alegría, enfado, calma...	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Recoñecer en sí mesmo as emocións básicas	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Tolera a frustración e é capaz de respectar as opinións de outras persoas.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	É que de solicitar axuda	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Mostra unha correcta motricidade fina no manexo de diferentes obxectos.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Diferenza os hábitos saudables e non saudables e identifica os alimentos máis saudables.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Emprega de maneira autónoma os materiais grafomotrices e evoluciona no seu manexo.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Expresa ledicia/tristura/enfado a través do corpo Participa en actividades de danza con agrado.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Emprega o propio corpo e o movemento para expresarse.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as producións (debuxos, bailes, manualidades...) dos demais	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de interpretar as mensaxes do emisor	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Segue ou imita as ordes en L2 (Teoría TPR), mostrando respecto e empatía e aceptando as diferenzas individuais. Participa e goza cando se fan actividades musicais en grupo. Xoga con todos os compañeiros e compañeiras aceptando formar parte do grupo que lle corresponde.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Expresa situacións coñecidas e vividas a través do xogo	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Amosa intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter)	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Realiza movementos rítmicos a través da danza.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Sen perder a perspectiva dos principios pedagóxicos que deben guiar a acción docente nesta etapa e que quedan recollidos no artigo 15 do decreto de currículo, estableceuse a continuación os principios que serán as liñas de actuación concretas para acadar cada un dos obxectivos sinalados nos apartados anteriores, polo que determinase a seguinte metodoloxía con respecto a cada área curricular.

En primeiro lugar, en relación á área de comunicación e representación, indicar que o noso quefacer diario baséase na concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas.

En todo momento crearemos un ambiente harmónico que permita expresarse aos nenos de maneira espontánea, independentemente da linguaxe que empreguen.

Deseñaremos situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar elementos básicos da comunicación oral coma a escoita, o respecto das quendas ou as fórmulas sociais de cortesía. Ademais realizaremos propostas lúdicas asociadas a diferentes tipos de linguaxe (comunicativa, artística, musical, corporal e dixital) .

Proporcionaremos un ambiente rico en estímulos, onde a linguaxe escrita é un medio e non un fin en si mesmo. A través de distintas actividades lúdicas fomentaremos a aproximación á esta lingua escrita; sen esquecer que convivimos nun ámbito plurilingüe, facendo especial énfase nas linguas da súa contorna.

Incentivaremos no alumnado un intercambio de papeis, deixando de ser unicamente receptores para converterse en transmisores e produtores de información a través dos distintos medios.

No noso centro cobra especial relevancia a biblioteca coma fonte de información, converténdose nun espazo que nos achegará ás diferentes manifestacións culturais.

Para acadar o éxito destes aspectos mantemos unha organización flexible dos tempos comunicativos, respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos.

No que respecta a área de crecemento e harmonía, a intervención educativa xira en torno a situacións de aprendizaxe motivadoras que respectan ritmos e características individuais.

Fomentaremos as relacións entre iguais e adultos de modo que leve aos nenos e nenas a construír novas figuras de apego.

Partindo das súas experiencias previas, deseñaremos situacións educativas nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións. Sen esquecer, o desenvolvemento da autonomía por medio da participación en xogos e actividades motrices.

Crearemos contextos seguros e emocionalmente positivos favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e o traballo colaborativo. E tamén adaptaremos a nosa práctica pedagóxica ás características persoais, necesidades e intereses, potenciando a súa creatividade e sensibilidade.

Na nosa práctica diaria incluiremos a planificación de situacións de aprendizaxe que fomenten o consumo responsable, sostible e saudable.

Xa para finalizar, no que respecta á area de descubrimento e exploración da contorna, a nosa labor como docentes basease en concibir a contorna dende unha dobre perspectiva: como un obxecto de aprendizaxe e coma un recurso, ou un medio, cun enorme potencial educativo.

A exploración activa tomarase como medio para coñecer a contorna, desevolvendo actitudes de coidado, respecto e valoración da mesma, potenciando a sensibilidade.

O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras será outro dos aspectos a traballar.

Tamén proporemos situación de aprendizaxe contextualizadas, nas cales as nocións matemáticas, espaciais e temporais sexan a propia ferramenta de traballo.

Deseñaranse situacións STEAM que faciliten a aplicación das habilidades de pensamento computacional que axuden ao alumnado a superar situacións problemáticas, isto conseguiremos mediante actividades manipulativas e sensoriais, respectando, en todo momento, os ritmos individuais de aprendizaxe.

Así mesmo propiciaremos a observación, a indagación, e a proposta de solucións diversificadas, co fin de que o noso alumnado desenvolva estratexias cognitivas e pensamento científico.

Ademais prestaremos especial atención en evitar desigualdades por mor de xénero, e transmisión de actitudes e comportamentos sexistas.

Presentarase a realidade e as súas relacións de xeito que constitúan un todo integrado, onde o medio físico, natural, social e cultural se interrelaciona.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: xices, lapises, ceras, pintura, plastilina, arxila, pasta de modelar, diferentes tipos de papel,etc. Estes materiais serán seguros, non presentarán riscos de toxicidade, falta de hixiene ou arestas cortantes; duradeiros e a adaptados as posibilidades motrices do alumnado.
Material non funxible: mesas, cadeiras, lousa, etc. útiles para a actividade cotiá que se adaptarán á estatura dos nenos e das nenas, que permitan o manexo autónomo e que se adapten á diferentes requirimentos.
Material de escoura: cartóns, botes, tapas, etc. que permiten diferentes usos e que cumpriran asemade as características de seguridade, non toxicidade e posibilidade de desinfección. Este material, polas súas características, pode ser repostado facilmente e polo tanto non compre que sexa especialmente duradeiro.
Libros e outros materiais impresos: contos, libros de consulta, álbumes, etc. empregárase a gran cantidade de recursos que ofrece a biblioteca de centro e que se rota polas diferentes bibliotecas de aula.
Xogos educativos: xogos de mesa, de desafíos ou retos individuais, etc. Este tipo de xogos individuais ou de pequeno grupo contribuirán a desenvolver actitudes sociais, respectar as quendas, fomentar a cooperación, axudando a desenvolver a tolerancia ante a frustración.
Material sensorial: mesas de luz, torres de burbullas, paus de luz, masaxeadores, calidoscopios, coxíns, difusores de aromas, etc. Estes materiais teñen como propósito espertar a curiosidade do alumnado e incidir sobre os seus diferentes sentidos.
Materiais naturais: pedras, rodas de madeira, ... que permitan unha manipulación libre, experimentar diferentes sensacións, crear dunha forma libre.
Material de xogo simbólico: xoguetes que permitan ao alumnado recrear situacións da vida cotiá e que contribúan á súa participación nas mesmas, fomentando actitudes de axuda e colaboración e evitando estereotipos e actitudes sexistas.
Material de psicomotricidade: colchonetas, aros, cordas, conos, pelotas,... que permitan ao alumnado poñer en funcionamento, medir ou, simplemente, experimentar as súas posibilidades de movemento. Se ben a meirande parte deste material se sitúa na sede do CRA, convén sinalar que tamén as aulas de parroquias contan con este tipo de materiais para o emprego na actividade diaria ou nos tempos de especialidade.

Material tecnolóxico: PDI, tablets, makey makey, robots, etc. Material que relaciona as TICs coa actividade de aula motivándoa, diversificándoa, ... Este material está situado na biblioteca da sede do CRA pero conta cun servizo de préstamo para que todas as aulas podan empregalo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado de nova incorporación en 6º de educación infantil, será obxecto dunha avaliación inicial que seguirá os parámetros recollidos en XADE a tal efecto. Esta realizarase por medio da entrevista coa súa familia e da información recollida a través da observación da nena ou neno durante o período de adaptación.

A entrevista coas familias proporcionará información relativa a:

- Datos sanitarios (enfermidades, alerxias, hospitalizacións, medicación, alteracións físicas e sensoriais, control de esfínteres/aseo, autonomía, comida e vestido).
- Datos motores (idade na que comezou a camiñar, dominancia lateral e axilidade de movemento).
- Datos lingüísticos (idade na que comezou a falar, lingua na que se expresa, lingua que emprega o seu contorno, capacidade de comprensión/expresión, dificultades na fala).

A observación na aula, por medio de listas de cotexo, do diario de aula, etc. permitirá recoller información referida á:

- Descrición do período de adaptación (duración, actitude da nena ou neno, facilidade ou dificultade para adaptarse ao grupo ou aula, etc.).
- Relacións que establece (tipo de relacións que establece con compañeiras e compañeiros así como co profesorado; tipo de xogo que amosa; etc.)
- Linguaxe (nivel de participación, interese por compartir, etc.)
- Hábitos e autonomía (nas situacións cotiás de aseo, alimentación, hábitos sociais, etc.)

Asemade, se entende a avaliación inicial como o proceso que permite coñecer o punto de partida do alumnado (necesidades, ritmos, etc.) para planificar o proceso educativo dunha forma axustada. Con este propósito, durante as primeiras semanas de clase se realizará:

- Unha observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades propostas;
- Unha análise das súas producións (plásticas, musicais, escritas);
- Unha revisión da información aportada polas familias ou titores; e
- Un pequeno diagnóstico do estado físico, emocional, de coñecementos previos, ... de cada alumna e alumno.

Esta avaliación inicial ten un carácter preventivo, permite identificar de forma temperá necesidades educativas e así poder organizar as medidas que se consideren necesarias para abordalas.

Asemade, ao inicio de cada unidade didáctica ou secuencia de aprendizaxe, se realizarán unha serie de actividades encamiñadas a recoller información sobre as ideas que teñen en relación á mesma. Estas actividades serán fundamentalmente colectivas e basearanse en presentar imaxes e recoller os seus comentarios en situacións de faladoiro; ver vídeos que sirvan como introdución ao tema ou participar de xogos nos que amosen os seus coñecementos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os mínimos esixibles establecidos para cada criterio de avaliación permitirán valorar se o alumnado adquiriu sen dificultade, en proceso ou con dificultade os contidos que se pretendía. Desta forma, a mestra ou o mestre, a partir das súas observacións e rexistros determinará a cualificación do alumnado.

Criterios de recuperación:

Non proceden na etapa

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo de clase non é homoxéneo. Cada alumno e cada alumna ten unhas peculiaridades, un ritmo de desenvolvemento e de aprendizaxe propios. Coa idea de atender a esa diversidade, cómpre:

- Realizar unha avaliación inicial ó principio de cada unidade didáctica, para detectar ideas previas, ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento.
- Organizar a aula de forma accesible.
- Empregar referencias visuais como pictogramas ou axendas.
- Propoñer actividades variadas para que se adapten ás características do alumnado.
- Empregar metodoloxías colaborativas e cooperativas así como aquelas que favorezan a participación de todo o alumnado.
- Seleccionar diferentes materiais e recursos para a realización de actividades procurando a motivación do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TICs.
- Transmitir a información de forma clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Establecer diferentes propostas para dar resposta aos diferentes intereses, por exemplo, por medio dos recunchos.
- Primar o esforzo sobre o resultado, contribuíndo a aumentar a autoestima.
- Establecer canles de comunicación axeitados entre o profesorado que traballa co grupo, coa familia, co DO, etc.

Asemade, cando a avaliación inicial ou as observacións das mestres e dos mestres amosen indicios de necesidades educativas en determinados alumnos/as que presentan ou podan presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico; o departamento de orientación realizará unha recollida de información que facilita o análise e a valoración das necesidades para dar o apoio convinte e tomar decisións acerca da modalidade de escolarización, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios e calquera aspecto que poda precisar o alumno/a para progresar. A partir do resultado desa análise adoptaranse, pois, medidas de atención á diversidade que poderán ser:

- Ordinarias como o reforzo educativo, os grupos de aproveitamento ou obradoiros de recuperación e os apoios á aula.
- Extraordinarias, que se aplicarán esgotadas as anteriores ou cando as necesidades do alumnado sexan de carácter permanente como a adaptación curricular ou a flexibilización do período de escolarización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional			X					
ET.2 - Movemento e hábitos de control corporal		X	X					
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe		X		X	X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social					X			X
ET.5 - Descubrimiento do contorno, dos seres vivos e das características físicas e sociais			X			X	X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos				X	X			
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable		X		X			X	
ET.8 - Promoción e educación para a saúde		X	X					
ET.9 - Diversidade familiar								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X
ET.2 - Movemento e hábitos de control corporal	X	
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe		X
ET.4 - Pautas elementais de convivencia e relación social		X
ET.5 - Descubrimiento do contorno, dos seres vivos e das características físicas e sociais		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e sustentable		
ET.8 - Promoción e educación para a saúde		
ET.9 - Diversidade familiar		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoas expertas	No contacto das unidades didácticas que se planifican, así como da temática do proxecto documental integrado que se leva a cabo ao longo deste curso escolar, poderán realizarse visitas de persoas expertas no obxecto de estudo.	X	X	X
Saídas de campo	Poderanse planificar diversas saídas, tanto de aula, nivel, internivel ou de centro, co fin de dar a coñecer aos nenos e nenas a contorna próxima, e así dotalos de experiencias que lle permitan acadar aprendizaxes significativas sobre os temas que se traballen na aula.	X	X	X
Convivencias entre aulas	Co propósito de que o alumnado coñeza e goce do contacto con outros compañeiros e compañeiras, poderán organizarse actividades conxuntas entre as diferentes aulas do centro.	X	X	X
Obradoiros solidarios	Ao longo do curso terán cabida a realización de actividades en colaboración con entidades solidarias co fin de sensibilizar ao alumnado coa realidade.	X	X	X
Comemoracións e festas	Realizaranse actividades co fin de conmemorar diversas festas tradicionais significativas como samaín, magosto, Nadal, Entroido,. Ditas actividades poderán ser propostas dende o centro ou en colaboración coa ANPA, concello...	X	X	X
Saída de fin de curso	Co fin de por punto e final ao curso realizarase unha saída de convivencia de todo o alumnado do centro.			X
Actividades de transición á Educación Primaria	Ao longo do curso poderanse realizar diversas actividades en colaboración co CEP Altamia, de modo que permita unha efectiva continuidade do alumnado de 6º de Educación Infantil, como contacontos, visitas...)		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
As propostas adecuaronse as características do alumnado.
As actividades programadas resultaron motivadoras para o alumnado.
A distribución dos tempos respectaron os ritmos individuais.
Os espazos axustáronse as actividades propostas.
Os recursos materiais utilizados foron variados, suficientes, motivadores, xeradores de aprendizaxes...
O deseño de propostas tivo en conta as características intrínsecas de cada alumno.
As actividades permitiron diversidade de agrupamentos favorecendo as relacións sociais.
Creouse un clima de seguridade, confianza e agradable que permitiu a adquisición de novas aprendizaxes.

Favoreceuse, en todo momento, a colaboración e participación activa das familias.

Os instrumentos de avaliación empregados foron os axeitados.

Descrición:

Co propósito de coñecer se os procesos de ensino están a acadar os obxectivos propostos, ao longo das secuencias de aprendizaxe, recollerase información sobre:

- A organización da aula, o clima escolar e as interaccións que nela se producen. Isto se realizará a través das reflexións no diario de aula sobre o desenvolvemento de cada día.
- A coordinación entre o profesorado. Para isto teranse en conta as reunións e as sesións de avaliación.
- A coordinación coas familias. Avaliarase o grao de comunicación entre familia e escola, as solicitudes de titorías, a participación nas actividades propostas, etc.
- A adecuación da proposta pedagóxica, da planificación e da metodoloxía aplicada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente, realizarase unha valoración do proceso de ensino e de aprendizaxe na que participará todo o profesorado que ten docencia na aula, para valorar:

- Os avances realizados polo grupo.
- A adecuación das actividades á consecución dos obxectivos
- A evolución individual de cada alumno/a ao longo do trimestre.

Recolleranse tamén as propostas de mellora que compre adoptar.

Para a mesma, o profesorado deberá achegar os datos de avaliación do seu grupo, así como da súa propia tarefa docente.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	4º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 4º de E.Infantil do CRA Raiña Aragonta situado no concello de Salceda de Caselas ao sur da provincia de Pontevedra. O centro conta cunha sede na propia vila composta por 3 aulas de 4º de infantil, 2 de 5º de infantil e 2 de 6º de infantil. Éste tamén conta con 7 aulas unitarias situadas en distintas parroquias do municipio: escola de Barreiro, escola de Budiño, escola de Entenza, escola de Fontán, escola de Picoña, escola de San Xurxo e escola de Soutelo. As aulas das parroquias son mixtas, mesturados os menos de 4º, 5º e 6º de infantil. A sede está composta por un edificio principal onde se atopan os espazos administrativos, as aulas, un ximnasio, unha sala polivalente, unha biblioteca e a aula compartida da especialidade de relixión católica e lingua estranxeira. Entre os seus servizos atópanse o programa Madruga e o comedor. Este último ofrece o seu servizo nas instalacións do CEP Altamira. As aulas das parroquias na súa maioría contan cunha aula principal, un espazo para múltiples usos e todas contan con biblioteca na propia aula. As características das familias do centro son dun nivel socioeconómico medio-baixo.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Infantil, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Infantil, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos e fortalecen o poder transformador da escola.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Infantil. O

deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Infantil. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados do segundo ciclo da Educación infantil.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubriendo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubriendo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1	1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deus é noso Pai		6	X		
2	O Nacemento de Xesús		8	X		
3	Xesús é o meu amigo		5		X	
4	Semama Santa		6		X	
5	María nai de Xesús		5			X
6	A Igrexa casa de todos		5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deus é noso Pai	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndooas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - Identidade cristiá e contorna social.

UD	Título da UD	Duración
2	O Nacemento de Xesús	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (igrexa, escultura)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar o Nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A oración de Xesús.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús é o meu amigo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica	

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como modelo de amizade	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Identifica a amizade como un valor que nos ensina Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
4	Semama Santa	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacíficas.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Axuda a xerar espazos pacíficos baseados na figura de Xesús.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer a Xesús no relato da Paixón.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa leducia pola celebración da Pascua de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebración da Pascua cristiá	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	María nai de Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	
Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades.

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación Infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.
 - Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.
 - Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.
 - Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.
 - Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz		X	X			
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X		X	
ET.3 - Educación para a saúde	X		X			
ET.4 - Educación para a sostenibilidade e a ecoloxía	X					
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X					X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A nosa pequena creación	Visitaremos a horta escolar alomenos tres veces durante o curso, unha cando as prantas están recién prantadas , outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados.	X	X	X
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará en actividades concretas para conmemorar esta data.	X		

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve para a consolidación destas aprendizaxes

Realizaranse as actividades complementarias rexistradas na PXA de centro e todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso e que sexan do noso interese.

Participaremos das saídas, obradoiros, charlas formativas e conmemoracións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións.

9. Outros apartados

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024318	CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	20
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	21
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	21
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	23
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	24
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	24
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	25
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	25
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	25
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	27
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	27
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	27
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	28
o) Outros apartados	28

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia define os obxectivos de etapa como os "logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave".

As especiais características do noso centro (aulas repartidas por diferentes parroquias e aulas que conviven nun mesmo edificio, aulas mixtas e aulas agrupadas por niveis, profesorado itinerante, etc.) requiren unha adaptación destes obxectivos que se realiza anualmente en cada unha das programacións didácticas. De todos modos e, con carácter xeral, os obxectivos que se pretende que o alumnado acade tralo seu paso polo noso centro son os que lle permitirán:

O descubrimento de si mesmo: do seu propio corpo e o das demais persoas, das súas posibilidades de acción e o respecto polas diferenzas; o coñecemento das súas capacidades emocionais e afectivas co propósito de desenvolvelas e empregarlas dunha forma axeitada (xestión emocional) e a adquisición dunha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.

O descubrimento do contorno: familiar, natural e social. Adquirindo actitudes de respecto e valoración de todos e cada un deles: cara a diversidade familiar, cara a natureza e os elementos que a compoñen e na relación coas demais persoas favorecendo a igualdade, a adquisición de pautas de convivencia e relación social, a resolución pacífica de conflitos, etc.

O desenvolvemento das habilidades comunicativas.

O achegamento ás habilidades lóxico-matemáticas, á lecto-escritura e ao movemento, xesto e ritmo.

E ao coñecemento do patrimonio de Galicia (cultural, lingüístico, físico e social).

Dunha forma máis concreta, distribuímos os diferentes obxectivos de cada unha das áreas para os grupos de idade.

NIVEL EDUCATIVO: 4º

ÁREA: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

OBX 1

C: Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situación comunicativas de diverso tipo.

Min: Aмосa respecto e participa de forma axeitada en situación comunicativas de diferente índole.

C: Participar en situación de uso de diferentes linguas amosando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.

Min: Emprega as diferentes linguas baixo unha perspectiva de tolerancia e curiosidade perante a diversidade cultural. / Aмосa interese por participar en situacións de uso de diferentes linguas

C: Interactuar de maneira virtual, familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.

Min: Desenvolve habilidades no uso de ferramentas dixitais de maneira progresiva.

C: Percibir, identificar e discriminar sons.

Min: Diferenza son e silencio.

C: Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes..

Min: Emprega as expresións básicas :ola, adeus , por favor e grazas cos seus iguais

OBX 2

C: Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.
Min: É capaz de interpretar as mensaxes do emisor.

C: Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais..
Min: Relaciónase coas demais persoas empregando expresións sociais básicas: ola e adeus.

C: Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.
Min: É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais da aula)

OBX 3

C: Interpretar propostas dramáticas emusicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.
Min: Explora as posibilidades sonoras do corpo, obxectose instrumentos musicais.

C: Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.
Min: Realiza movementos rítmicos a través da danza.

C: Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.
Min: Respecta as producións (debuxos, bailes, manualidades...) dos demais

OBX 4

C: Desenvolver as habilidade grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.
Min: Emprega de maneira autónoma os materiais grafomotrices e evoluciona no seu manexo.

C: Desfrutar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
Min: Aмосa interese por participar en actividades que impliquen o uso de textos literarios. / Participa nas actividades de conto motor.

C: Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.
Min: Manifesta interese polalingua e cultura inglesa. / Saúda en L1 ou L2 cando o escoita en L2

C: Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.
Min: Reproduce musicalmente mensaxes expresadas oralmente.

C: Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
Min: É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos.

ÁREA: CRECEMENTO EN HARMONÍA.

OBX 1

C: Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.
Min: Recoñece o esquema corporal (cabeza, extremidades superiores e inferiores) e adáptase progresivamente ao espazo físico no que se desenvolve habitualmente.

C: Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

Min: Participa activamente na vida da aula axustándose as súas posibilidades e limitacións, e mostra variadas habilidades manipulativas.

C: Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.

Min: Identifica e expresa alegría, tristeza, enfado e medo; tanto nel mesmo coma nos demais.

C: Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.

Min: Mostra progresiva autonomía no coidado e hixiene persoal (alimentación, lavado de mans, mantemento e limpeza de espazos) e na realización das actividades diarias.

C: Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.

Min: Mostra confianza e seguridade na realización de actividades e na participación en xogos grupais e individuais.

Min: Participa voluntariamente nos xogos e nas diversas situacións da vida cotiá.

C: Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento.

Min: É capaz de manterse en posición bípeda con e sen desprazamento sen perder o equilibrio.

C: Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.

Min: Participa nos xogos e actividades que se lles propón

OBX 2

C: Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.

Min: Tolera a frustración e é capaz de respectar as opinións de outras persoas.

C: Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.

Min: É quen de solicitar axuda.

C: Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.

Min: Recoñecer en sí mesmo as emocións básicas.

OBX 3

C: Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

Min: Respecta as normas da aula.

C: Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

Min: Diferenza os hábitos saudables e non saudables.

C: Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.

Min: Recoñece situacións nas que existe perigo.

C: Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

Min: Demostra autonomía nas actividades da vida cotiá.

OBX 4

C: Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.

Min: Imita as ordes en L2(Teoría TPR) , mostrando respecto e empatía e aceptando as diferenzas individuais.
Min: Participa cando se fan actividades musicais en grupo
Min: Xoga con todos os compañeiros e compañeiras.

C: Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.

Min: Amona intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter...).

C: identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas, valorando positivamente a diversidade.

Min: Respetar as diferenzas individuais dos seus iguais.

ÁREA: DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

OBX 1

C: Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.

Min: Clasifica os obxectos seguindo criterios de tamaño e cor.

Min: Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado

C: Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.

Min: Identifica os cuantificadores básicos moitos-poucos, un-varios.

Min: Recoñece e utiliza os números ata o 3 na súa vida cotiá.

C: Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométrico básicos.

Min: Identifica as figuras xeométricas básicas (círculo, cadrado e triángulo).

C: Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso como en movemento, aplicando os seus coñecementos sobre as nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.

Min: Emprega as nocións espaciais básicas para situarse con respecto ao seu propio corpo e aos obxectos (preto, lonxe, enriba, debaixo, dentro, fóra)

Min: Sitúase no espazo da aula de música nas actividades de repouso e movemento.

Min: Sitúa adiante e atrás distintos obxectos tendo como referencia o seu propio corpo.

C: Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.

Min: Identifica a súa posición: dentro ou fóra, verbalmente.

OBX 3

C: Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais, identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.

Min: Mostra respecto e interese polo coidado do medio natural e dos animais, recoñecendo accións positivas e negativas das persoas sobre os mesmos.

C: Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.

Min: Desenvolve aptitudes positivas de cara ao aproveitamento sustentable dos recursos naturais.

OBX 4

C: Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente a relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.

Min: Recoñece aos membros do seu núcleo familiar e as relacións de parentesco que os unen.

Min: Establece relacións de maneira axeitada co grupo de iguais e cos adultos de referencia da escola.

C: Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas.
Min: Valora e respecta as diferenzas entre as persoas e os diferentes modelos de familias.

C: Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.
Min: Aмоса interese por coñecer e participar das celebracións tradicionais da nosa contorna (magosto, samaín, nadal, entroido, letras galegas, maios...)
Min: Aмоса intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter...).

NIVEL EDUCATIVO: 5º

ÁREA: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

OBX 1

C: Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos
M: Aмоса interese por participar en situacións de uso de diferentes linguas.
M: Mostra respecto polas diversidades de perfís lingüísticos na aula.
M: Escoita atentamente as indicacións, rimas, historias, cancións, etc

C: Percibir, identificar e discriminar sons.
M: Recoñece sons do contorno natural ou social.

C: Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes
M: Emprega as expresións básicas :ola, adeus , por favor e grazas cos seus iguais e cos adultos.

C: Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais
M: Coñece e identifica medios dixitais (PDI, tableta, ordenador...) e fai un bo uso deles.

OBX 2

C: Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresión de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais
M: Emprega expresións convencionais de cortesía para agradecer: ¿grazas¿.
M: Emprega expresións convencionais de cortesía nas despedidas: ¿adeus¿, ¿ata logo¿.

C: Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.
M: Comprende a intencionalidade comunicativa dos pictogramas máis sinxelos.
M: É capaz de interpretar as mensaxes do emisor, recoñecendo a súa intencionalidade.

C: Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.
M: É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais da aula).

OBX 3

C: Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.

M: Estrutura a súa fala empregando suxeito, verbo e complemento.
M: Conclúe as súas frases.

C: Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.
M: Participa activamente nas conversas.

C: Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.
M: Escoita con atención as intervencións dos compañeiros e compañeiras.
M: Respecta as producións alleas

C: Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.
M: Utiliza nas súas producións as técnicas do estampado e a pintura con pincel e dedos.
M: Comparte o espazo e os materiais en actividades de pequeno grupo (parella).

C: Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza
M: Expresa ledicia/tristura/enfado a través do corpo.
M: Participa en actividades de danza con agrado

C: Interpretar propostas dramáticas emusicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.
M: Reproduce propostas musicais co corpo, obxectos ou instrumentos musicais.

OBX 4

C: Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.
M: Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións

C: Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.
M: É quen de abotoarse. / É quen de empregar pinzas para facer trasvases. / Utiliza o punzón de forma precisa. / Realiza os trazos curvos e ondas. / Exerce unha presión axeitada co útil de escritura e o agarra correctamente

C: Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.
M: Coloca os libros no lugar axeitado cando os devolve aos andeis.

C: Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
M: Realiza unha escoita activa e respectuosa dos textos.

OBX 5

C: Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso
M: Incorpora a lo menos dúas palabras novas ao seu vocabulario en cada secuencia didáctica.

C: Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.
M: Escoita con respecto á fala de persoas que empregan unha lingua diferente á propia.

C: Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
M: Mantén unha actitude de escoita durante a lectura de contos.
M: Interesase por tratar de ler libros a través das súas imaxes.

C: Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.
M: Escoita con agrado poemas.
M: Participa nas actividades de conto motor, tanto de forma individual como colectivamente.

C: Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando co proceso creativo.

M: É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos.

M: Expresa emocións a través do debuxo.

C: Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.

M: Emite a súa opinión respecto á unha obra indicando a lo menos un elemento que lle gusta (cor, forma, etc.).

M: Produce unha opinión coa estrutura ¿me gusta/non me gusta?

C: Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.

M: Manifesta interese pola lingua e cultura inglesa.

C: Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.

M: Saúda en L2 cando o escoita en L2.

M: Despídese en L1 ou L2 cando o escoita en L2

C: Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.

M: Reproduce musicalmente mensaxes expresadas de forma oral e plástica.

ÁREA: CRECEMENTO EN HARMONÍA

OBX1

C: Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.

M: Representa o seu corpo identificando as diferentes partes, de acordo a súa idade.

C: Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

M: Presenta unha imaxe positiva propia, tendo en conta as súas posibilidades e limitacións.

C: Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz.

M: Mostra unha boa motricidade, tanto fina como grosa.

C: Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.

M: Manifesta sentimentos e emocións como medo, tristeza, alegría, enfado, calma...

C: Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.

M: Mostra seguridade en sí mesmo, nas diferentes situacións e actividades da vida dentro da aula.

C: Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.

M: Participa en xogos propostos na aula, tendo en conta as súas posibilidades e limitacións persoais.

C: Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.

M: Mostra unha correcta motricidade fina no manexo de diferentes obxectos.

C: Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.

M: Confía e mostra iniciativa en diversas situacións da vida cotiá.

C: Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento.

M: É capaz de manterse en posición en posición bípeda con e sen desprazamento sen perder o equilibrio e sobre 1

perna sen desprazamento.

OBX2

C: Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.
M: Mostra autonomía persoal e os seus sentimentos nas diferentes actividades da vida do centro.

C: Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.

M1: Afronta retos controlando progresivamente a súa frustración.

M2: Tolera a frustración e é capaz de respectar as opinións de outras persoas.

C: Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.

M: É quen de demandar e ofrecer axuda tendo en conta as necesidades do grupo.

C: Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos

M: Aмосa sentimentos variados e axeitados con respecto aos seus logros.

OBX 3

C: Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

M1: Respecta as normas da aula.

M2: Demostra autonomía nas actividades da vida cotiá.

C: Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

M: Diferenza os hábitos saudables e non saudables e identifica os alimentos máis saudables.

C: Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.

M: Recoñece situacións nas que existe perigo

OBX 4

C: Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.

M1: Segue ou imita as ordes en L2 (Teoría TPR), mostrando respecto e empatía e aceptando as diferenzas individuais.

M:2 Participa e goza cando se fan actividades musicais en grupo.

M3: Xoga con todos os compañeiros e compañeiras aceptando formar parte do grupo que lle corresponde.

C: Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.

M: Aмосa intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter¿)

C: Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.

M: Respecta as diferenzas individuais entre os seus iguais.

C: Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.

M: Tolera a frustración e é capaz de respectar as opinións doutras persoas.

ÁREA: DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

OBX 1

C: Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como

fonte de información.

M: Identifica e asocia as cantidades do 1 ao 5 cos seus números e graffías.

C: Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.

M: Recoñece e identifica onte, hoxe e mañá e recoñece os días da semana.

C: Situarase adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos sobre as nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.

M1: Explora as posibilidades de movemento do corpo

M2: Sitúa adiante e atrás, dentro e fóra distintos obxectos tendo como referencia o seu propio corpo.

C: Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.

M: Identifica a súa posición: dentro ou fóra, diante e atrás, verbalmente.

OBX 2

C: Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.

M: Participa en proxectos mediante o traballo por parellas, respecta quendas e valora o traballo alleo.

C: Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas

M: Identifica cando algo lle xenera frustración.

OBX 3

C: Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.

M: Identifica a auga como un elemento natural imprescindible e fai un uso responsable da mesma nas rutinas diarias (lavado de mans, aseo, consumo).

C: Valorar a necesidade de coidar e respectar aos seres vivos

M: Respecta aos seres vivos

OBX 4

C: Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.

M: Relaciónase socialmente cos seus iguais e mantén actitudes de respecto cos mesmos e cos adultos.

C: Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.

M: Aмосa intereses por participar en algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter).

NIVEL EDUCATIVO: 6º

ÁREA: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

OBX 1

C: Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas diversas.

M: Participa e axusta o seu repertorio comunicativo aos interlocutores e ao contexto.

C: Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.

M1: Fai uso das distintas linguas como vehículo de interacción e comunicación social

M2: Amosa interese por participar en situacións de uso de diferentes linguas.

M3: Mostra respecto polas diversidades de perfís lingüísticos na aula.

M4: Escoita atentamente as indicacións, rimas, historias, cancións, etc

C: Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.

M1: Recoñece sons da súa lingua

M2: Recoñece os sons da contorna natural e social

C: Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.

M: Aproxímase ao uso de ferramentas e aplicacións dixitais

C: Percibir, identificar e discriminar sons.

M: Percibe e identifica sons.

OBX 2

C: Interpretar mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.

M: Interpreta as mensaxes transmitidas e recoñece a intencionalidade do emisor

C: Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.

M: Relaciónase coas demais persoas empregando expresións sociais básicas: ola, adeus, por favor, grazas e bos días.

C: Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo

M: É capaz de crear ou colaborar en distintas creacións (murais da aula)

OBX 3

C: Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.

M: Emprega a linguaxe oral de xeito organizado e coherente para os seus relatos

C: Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.

M1: Explora diferentes recursos dramáticos e musicais

M2: Reproduce propostas musicais ou dramáticas co corpo, obxectos e instrumentos musicais

C: Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.

M: Explora as posibilidades plásticas participando do traballo grupal.

C: Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.

M: Crea obras plásticas empregando diferentes linguaxes

C: Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.

M: Explora as posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo a través da danza

C: Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.

M: Explora a creatividade dixital

C: Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.

M: Respecta as producións alleas.

OBX 4

C: Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.

M: Interésase por distintos códigos escritos

C: Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.

M: Avanza nas súas habilidades grafomotoras

C: Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller, e transmitir información, gozo...

M: Elabora textos con diferentes escrituras

C: Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.

M1: Indaga, de forma escrita, nas posibilidades comunicativas doutras linguaxes

M2: Emprega recursos TIC na creación de cancións e obras de arte.

C: Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.

M: Utiliza a biblioteca como recurso de aprendizaxe e gozo

OBX 5

C: Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.

M1: Expresa a súa emocionalidade a través dun proceso creativo

M2: É quen de expresar emocións, ideas e pensamentos

M3: Sinala gustos musicais

C: Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.

M1: Emprega a fala para interactuar coa pluralidade da súa contorna

M2: Manifesta interese pola lingua e cultura inglesa.

C: Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.

M1: Aprecia a beleza da linguaxe literaria a través da participación en actividades diversas

M2: Participa nas actividades de conto motor, tanto de forma individual como colectivamente.

C: Participar en interaccións comunicativas en linguaestranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.

M1: Saúda en L2 cando o escoita en L2.

M2: Despídese en L2 cando o escoita en L2

C: Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.

M: Aposa interese pola escoita de contos, rimas ou calquer texto literario.

C: Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas

M: Reproduce musicalmente mensaxes expresadas de forma oral, plástica e gráfica.

ÁREA: CRECEMENTO EN HARMONÍA

OBX 1

C: Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

M: Elabora unha imaxe positiva a partir da identificación das súas capacidades, aceptando as propias limitacións.

C: Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalas características dos obxectos á acción e á vida cotiá, amosando un variado repertorio motriz.

M: Recoñece as partes do seu corpo, sendo quen de adaptar os seus movementos ás distintas actividades propostas.

C: Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivenzas, emocións e comprender as dos demais.

M: Manifesta os propios sentimentos e emocións, poñéndolle nome, e recoñecéndoo nos demais.

C: Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

M: Desenvolve distintos hábitos ao longo da xornada: lavar mans, recoller, asoarse, ordenar os xoguetes...

C: Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos, e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e amosando iniciativa.

M: É quen de participar nos xogos propostos amosando seguridade e confianza.

C: Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento.

M: É capaz de manterse en posición en posición bípeda con e sen desprazamento sen perder o equilibrio e sobre 1 perna con e sen desprazamento.

C; Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.

M: Coñece as distintas partes do corpo: mans, brazos, pernas, pés, tronco e cabeza e comeza a discriminar dereita e esquerda.

C: Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas

posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.

M: Participa nos xogos que se lles propón.

C: Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.

M: Participa nas actividades que se lles propón.

OBX 2

C: Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna, con actitude de respecto e amosando autoconfianza e iniciativa.

M: Amosa autonomía no coidado do propio corpo, así coma do seu contexto máis próximo.

C: Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.

M: Respecta as normas, recoñecéndooas como necesarias para evitar situacións de perigo.

C: Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

M1: É autónomo no desenvolvemento do quefacer diario.

M2: Respecta ás normas da aula.

C: Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, e evitando todo tipo de discriminación.

M: Valora a participación en xogos de gran grupo coma fonte de ocio e disfrute.

C: Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva, propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio de outras persoas.

M: É quen de resolver conflitos, chegando a acordos cos demais a partir das ferramentas proporcionadas.

C: Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.

M: Tolerancia a frustración e é capaz de respectar as opinións de outras persoas.

C: Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.

M: Pide e ofrece axuda aos seus compañeiros e compañeiras.

OBX 3

C: Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

M: Diferenza os hábitos saudables e non saudables, identifica os alimentos saudables e non saudables e preocúpase pola hixiene corporal.

C: Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.

M: Recoñece situacións nas que existe perigo.

C: Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

M: Demostra autonomía nas actividades da vida cotiá.

C: Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.

M: Coñece e cumpre as normas sociais que regulan a convivencia.

OBX 4

C: Participar dende unha actitude de respecto en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna, amosando interese por coñecelas. Achégase á riqueza cultural que o rodea dende a curiosidade e o respecto.

M: Amosa intereses por participar en actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter¿)

C: Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.

M1: Segue e imita as ordens en L2; ademáis de producilas oralmente. Teoría TPR mostrando respecto e empatía e aceptando as diferenzas individuais.

M2: Xoga con todos os compañeiros e compañeiras aceptando formar parte do grupo que lle corresponde

M3: Participa e goza cando se fan actividades musicais en grupo respectando aos seus compañeiros/as.

ÁREA: DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

OBX 1

C: Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.

M: Recoñece atributos dos obxectos e establece relacións básicas entre eles: cuantificación, asociación, ordenación, correspondencia, clasificación e comparación.

C: Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.

M: Utiliza axeitadamente os cuantificadores básicos en distintos contextos.

C: Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.

M: Recoñece, asocia e conta ata o número nove nas actividades cotiás.

C: Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.

M: Identifica algúns dos principais elementos xeométricos da súa contorna, planos e con volume.

C: Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos sobre as nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.

M1: É capaz de situarse axeitadamente no espazo empregando diferentes nocións espaciais, en relación co propio corpo e cos obxectos

M2: Sitúa adiante e atrás, dentro e fóra, distintos obxectos tendo como referencia o seu propio corpo e obxectos externos.

M3: Explora as posibilidades de movemento e expresivas do corpo.

C: Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.

M1: Identifica a súa situación, respecto dos obxectos e dos demais, utilizando nocións espaciais básicas.

M2: Identifica a súa posición: dentro ou fóra, diante e atrás e á dereita ou esquerda, verbalmente

C: Identificar as situacións cotiás en que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.

M: Recoñece algunhas das situacións nas que cómpreme medir e faízo axudándose do seu corpo ou doutros materiais.

C: Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.

M: Emprega axeitadamente as nocións temporais básicas na vida cotiá.

OBX 2

C: Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.

M: Resolve situacións problemáticas que se lle presentan, colaborando cos iguais.

C: Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas

M: É capaz de xestionar as emocións ante un problema ou dificultade.

C: Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.

M: Propón/Formula algunhas hipóteses e trata de comprobalas de forma manipulativa.

C: Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.

M: É autónomo na toma de decisións e aporta solucións aos retos que se lle presenten.

C: Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.

M: Emprega as TICs na resolución de tarefas.

C: Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.

M: Mostra interese por participar en experiencias cooperativas, valorando as diversas opinións.

C: Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.

M: Participa nalguna actividade baseada na metodoloxía STEAM.

OBX 3

C: Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.

M: Respecta, coida e protexe o medio natural, recoñecendo algunhas das accións humanas que resultan prexudiciais para o medio.

C: Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.

M: Identifica as relacións entre o medio natural e social mediante a observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos do medio físico.

C: Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.

M: Recoñece os elementos naturais necesarios para a vida: auga, terra, aire e fai un uso responsable deles.

C: Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.

M: Identifica algúns elementos do patrimonio natural da contorna próxima.

C: Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.

M: Recoñece as características e diferenzas dos seres vivos e inertes

C: Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.

M: É capaz de coidar, respectar e valorar aos seres vivos.

OBX 4

C: Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.

M: Recoñece e valora diferentes contextos: familia e escola.

C: Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.

M: É capaz de valorar axeitadamente a importancia das relacións sociais.

C: Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.

M: Identifica diferentes tipos de familia, respectando as diferenzas e a variedade.

C: Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.

M: Recoñece e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da contorna.

C: Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.

M1: Participa en festas, costumes e tradicións da contorna próxima, valorándoas como tal.

M2: Aмосa intereses por participar en actividades relacionadas con costumes e tradicións da cultura inglesa (Halloween, easter).

C: Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.

M: Recoñece algúns dos elementos do patrimonio cultural galego así como algúns dos seus persoeiros máis significativos.

RELIXIÓN CATÓLICA

4º EDUCACIÓN INFANTIL

Comunicación e representación da realidade

OBX 5

Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.

Aмосa interese pola escoita de contos curtos.

Crecedemento en harmonía

OBX 3

Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas
Respecta as normas da aula

OBX 4

Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.
Participa en xogos ou actividades con algúns dos seus compañeiros/as

Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.

Amosa interese por algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións católicas (Nadal, Semana Santa...)

Descubrimento e exploración da contorna

OBX 4

Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.
Identifica a familia como espazo de agarimo.

Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.

Amosa interese por algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións católicas (Nadal, Semana Santa...)

5º EDUCACIÓN INFANTIL

Comunicación e representación da realidade

OBX 5

Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
Amosa interese pola escoita de contos

Creceamento en harmonía

OBX 3

Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
Respecta as normas da aula

OBX 4

Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.
Participa en xogos ou actividades e amosase colaborador/a coas compañeiras e compañeiros sen discriminación.

Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.

Amosa interese por algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións católicas (Nadal, Semana Santa...)

Descubrimento e exploración da contorna

OBX 3

Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.

Interésase polo coidado dos seres vivos.

OBX 4

Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.

Identifica a familia e describe os membros que a compoñen.

Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.

Amosa interese por algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións católicas (Nadal, Semana Santa...)

6º EDUCACIÓN INFANTIL

Comunicación e representación da realidade

OBX 5

Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.

Amosa interese pola escoita de contos, relatos ou calquer texto literario

Creceamento en harmonía

OBX 3

Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

Respecta as normas da aula

OBX 4

Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.

Participa en xogos ou actividades e amosase colaborador/a coas compañeiras e compañeiros sen discriminación.

Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.

Amosa interese por algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións católicas (Nadal, Semana Santa...)

Descubrimento e exploración da contorna

OBX 3

Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos

Interésase polo coidado dos seres vivos

OBX 4

Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.

Identifica a familia como as persoas que comparten as súas vidas e se queren.

Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.

Amosa interese por algunhas actividades relacionadas con costumes e tradicións católicas (Nadal, Semana Santa...)

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O novo currículo, en liña coa LOMLOE, define as competencias como "desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais".

Asemade, o marco legal establece no apartado das competencias clave que estas quedan reflectidas nos elementos curriculares e nos principios pedagóxicos. Estes principios son: o fomento do desenvolvemento integral das nenas e nenos, basear a práctica educativa na experimentación e no xogo así como na participación de experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas. Ademais, propónse que o alumnado teña acceso ao material manipulativo.

Para contribuír, pois, á adquisición das competencias a metodoloxía que se empregará nas aulas recolle os principios anteriormente sinaladas e a forma principal de actividade, sen prexuízo do emprego de outros, será o traballo por proxectos que permitirá abordar de forma global contidos e promover o desenvolvemento das diferentes competencias dunha forma integrada.

Dunha forma máis concreta, contribuiremos á adquisición de cada unha das competencias a través de:

CCL:

Fomentando os intercambios comunicativos, coidando e traballando a linguaxe oral, empregando rimas, ladaíñas, adiviñas e contos.

CP:

Organizando actividades que acheguen ao alumnado ás tradicións (vendima, Samaín, os maios, etc.) da nosa zona e doutros países, xogando coa auxiliar de conversa, valorando as achegas dos compañeiros e compañeiras independentemente da súa fala.

STEM:

Presentando materiais manipulativos, permitindo a libre exploración dos mesmos, promovendo a experimentación, formulando hipóteses e comprobando as mesmas.

CD:

Empregando elementos dixitais na aula, facendo un uso cotiá dos medios dispoñibles, realizando actividades conxuntas de procura de información.

CPSAA:

Promovendo a adquisición de autonomía, hábitos de traballo, de aseo e sociais, traballando en equipo.

CC:

Dialogando para resolver problemas cotiáns, expresando as ideas e escoitando as dos compañeiros e compañeiras de forma respectuosa.

CE:

Promovendo hábitos de traballo, a orde nas súas ideas.

CCEC:

Incorporando á arte ás aulas, promovendo a participación en actividades culturais propias do contorno, coñecendo a personaxes relevantes da nosa cultura, achegándose a outras culturas.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os elementos transversais son aqueles contidos que pretenden contribuír a:

O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional

O movemento e hábitos de control corporal

As manifestacións da comunicación e da linguaxe

As pautas elementais de convivencia e relación social

O descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio

A linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas

A educación en valores

A educación para o consumo responsable e sustentable

A promoción e educación para a saúde fomentando hábitos saudables

A adquisición da autonomía persoal

A elaboración dunha imaxe de si mesmo positiva, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios e

O descubrimento da diversidade familiar.

Co propósito de abordar todos e cada un dos mesmos:

Intégranse nas programacións de cada unha das áreas

Relaciónanse coas conmemoracións e son así obxecto de actividades organizadas polos equipos e para desenvolver en cada unha das aulas

Promóvense actividades como a participación do alumnado en carreiras solidarias

Establécense unhas recomendacións saudables para o almorzo.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

De acordo co currículo, no segundo ciclo de educación infantil, a actividade educativa coidará os seguintes aspectos:

O ambiente de aprendizaxe: crearase un ambiente seguro, esteticamente agradable, que favoreza a autonomía do alumnado e a autoestima do alumnado ao verse libre de probar e errar; procurarase o establecemento dun vínculo de apego coa mestra ou mestre que favoreza a seguridade e a estabilidade emocional como base para a experimentación e no que o xogo sexa o motor das aprendizaxes.

O xogo. A través deste promoverase que observen, manipulen e exploren as propias posibilidades e limitacións contribuindo á interiorización do esquema corporal; que acepten construtivamente os logros e os erros, que valoren o esforzo, a constancia e a iniciativa, para desenvolver a empatía e a resiliencia; que recreen situacións da vida cotiá para fomentar actitudes de axuda, colaboración e interacción positiva.

Aprendizaxe activo e construtivo: o alumnado terá que *¿facer¿*. O seu papel será principal. Nun ambiente estruturado, motivador e seguro, a súa actividade será motor das súas aprendizaxes.

Aprendizaxe significativo: coñecer as ideas previas, o punto de partida e o respecto aos ritmos e características individuais. Só así se poderá garantir a significatividade das aprendizaxes, que sexan funcionais e que se axusten ao momento evolutivo do alumnado.

A apertura ao contorno. Referida á coordinación e colaboración con outros membros da comunidade educativa e coas familias, para garantir o intercambio de información e a súa participación na vida da escola.

A interacción con outros (socialización). O contacto cos iguais, cos adultos e cos diferentes grupos sociais promoverán a adquisición de actitudes de respecto, colaboración, aprecio e o desenvolvemento dunha perspectiva aberta, crítica e ilustradora.

A motivación. A creación dun ambiente cálido, centrado nos intereses do alumnado, nos seus gustos e posibilidades favorecerá que a actitude ante a actividade sexa positiva así como que os erros se entendan como un paso máis no proceso de aprender.

O enfoque globalizador. Propóranse actividades que engloben diferentes tipos de contidos e as diferentes áreas do currículo, motivando ao alumnado para que se implique activamente na situación de ensino e aprendizaxe, achegándose á realidade que quere coñecer, creando coñecementos funcionais e extrapolables a outras situacións.

A importancia de aprender a aprender: favorecendo a curiosidade; a realización de actividades manipulativas e sensoriais; resolvendo retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma e imaxinativa; respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe; promovendo o traballo en equipo; establecendo rutinas de traballo; traballando por proxectos e secuencias de aprendizaxe estaremos contribuindo a que podan continuar as súas aprendizaxes de maneira autónoma.

O papel dos elementos: cada alumno é un ser único e diferente, ten características propias que o dotan de individualidade, contribuindo a que se sinta valorado e aceptado. O mestre debe converterse en motivador da actividade para que o alumnado adquira aprendizaxes e poida continuarlas autonomamente.

O valorar das linguaxes tratando de desenvolver ao máximo todas as posibilidades comunicativas do alumnado (escrita, TICs, linguaxes musicais e visuais, linguas estranxeiras, ...).

A importancia de eliminar contidos sexistas e estereotipos co fin de promover o principio de igualdade.

Falar de metodoloxía supón referirse tamén a organización de espazos e de tempos. Con respecto aos mesmos:

Organización temporal:

A base para a organización dos tempos é que todos os momentos da xornada teñen carácter educativo. O horario caracterízase pola flexibilidade e a globalización incluíndo propostas que alternen diferentes tipos e ritmos, períodos de xogo e descanso, rutinas e actividades específicas.

A xornada nas diferentes aulas do centro organízase en torno a unha sucesión de momentos que, coa variabilidade propia dos diferentes grupos inclúe os seguintes:

Recibimento: Momento de entrada na aula. Colgan a mochila e sacan os zapatos para poñer as nosas zocas de clase deixando os zapatos colocados no andel correspondente. Saudámonos e dispóñense para o seguinte momento.

Primeira parte da mañá:

- Asemblea e traballo sobre o calendario. Conxunto de rutinas destinadas a adquisición de habilidades sociais básicas e lóxico-matemáticas; a introdución á lectura e a escritura de forma contextualizada e real. Así como actividades repetitivas relacionadas co rexistro de datos sobre o tempo que permiten realizar unha avaliación continua do alumnado.

- Tempo de traballo individual. Poden ser de distintos tipos e dependerá o proxecto que se estea realizando. Poden ser: de observación, de creación, de comprensión ou produción, etc. relacionados coas diferentes áreas.

- Tempo de xogo por recunchos.

Aseo, merenda e recreo:

- Tempo no que traballar os hábitos hixiénicos, os bos costumes na mesa, o gusto pola limpeza e a orde nas súas pertenzas, etc.

- Tempo de xogo libre nun espazo diferente da aula, con elementos de carácter natural así como participar de xogos populares ou tradicionais que reforzan a adquisición de habilidades sociais, o respecto polas quendas, etc.

Segunda parte da mañá:

- Tempo de relaxación e/ou conto. Minutos para a volta a calma despois do tempo de recreo, as veces recreando contos motores, practicando ioga ou simplemente disfrutando da lectura dun conto.

- Tempo de xogos manipulativos ou talleres (robótica, psicomotricidade, música e danza, ...) así como tempo de emprego das TICs.

Despedida:

- Despedida. Tempo de reflexión sobre o realizado ao longo do día, de valoración das actitudes e comportamentos, de proposta de cambios no desenvolvemento da xornada, etc. Así como de preparación para a saída coidando a orde e o trato das súas pertenzas.

Organización espacial:

Os espazos permitirán o movemento libre do alumnado grazas unha disposición dos materiais axeitada as súas posibilidades de acción e altura.

A organización do espazo de aula é unha elección da titora ou titor pero con carácter xeral todas as aulas contan con: un espazo para actividades grupais, un espazo para actividades de pequeno grupo ou individuais e diferentes recunchos ou zonas de actividade.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos, como instrumentos de primeira orde no desenvolvemento da tarefa educativa deberán reunir unha serie de condicións:

Ser seguros, non presentar riscos de toxicidade, falta de hixiene ou arestas cortantes

Ser duradeiros

Estar adaptados as posibilidades motrices do alumnado e a súa estatura

Permitir o manexo autónomo e que se adapte á diferentes requerimentos.

Respectar a igualdade, contidos non sexistas e libres de estereotipos.

Contribuír a desenvolver actitudes sociais, respectar as quendas, fomentar a cooperación, axudando a desenvolver a tolerancia ante a frustración.

Espertar a curiosidade do alumnado e incidir sobre os seus diferentes sentidos.

Permitir unha manipulación libre, experimentar diferentes sensacións, crear dunha forma libre.

Recrear situacións da vida cotiá e que contribúan á súa participación nas mesmas, fomentando actitudes de axuda e colaboración e evitando estereotipos e actitudes sexistas.

Permitir ao alumnado poñer en funcionamento, medir ou, simplemente, experimentar as súas posibilidades de movemento.

Motivar e diversificar a actividade de aula.

Estes materiais e recursos comprenden: material funxible e non funxible, material de escoura, libros e outros materiais impresos, xogos educativos, material sensorial, material natural, material de xogo simbólico, material de psicomotricidade e material tecnolóxico.

Para o presente curso escolar, a totalidade do claustro decidiu prescindir de libros de texto e será o responsable de elaborar o material didáctico que considere oportuno para traballar os contidos que se recollen e que permiten adquirir os obxectivos sinalados para cada unidade didáctica.

As limitacións ao gasto que cada aula pode solicitar que as familias aporten voluntariamente son as establecidas na PXA de cada curso escolar.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O centro oferta a etapa educativa de educación infantil.

Tendo en conta a distribución das etapas educativas no Concello de Salceda de Caselas, non se contempla a posibilidade de ofertar ningún outro tipo de etapa educativa.

Na etapa educativa ofertada non existen itinerarios.

A materia de relixión é decisión da familia que o alumno/a a curse. Esta decisión pode ser modificada ao comezo de cada curso escolar entre o primeiro día hábil e o primeiro día lectivo segundo o calendario que estableza a consellería de educación. A decisión que a familia adopte non poderá ser modificada durante o resto do curso escolar.

Para o alumnado que inicie a etapa esta decisión se realizará no momento de formalización da matrícula non podendo cambiala ata o inicio do curso escolar no que o/a alumno/a curso 4º.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Considerando as especiais características do noso centro, para a planificación das actividades complementarias terase en conta un principio básico que é a igualdade no acceso ás mesmas por parte de todo o alumnado de centro.

Deste xeito:

As actividades garantirán a posibilidade de participación de todas as aulas ben desprazando as mesmas ás diferentes localizacións ou artellando xornadas de convivencia entre aulas ou co edificio da sede.

Procurase que os custos das mesmas poidan ser asumidos pola totalidade das familias a través da colaboración do Concello, da ANPA ou doutros colectivos.

Se implican o desprazamento de aulas, tratarase de evitar que os cambios afecten aos horarios de especialidades ou das sesións de apoio das especialistas de PT e/ou AL.

A participación neste tipo de actividades é voluntaria e non poden ser obxecto de avaliación.

O alumnado que non conte coa autorización para participar nelas poderá acudir á Sede do CRA que , con carácter

xeral, será o lugar que se habilite para aquel alumnado que non acude á citada saída.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

En base á etapa que oferta o centro, non procede a determinación destes criterios.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

En base á etapa que oferta o centro, non procede a determinación destes criterios.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios de avaliacións son os referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou as actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.

a. Avaliación inicial

O alumnado de nova incorporación (4º de EI ou trasladado de centro) será obxecto dunha avaliación inicial que seguirá os parámetros recollidos en XADE a tal efecto. Así, por medio da entrevista coa súa familia e da información recollida a través da observación da nena ou neno durante o período de adaptación.

A entrevista coas familias outorgará información relativa a:

- Datos sanitarios (enfermidades, alerxias, hospitalizacións, medicación, alteracións físicas e sensoriais, control de esfínteres/aseo, autonomía, comida e vestido).

- Datos motores (idade na que comezou a camiñar, dominancia lateral e axilidade de movemento).

- Datos lingüísticos (idade na que comezou a falar, lingua na que se expresa, lingua que emprega o seu contorno, capacidade de comprensión/expresión, dificultades na fala).

O profesorado emprega un modelo de entrevista común que recolle a maioría destes datos.

A observación na aula recollerá información referida á:

- Descrición do período de adaptación (duración, actitude da nena ou neno, facilidade ou dificultade para adaptarse ao grupo ou aula, etc.).

- Relacións que establece (tipo de relacións que establece con compañeiras e compañeiros así como co profesorado; tipo de xogo que amosa; etc.)

- Linguaxe (nivel de participación, interese por compartir, etc.)

- Hábitos e autonomía (nas situacións cotiás de aseo, alimentación, hábitos sociais, etc.)

Tendo en conta os diferentes ámbitos, o profesorado elixirá libremente a forma de recoller esta información que poderá ser por medio de listas de cotexo, anecdotarios ou diarios de aula.

b. Avaliación continua

A avaliación do proceso de aprendizaxe é responsabilidade da titora ou titor que recollendo a información que os outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou de cada alumno ou alumna en particular deixará constancia das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada nena e de cada neno. Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación co propósito de facer este intercambio de información. A coordinación das mesmas corresponderá ao xefe do Departamento de Orientación. A súa duración estimada establécese en 20 minutos e o acordado será recollido nun acta de avaliación que comprenderá os seguintes aspectos: relación nominal do alumnado e valoración global das áreas. Estas actas serán levantadas pola titora ou titor do grupo facendo constar os asistentes á sesión e levarán o visto e prace do director do centro. Esta avaliación é de carácter cualitativo e recolle os progresos efectuados así como as medidas de reforzo e adaptación que se levan a cabo.

Os referentes para esta avaliación continua serán os criterios de avaliación.

Os mecanismos para esta recollida de información serán:

- A análise das producións das nenas e dos nenos. Por medio do rexistro da súa participación en actividades de evocación, de ordenación, de recoñecemento, de execución e da valoración de desempeño de tarefas observando as producións que se recollen no seu álbum individual.

- A observación directa e sistemática empregando: listas de cotexo, diario de evidencias, rúbricas, etc. Será obxecto de avaliación: a relación entre os nenos e nenas (a través de mapas relacionais en base ás interaccións e ás preferencias de amizade); a relación entre mestra/e e nenas e nenos (tipo de vínculo que se establece, intercambios entre ambos, tipo de relación; á adaptación ás normas de convivencia e aos ritmos de aula ou o seu nivel de interese, participación e colaboración nas actividades propostas.

As entrevistas coas familias ou titores legais. Será obxecto de avaliación: a frecuencia e tipo de relación (familia-escola), a resposta ás convocatorias de xuntanza e a petición de forma particular, o nivel de participación nas actividades escolares ou extraescolares ou as aportacións á escola e a colaboración.

Para as titorías se empregará unha folla de rexistro na que se farán constar os temas tratados, os acordos adoptados e que será asinada por titora/titor e familia. Nos restantes casos, o profesorado escollerá o modo que prefira para recoller estas informacións.

Esta información obtida por medio da avaliación será transmitida ás familias a través dos boletíns trimestrais emitidos por XADE a través da aplicación ABALAR e un pequeno comentario individual que constará no apartado 'observacións'. Asemade, para o alumnado que reciba apoio por parte das especialistas de PT e/ou AL, contará cun informe individualizado.

c. Avaliación final

Ao remate de cada curso e trala última sesión de avaliación, cada titora ou titor elaborará o informe anual de avaliación individualizada (no caso do 6º curso de EI este será o informe individualizado de final de ciclo) que recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, as dificultades atopadas no proceso de ensino e aprendizaxe así como as súas posibles causas, as medidas adoptadas (se foron precisas) e a súa valoración e outras observacións.

Con carácter xeral, o alumnado promocionará automaticamente, salvo que exista un informe do Departamento de Orientación que o desaconselle, un informe do Equipo de Orientación Específico que o permita e que a familia teña sido informada.

No seguinte enlace pódese acceder aos documentos que forman parte desta Concreción e se inclúen como anexos á mesma:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/craraingaronta/aulavirtual/course/view.php?id=109>

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

En base á etapa que oferta o centro, non procede a determinación destes criterios.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Decidiuse:

- O seguimento das programacións levarase a cabo na aplicación PROENS.

- As modificacións que se levasen a cabo serán a información de partida na elaboración das propostas de mellora na programación.

- O equipo directivo en coordinación coa coordinación de ciclo valorará aquelas melloras que se poidan considerar necesarias no proceso de avaliación das programacións e comunicará as melloras que se consideran necesarias ao conxunto do claustro.

No seguinte enlace pódese acceder aos documentos que forman parte desta Concreción e se inclúen como anexos á mesma:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/craraingaragonta/aulavirtual/course/view.php?id=109>

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Dende a inclusión do centro no PLAMBE, téñense producido diferenzas entre os diferentes equipos de mestres en relación á organización das actividades de centro ao redor dun Proxecto Documental Integrado. Para solventar as mesmas a maioría das mestras e mestres do centro decidiron tomar parte dunha acción formativa destinada a coñecer mellor como planificar e desenvolver un proxecto destas características.

Asemade, dende a coordinación de ciclo, se presentaron as diferentes modalidades de programas ofertados na convocatoria deste ano do Plan Proxecta e se convidou a profesorado a tomar parte en algún destes.

As propostas de participación en proxectos, plans ou programas, tanto os xestionados pola consellería coma de outros organismos, serán comunicadas á dirección do centro cunha antelación suficiente para a súa análise e posterior comunicación ao resto do claustro e/ou consello escolar. En ningún caso estas propostas poderán ser comunicadas con menos dun mes de anticipación, a menos que a propia convocatoria sinala un prazo de presentación máis curto.

A aprobación na participación nun proxecto, plan ou programa por parte do claustro, segundo as condicións establecidas na presente concreción curricular, implica a participación activa de todo o claustro en todas as actividades que implique o plan/proxecto con independencia do sentido do voto particular de cada mestre/a.

Criterio de aplicación: Será requisito o voto favorable de cando menos 1/3 do total do claustro sempre que non se estableza outro mínimo na normativa.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa sinala que a avaliación será:

- Global para comprobar que os obxectivos son axeitados ao contexto sociocultural e ás características do alumnado.
- Continua para recoller información sobre todo o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Formativa para regular e orientar o proceso educativo proporcionando a información coa que mellorar os procesos como os resultados da intervención.

Considerando o anterior, a presente concreción será obxecto dun proceso de revisión e avaliación que se realizará coa valoración das memorias das diferentes aulas, especialidades e dinamizacións; da elaboración dunha enquisa ao profesorado co propósito de coñecer a súa valoración respecto do funcionamento xeral do centro, das actividades propostas e recollendo propostas de mellora e a través da avaliación da aprendizaxe do alumnado.

No comezo de cada novo curso escolar, a presente concreción curricular poderá ser modificada en base aos acordos que estableza o claustro.

No seguinte enlace pódese acceder aos documentos que forman parte desta Concreción e se inclúen como anexos á mesma:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/craraingaragonta/aulavirtual/course/view.php?id=109>

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non procede incluír ningún outro apartado